ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Ricardo
Castro Camba

Tese de doutoramento

Mecanismos reguladores da competencia para a rexeneración de raíces adventicias en especies leñosas.

Santiago de Compostela, 2023

Programa de Doutoramento en Biodiversidade e Conservación do Medio Natural

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

MECANISMOS REGULADORES DA COMPETENCIA PARA A REXENERACIÓN DE RAÍCES ADVENTICIAS EN ESPECIES LEÑOSAS

Ricardo Castro Camba

Director: Conchi Sánchez Fernández, Jesús María Vielba Villegas

Titor: Andrés Baselga Fraga

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN BIODIVERSIDADE E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

O traballo de investigación realizado durante o presente doutoramento foi financiado polo Contrato Programa 2016-2018, Contrato Programa 2019-2020, Contrato Programa 2021 (AGI/CSIC I+D+I 2021, Ref- ACAM 20210200033), e os proxectos IN607A 2017/6, *Enraizamento adventicio en material adulto de fagáceas. Mecanismos epigenéticos* e *Conservación y mejora de sistemas agroforestales*.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Toda a xente que me coñece sabe dúas cousas de min: que son moi da Estrada e que me custa poñerme serio. É por iso que para min esta primeira sección da tese é a máis difícil de redactar. O ser humano é un ser social, polo que nin as persoas máis intelixentes - grupo ao que estou lonxe de pertencer - poden traballar e desenvolverse sen o apoio e a axuda do seu entorno. Como ser social, tamén é certo que non se poden individualiza-las aportacións de cada persoa concreta durante o desenvolvemento desta tese. Porén, si que hai persoas ás quen debo agradece-la súa influencia e o seu apoio durante estes anos, tanto a nivel de traballo como a nivel persoal.

Si que quero agradecer primeiramente a Conchi e a Jesús a dirección desta tese, que probabelmente non foi a labor máis sinxela, xa que me consta que hai doutorandos ben máis guiados ca min. A pesar de non ter un papel legal no desenvolvemento da tese, e polo tanto tampouco un recoñecemento oficial; si que cómpre que quede por escrito un recoñecemento a (non procuredes un patrón, a orde é puramente alfabética) Anxela, a Fátima, a Laura, a Mari Carmen, a Maria Jose, a Nieves, a Noelia, a Puri, a Saleta e a Sara. Grazas a todas por todo o que aprendín, aprendo e seguirei aprendendo, grazas pola paciencia e tamén de nada polo que eu vos puidese aportar, que en cinco anos espero que fose algo.

Tal e como aparece nalgún dos papeis que tiven que presentar ante a USC "A tese abarca os resultados do meu traballo". É dicir, que a fixen eu. Pero "eu" son quen son en boa parte grazas á miña familia. Por iso esta tese é tan miña como da miña nai Sabela, do meu pai Luís, de Dolo e Susana, do meu irmao Guille, de Mei e Alfonso, do meu avó Tito - "o meu amigho" - e dos meus avós Preciosa e Santiago. Todos eles fixéronme quen son; os meus logros son grazas a eles pero os meus fallos a saber de quen serán culpa.

Non toda a familia deriva da consanguinidade. É por iso que tamén se deben incluír no apartado anterior os meus amigos. Martín, Fernández, David e Sandra. A eles hai que lles recoñece-lo mérito especial de aturarme a pesar de non estaren socialmente obrigados polo parentesco.

Moitas amizades non se forman na infancia, pero si que poden ser igual de importantes. Por iso teño que agradecer por todo, que non é pouco, a Sheila e Elsa. Elas son amigas, compañeiras de carreira, asesoras e co-directoras extraoficiais desta tese. Iso de momento, a saber que serán no futuro.

Agradecer especificamente a Sheila, crede ben que este agradecemento por duplicado non só non é un erro senón que é ben merecido.

Se de alguén me esquecín nestes agradecementos, por favor, que disimule. Foron os nervios.

Quero finalizar estes agradecementos pedindo desculpas ao tribunal pola extensión desta sección, poida que fose excesivamente longa. Tamén quero pedir desculpas ás persoas que saen nomeadas neste apartado pola extensión desta sección, xa que estou certo de que é demasiado curta para agradecervos todo da forma que merecedes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Estrada - 2023

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



"Val máis unha Terra con árbores nos montes
que un Estado con ouro nos Bancos"

Castelao

"A visión dialéctica insiste na idea de que a persistencia e o equilibrio non son os estados naturais das cousas pero que requiren explicación, que debe buscarse na acción das forzas opostas"

Richard Levins e Richard Lewontin

"O que nos diga que temos
que ter pacencia e calar;
ou é que xa manda en nós
ou é que pensa en mandar"

Manuel María

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Contido

Abreviaturas e acrónimos 13
RESUMO 17
ABSTRACT 21
1. INTRODUCIÓN 25
1.1 AS FRAGAS 25
1.2 O CASTIÑEIRO 26
1.3 PROPAGACIÓN VEXETATIVA 28
1.4 MICROPROPAGACIÓN MEDIANTE PROLIFERACIÓN DE XEMAS AXILARES 30
1.4.1 Condicións da micropropagación 31
1.4.2 Fases da micropropagación por xemas axilares 32
1.4.3 Vantaxes da micropropagación 36
1.4.4 Limitacións da micropropagación 38
1.5 CAMBIO DE FASE 39
1.5.1 Regulación do cambio de fase 41
1.5.2 Reversión do cambio de fase 43
1.6 ENRAIZAMENTO ADVENTICIO 44
1.6.1 Fases do enraizamento adventicio 44
1.6.2 Factores ambientais implicados na formación de raíces adventicias 46
1.7 ANÁLISES MOLECULARES 51
2. OBXECTIVOS 55
3. ASPECTOS METODOLÓXICOS 59
3.1 MATERIAL VEXETAL 59
3.1.1 Castiñeiro 59
3.1.2 Bidueiro 59
3.1.3 Carballo 59
3.2 PROLIFERACIÓN DOS CULTIVOS 59
3.2.1 Metodoloxía 59
3.2.2 Medios de cultivo 60
3.2.3 Medios alternativos 60
3.3 ENRAIZAMENTOS 61
3.3.1 Medios alternativos de enraizamento 62
3.3.2 Efecto da concentración de auxina 62
3.3.3 Efecto do NPA 62
3.3.4 Xiberelinas 62

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.5 Etileno ... 63
3.3.6 Outros compostos ... 64
3.3.7 Toma de datos e análise estatística dos enraizamentos ... 64
3.4 ANÁLISES MOLECULARES ... 65
3.4.1 Recollida de material e extracción de ARN ... 65
3.4.2 Transcritómica ... 67
3.4.3 qPCR ... 70
4. RESULTADOS ... 75
4.1 EXPERIMENTOS DE PROLIFERACIÓN DE REBENTOS EN MEDIOS ALTERNATIVOS ... 79
4.1.1 Custo ... 79
4.1.2 Efecto da fonte de carbono e do axente xelificante na proliferación de rebentos ... 79
4.2 EXPERIMENTOS DE ENRAIZAMENTO ... 81
4.2.1 Efecto da fonte de carbono e do axente xelificante no enraizamento ... 81
4.2.2 Efecto da concentración do AIB na calidade do enraizamento ... 83
4.2.3 Efecto da inhibición do transporte polar de auxinas ... 85
4.2.4 Efecto das xiberelinas no enraizamento adventicio ... 86
4.2.5 Efecto do etileno no enraizamento ... 88
4.2.6 Efecto do peróxido de hidróxeno no enraizamento adventicio ... 90
4.2.7 Efecto dun derivados da urea durante o enraizamento ... 91
4.2.8 Efecto da diminución do calcio no enraizamento adventicio ... 92
4.2.9 Efecto dun bio-estimulador natural no enraizamento ... 92
4.3 ANÁLISES TRANSCRITÓMICOS ... 95
4.3.1 Resposta aos tratamentos de corte ... 96
4.3.2 Resposta aos tratamentos indutores do enraizamento ... 100
4.3.3 Mudanzas na expresión asociadas á sinalización hormonal ... 103
4.4 Análise da expresión xénica de xenes identificados na transcritómica por medio da técnica de qPCR ... 111
4.4.1 Tratamentos con xiberelinas en P2Rb ... 111
4.4.2 Tratamentos con etileno en P2C ... 113
5. DISCUSIÓN ... 119
5.1 Substitución do agar e sacarosa de laboratorio por alternativas comerciais ... 119
5.2 Efecto da modificación da concentración de AIB exóxeno durante o enraizamento ... 121
5.3 O transporte polar de auxinas é necesario para un correcto enraizamento ... 122
5.4 Efecto diferencial das xiberelinas exóxenas sobre o enraizamento adventicio ... 123
5.5 Efecto diferencial do etileno na calidade do sistema radicular tralo cambio de fase ... 124

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.6 Relación do estrés oxidativo e a capacidade de enraizamento adventicio 126
5.7 Efecto das difenil-ureas sobre calidade dos rebentos durante o enraizamento.....127
5.8 O calcio é necesario para o enraizamento adventicio do castiñeiro 127
5.9 Efecto dun bio-estimulante do enraizamento 128
5.10 Implicacións xerais do enraizamento adventicio do castiñeiro 128
5.11 Análise transcritómica da resposta dos rebentos ao corte 129
5.12 Xenes expresados de xeito diferencial tralo tratamento do castiñeiro xuvenil con xiberelinas 131
5.13 Análise dos xenes expresados de xeito diferencial ante a inhibición do etileno en castiñeiro adulto 134
5.14 Efecto das xiberelinas no enraizamento e na expresión xénica en P2Rb 135
5.15 Efecto do etileno no enraizamento e na modulación xénica en P2C.....137
6. CONCLUSIÓNS.....141
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.....145
MATERIAL SUPLEMENTARIO.....193
LISTAXE DE FIGURAS.....195
LISTAXE DE TÁBOAS.....199
RELACIÓN DE PUBLICACIÓNS 201

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ABREVIATURAS E ACRÓNIMOS

A

ABA: Ácido abscísico
ANOVA: Analysis of Variance; *análise da varianza*
ABCB/MDR/PGP: ATP-BINDING CASSETTE TYPE B/P-GLYCOPROTEIN/ MULTIDRUG RESISTANT
ACC: Ácido 1-Aminociclopropano-1-carboxílico
$AgNO_3$: Nitrato de prata
AIA: Ácido indol-3-acético
AIB: Ácido indol-3-butírico
AUX1: AUXIN-RESISTANT 1

B

BA: 6-benciladenina
BZR1: BRASSINAZOLE-RESISTANT 1

C

$CaCl_2$.: Cloruro de calcio
CRISPR/Cas9: Clustered Regularly Interspaced Short Palindromic Repeats/CRISPR-associated protein 9
CRF9: Cytokinin Response Factor 9
Cs22D: *Castanea sativa Auxin-induced protein 22D-like*
CsACO1-like: *Castanea sativa ACC Oxidase 1-like*
CsACS1-like: *Castanea sativa ACC Synthase 1-like*
CsACT2: *Castanea sativa Actina 2*
CsEIN2: *Castanea sativa Ethylene Insensitive 2*
CsELF-1: *Castanea sativa Elongation factor alpha 1*; *Factor de elongación alfa 1*
CsERF3: *Castanea sativa Ethylene Responsive Factor 3*
CsGID1B: *Castanea sativa GA-INSENSITIVE DWARF1b*
CsGID2: *Castanea sativa F-box protein GID2*
CsHDA14: *Castanea sativa Histone Deacetylase 14*
CsIAA29: *Castanea sativa AUX/IAA29*
CsJMJ30: *Castanea sativa lysine-specific demethylase Jumonji 30*
CsLOB16: *Castanea sativa LATERAL ORGAN BOUNDARIES DOMAIN 16*
CsTUB: *Castanea sativa β-Tubulina*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

D

DEGs: Differential expressed genes; *xenes expresados de xeito diferencial*

E

EGTA: Ácido tetraacético N',N',N,N-etilenglicol-O,O'-bis(2-aminoetil eter)

G

GA_3: Gibberellic acid; *ácido xiberélico*
GABA: gamma-aminobutyric acid; *ácido gamma-aminobutírico*
GD: Gresshoff and Doy medium
GFF: General Feature Format
GID: Gibberellin Insensitive Dwarf
GO: Gene ontology

H

H_2O_2: Peróxido de hidróxeno

J

JAZ: JA ZIM domain

K

KEGG: Kyoto Encyclopedia of Genes and Genomes

L

LAX: Like-AUX

M

3,4-MDPU: N,N′-bis-(3,4-methilenedioxifenil)urea
miR156: miRNA156
miR172: miRNA172
miRNA: microRNA; *microARN*
MS: Murashige and Skoog

N

NPA: N-(1-naphthyl)thalamic acid; *Ácido naftil-talámico*

O

ONT: Oxford Nanopore Technology

P

PBZ: Paclobutrazol
phyB: Phytochrome B; *fitocromo B*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

R

ROS: Reactive Oxygen Species; *Especies Reactivas de Oxíxeno*
SnRKs: Suc nonfermenting-1-related protein kinases

S

SPL: Squamosa Protein Like
STS: Silver Thiosulfate Solution; *Tiosulfato de prata*

T

TOE1: TARGET OF EAT 1

W

WPM: Woody Plant Medium

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

As fragas son ecosistemas chave para o planeta e para o ser humano xa que favorecen o secuestro de carbono, a biodiversidade, melloran a saúde e son os alicerces de diversas industrias con grande importancia económica. Entre os ecosistemas da Galiza resalta unha tipoloxía de fraga denominada souto. Este é unha fraga poboada con castiñeiros e, alén do seu papel ecolóxico e económico, tamén xogan un destacado papel social e cultural. Por iso, é de especial interese a súa conservación, xa que están afectadas por diferentes problemas entre os que cómpre salienta-lo cambio climático, a fragmentación do hábitat, os incendios e o despoboamento rural, así como ameazas bióticas específicas como a doenza da tinta, o cancro ou a avespa do castiñeiro.

Unha posíbel estratexia para reverter o declive dos soutos é a súa valoración grazas ó uso de variedades altamente produtivas ou resistentes tanto a doenzas como a condicións de estrés ambiental. Para iso pódense empregar técnicas de propagación vexetativa, asexual, que aseguren o mantemento desas características durante a reprodución dos tecidos. Se ben existen técnicas tradicionais para consegui-la clonación do material vexetal – a estacaxe, a porbaixa e maila enxertía – o uso de técnicas biotecnolóxicas permite unha produción maior e máis rápida á vez que se controlan as condicións ambientais e nutricionais durante o crecemento dos tecidos. Deste xeito, o uso de técnicas de micropropagación permiten o cultivo de micro-rebentos, cun cultivo axénico, libre de patóxenos, en ambiente estéril e con condicións ambientais optimizadas. Este é o punto de partida do ciclo de propagación por xemas axilares; un ciclo que consta de cinco fases: a selección de material que se vai propagar, estabelecemento *in vitro* do material esterilizado, a proliferación dos rebentos para obte-lo número de explantes desexado, o enraizamento adventicio dos rebentos e a aclimatación que permita formar plantas funcionais capaces de sobreviviren *ex vitro*.

A micropropagación permite – ademais do seu uso científico para experimentación – a produción en masa de individuos xeneticamente idénticos e libres de patóxenos, a síntese de substancias en biorreactores ou a conservación de especies endémicas ou ameazadas, o que axuda a preserva-la biodiversidade e a abrir novas industrias potenciais. Porén, estas técnicas tamén teñen limitacións como poden se-lo custo, a escolla do xenotipo que se quere micropropagar, o ruído de desenvolvemento, a variación somaclonal ou a falta de predición do fenotipo unha vez se estabeleza *ex vitro*. Outra das limitacións é a recalcitrancia. Esta enténdese como a perda de capacidade das plantas para responderen ás técnicas de cultivo *in vitro* polo que, para poder levar a cabo con éxito o ciclo de micropropagación, é preciso comprende-las causas da recalcitrancia e elaborar estratexias específicas que permitan superar este estado. A recalcitrancia a procesos concretos, como por exemplo ao enraizamento, pode deberse ao propio

USC DE SANTIAGO

estado de desenvolvemento do material. Deste xeito, a maduración dos individuos reduce a súa capacidade para formar raíces. O proceso de transición do estado xuvenil ao adulto coñécese como cambio de fase e modifica diversos patróns de morfoxénese, crecemento, capacidade reprodutiva ou a resposta ao estrés. Polo tanto, a pesar de que as árbores que se queren micropropagar adoitan seleccionarse durante a etapa adulta procura estabelecerse material con características xuvenís para conseguir unha axeitada resposta aos procesos de propagación *in vitro*. Isto é posíbel porque o cambio de fase non afecta aos órganos pre-existentes, o que xera un cono de xuventude onde as zonas máis altas son máis adultas que as máis baixas xa que sufriron máis divisións celulares. Porén, non tódolos individuos presentan material con características xuvenís dispoñíbeis para o estabelecemento *in vitro*. A regulación do cambio de fase está mediada por diferentes determinantes xenéticos – como os miR156 e miR172 – e hormonais, polo que comprende-la súa acción e a súa relación co proceso de maduración é un paso chave para induci-lo rexuvenecemento do material e así axudar a supera-la recalcitrancia ao enraizamento adventicio. O enraizamento adventicio é un proceso complexo que permite producir raíces en tecidos nos que normalmente non se formarían. Na formación de raíces adventicias inflúen o xenotipo do material, os estados ontoxenético e fisiolóxico do material, a luz, o medio mineral e as hormonas, con grande influencia das auxinas, a principal hormona relacionada co desenvolvemento das raíces.

Debido ao elevado custo da micropropagación, o primeiro paso desta tese foi un abaratamento do protocolo de proliferación e enraizamento por medio da substitución da sacarosa de laboratorio por azucre comercial e do agar específico de laboratorio por agar comercial de produción local. Como o material micropropagado adoita ser moi sensíbel aos cambios na fonte de carbono e ao axente xelificante do medio de cultivo avaliáronse os cambios na calidade dos rebentos e das raíces formadas. A substitución da sacarosa e do agar por alternativas comerciais mantivo a calidade dos rebentos nos parámetros analizados; o que si produciu foi un descenso no custo do medio de cultivo de máis do 80%. Do mesmo xeito, unha redución na concentración de ácido indol-3-butírico (AIB) de até o 90% produciu resultados similares no sistema radicular mais si que produciu menores taxas de rebentos con calo e reduciu drasticamente a necrose apical. Na liña adulta de castiñeiro nin o aumento nin a diminución do AIB mellorou a calidade do rebento.

Tras isto, analizouse a capacidade rizoxénica en resposta a diferentes tratamentos. Primeiramente ratificouse a necesidade do transporte polar das auxinas para unha correcta formación de raíces adventicias grazas ao uso do Ácido naftil-talámico (NPA). Unha vez dilucidado o papel da concentración de auxinas exóxenas e do seu transporte no enraizamento fixéronse ensaios adicionais con dúas das principais hormonas vexetais: as xiberelinas e o etileno. Ámbalas dúas tiveron efectos no enraizamento adventicio só que, mentres que as xiberelinas inhibían a formación de raíces en explantes xuvenís de castiñeiro, mais non en rebentos adultos, o etileno presentaba o patrón oposto. As xiberelinas diminuíron a capacidade de enraizamento do castiñeiro xuvenil ao tempo que as raíces formadas foron máis longas e a inhibición das xiberelinas endóxenas por parte do paclobutrazol (PBZ) foi quen de induci-la formación de raíces incluso en ausencia dun tratamento con auxinas. A pesar diso o tratamento

con NPA demostrou que o transporte polar de auxinas era necesario para a indución do enraizamento por parte do PBZ. No caso do etileno, esta hormona reduciu a taxa de enraizamento e a calidade das raíces formadas en castiñeiro adulto. Así, ao inhibi-la acción do etileno por medio dun pre-tratamento con tiosulfato de prata ou con nitrato de prata mellorou as taxas de enraizamento, a súa lonxitude e maila formación de raíces laterais. Outros tratamentos non hormonais foron probados no castiñeiro. O H_2O_2 foi quen de induci-lo enraizamento adventicio do castiñeiro en ausencia de auxina exóxena á vez que impedía a formación do calo basal e diminuía a porcentaxe de rebentos necrosados. Porén, cando este tratamento se combinaba con AIB estes efectos diminuían. A 3,4-MDPU, un derivado da urea, demostrou a súa capacidade para mellora-la calidade dos rebentos durante o enraizamento adventicio. O uso do EGTA, un quelante do calcio demostrou que este mineral é preciso para a formación de raíces adventicias en castiñeiro. Por último, probouse o efecto no enraizamento do Charkor, un bio-estimulador de orixe natural, que deu en mellores taxas de enraizamento no castiñeiro adulto e a un meirande número de raíces, a pesar de teren unha menor lonxitude.

Tralos resultados obtidos dos experimentos fisiolóxicos realizáronse experimentos de transcritómica, escolléronse xenes potencialmente implicados no enraizamento adventicio e ratificáronse os seus niveis de expresión por medio da técnica da qPCR. Foron analizadas mostras de ARN do experimento onde a liña de castiñeiro xuvenil foi tratada con auxinas e moduladores das xiberelinas e tamén mostras do experimento onde a liña de castiñeiro adulto foi tratada con auxina e máis con moduladores do etileno. Deste xeito identificáronse xenes que interveñen potencialmente no enraizamento adventicio. As xiberelinas demostraron actuar a través dos xene de resposta a auxinas *Cs22D* e *CsLOB16*, dunha forma independente da degradación das proteínas DELLA, mentres que o PBZ, que foi quen de producir raíces alongadas a pesar de inhibi-las xiberelinas endóxenas, pode actuar indirectamente a través do óxido nítrico. Por outra banda, a inhibición do etileno parece mellora-la calidade das raíces formadas por medio dun aumento do transportador de auxinas *CsPIN1* e a través da represión do modulador epixenético *CsJMJ30*.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ABSTRACT

Forests are key ecosystems for the planet and for human beings, as they promote carbon sequestration, biodiversity, improve health, and serve as the foundation for various industries with significant economic importance. Among the ecosystems in Galicia, a particular type of woodland stands out, known as 'souto.' This woodland is populated with chestnut trees, and besides its ecological and economic role, it also plays a prominent social and cultural role. Therefore, its conservation is of special interest, as it is affected by different problems, among which climate change, habitat fragmentation, wildfires, rural depopulation, as well as specific biotic threats such as ink disease, chestnut blight, or chestnut wasp, should be highlighted.

A possible strategy to reverse the decline of chestnut groves is their assessment through the use of highly productive or disease- and environmentally stress-resistant varieties. For this purpose, vegetative, asexual propagation techniques can be employed to ensure the maintenance of these traits during tissue reproduction. While there are traditional techniques for plant material cloning, such as cuttings, layering, and grafting, the use of biotechnological techniques allows for greater and faster production, while controlling the environmental and nutritional conditions during tissue growth. In this way, the use of micropropagation techniques allows for the cultivation of micro-shoots in an axenic culture, free of pathogens, in a sterile environment with optimised environmental conditions. This is the starting point of the propagation cycle through axillary buds, a cycle consisting of five phases: the selection of material to be propagated, *in vitro* establishment of sterilised material, proliferation of shoots to obtain the desired number of explants, adventitious rooting of the shoots, and acclimation to develop functional plants capable of surviving *ex vitro*.

Micropropagation allows, in addition to its scientific use for experimentation, the mass production of genetically identical and pathogen-free individuals, the synthesis of substances in bioreactors, and the conservation of endemic or threatened species, which helps preserve biodiversity and opens up new potential industries. However, these techniques also have limitations, such as cost, the choice of the genotype to be micropropagated, developmental noise, somaclonal variation, or the lack of prediction of the phenotype once established *ex vitro*.

Another limitation is recalcitrance, which refers to the loss of the plant's ability to respond to *in vitro* cultivation techniques. To successfully carry out the micropropagation cycle, it is necessary to understand the causes of recalcitrance and develop specific strategies to overcome this state. Recalcitrance to specific processes, such as rooting, may be due to the developmental stage of the material. The maturation of individuals reduces their ability to develop roots. This transition process from a juvenile to an adult state is known as phase change and modifies

various patterns of morphogenesis, growth, reproductive capacity, or stress response. Therefore, despite the fact that trees to be usually micropropagated are selected during the adult stage, efforts are made to establish material with juvenile characteristics to achieve an appropriate response to *in vitro* propagation processes. This is possible because phase change does not affect pre-existing organs, generating a cone of juvenility where the upper parts are more adult than the lower ones as they have undergone more cell divisions. However, not all individuals have material with juvenil-like characteristics suitable for *in vitro* establishment

The regulation of phase change is mediated by different genetic determinants – such as miR156 and miR172 – and hormones, therefore understanding their action and their relationship with the maturation process is a key step in inducing the rejuvenation of the material and thus helping to overcome recalcitrance to adventitious rooting. Adventitious rooting is a complex process that allows the production of roots in tissues where they would not normally form. The genotype of the material, light, mineral medium, and hormones, with a great influence of auxins, the main hormone related to root development, play a role in the formation of adventitious roots.

Due to the high cost of micropropagation, the first step of this work was a cheapening of the proliferation and rooting protocols by replacing laboratory sucrose with commercial sugar and laboratory-specific agar with locally produced commercial agar. Since micropropagated material tends to be very sensitive to changes in the carbon source and gelling agent of the culture medium, the changes in the quality of the shoots and roots formed were evaluated. The substitution of sucrose and agar with commercial alternatives did not result in any decrease in the quality of the analysed parameters; instead, it led to a cost reduction of more than 80% in the culture medium. Similarly, a reduction in the concentration of IBA (Indole-3-butyric acid) of up to 90% not only did not worsen the root system but also led to lower rates of callused shoots and significantly reduced apical necrosis. In the adult chestnut clone, neither the increase nor the decrease in IBA improved the quality of the shoot.

After that, the rhizogenic capacity in response to different treatments was analysed. Firstly, the necessity of polar transport of auxins for the proper formation of adventitious roots was ratified using NPA. Once the role of exogenous auxin concentration and its transport in rooting was clarified, additional experiments were conducted with two of the main plant hormones: gibberellins and ethylene.

Both had effects on adventitious rooting, but while gibberellins inhibited root formation in young chestnut explants, they did not have the same effect on adult shoots. On the other hand, ethylene showed the opposite pattern. Gibberellins reduced the rooting capacity of young chestnut, but the formed roots were longer, and the inhibition of endogenous gibberellins by PBZ induced root formation even in the absence of auxin treatment. However, the NPA treatment demonstrated that polar auxin transport was still necessary for PBZ-induced rooting.

In the case of ethylene, this hormone reduced the rooting rate and the quality of the roots formed in adult chestnut. Inhibiting ethylene action through pretreatment with silver thiosulfate or

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

silver nitrate improved rooting rates, root length, and the formation of lateral roots. Other non-hormonal treatments were also tested in chestnut.

H_2O_2 induced adventitious rooting in chestnut while preventing callus formation and reducing the percentage of necrotic shoots. However, when combined with IBA, these effects diminished. 3,4-MDPU, an urea derivative, showed its ability to improve shoot quality during adventitious rooting. The use of EGTA, a calcium chelator, demonstrated the necessity of calcium for adventitious root formation in chestnut.

Finally, the effect of Charkor, a natural bio-stimulator, on rooting was tested. It resulted in better rooting rates and a greater number of roots in adult chestnut, despite the roots being shorter.

After obtaining the results from the physiological experiments, transcriptomic experiments were conducted, genes implicated in adventitious rooting were chosen and their expression levels were confirmed using qPCR. RNA samples from the experiment where the young chestnut line was treated with auxins and gibberellin modulators were sequenced, as were samples from the experiment where the adult chestnut line was treated with auxin and ethylene modulators. This allowed the identification of genes potentially involved in adventitious rooting.

Gibberellins were found to act through the auxin responsive genes *Cs22D* and *CsLOB16* independently of the degradation of DELLA proteins. On the other hand, PBZ, which induced elongated roots despite inhibiting endogenous gibberellins, may indirectly act through nitric oxide. Furthermore, the inhibition of ethylene seems to improve the quality of the formed roots by increasing the expression of the auxin transporter *CsPIN1* and repressing the epigenetic modulator *CsJMJ30*.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. INTRODUCIÓN

1.1 AS FRAGAS

As comunidades humanas estábeis están historicamente formadas nun territorio, cunha vida económica e hábitos psicolóxicos reflectidos nunha unidade de cultura e idioma. Todas estas características vense influenciadas polo medio xeográfico e natural no que se desenvolven estas comunidades. No caso galego, as fragas teñen un papel predominante e representan un 68,7% de toda a superficie galega (Xunta de Galicia, 2021), a segunda maior porcentaxe en Europa só por detrás de Finlandia (FOREST EUROPE, 2020). Esta vasta superficie forestal foi chave na distribución e asentamento da poboación, moldeou a nosa evolución económica e, con ela, o noso desenvolvemento cultural. A nivel económico Galiza representa o 56,4% das cortas de madeira de todo o Estado, dato que reflexa a súa vocación forestal (MITECO, 2022).

As fragas son ecosistemas con predominancia arbórea. Estas cobren arredor do 30% da superficie da Terra e son responsábeis das tres cuartas partes da produción primaria bruta terrestre (Pan *et al.*, 2013). A súa presenza ten implicacións ecolóxicas profundas, modifican o réxime de chuvias (Aragão, 2012), favorecen a biodiversidade (Huang *et al.*, 2018) e aumentan o secuestro de carbono (Birdsey e Pan, 2015). A conservación das fragas pode combinarse cos beneficios económicos co deseño dunha estratexia bio-económica que valorice o monte mediante o desenvolvemento de produtos forestais con alto valor engadido (Verkerk *et al.*, 2018). As fragas teñen tamén efectos positivos sobre a saúde humana a diferentes niveis (Marta-Pedroso *et al.*, 2014) e o seu mantemento é unha das principais maneiras de asegura-la mellora da calidade do aire (Nowak e Van den Bosch, 2019).

A pesar da importancia capital das fragas estes ecosistemas están expostos a múltiples perigos ao longo de todo o planeta tales como a mudanza climática, os incendios (Riveiro *et al.*, 2019), talas e abandono, a fragmentación dos hábitats para a expansión urbana e a creación de infraestruturas, o cambio de usos dos terreos forestais para favorecer usos agrícolas e para a extracción de recursos, as pragas (Scullion *et al.*, 2019), a introdución de especies invasoras (Essl *et al.*, 2011; Riveiro *et al.*, 2020) ou a expansión do monocultivo (Mo *et al.*, 2011).

Entre as diversas fragas que existen en Galiza hai unha que destaca por riba de todas debido ás súas implicacións ecolóxicas, económicas e culturais; os soutos. A simple existencia dunha palabra específica para designalos dá conta da importancia que teñen en Galiza, unha formación que está presente en máis do 60% das parroquias galegas. Un souto é un hábitat semi-natural dominado por castiñeiros para o aproveitamento de madeira ou froito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.2 O CASTIÑEIRO

O castiñeiro[1] (*Castanea sativa* Mill.) é unha especie arbórea amplamente distribuída ao longo da rexión mediterránea. A pesar das teorías amplamente reproducidas sobre a introdución do castiñeiro na Galiza por parte dos romanos durante a conquista de Gallaecia sábese da súa presenza dende o Último Máximo Glacial, tempo no que o sur da Europa actuou como refuxio para diversas especies de plantas e animais (Roces-Díaz *et al.*, 2018).

Os bosques de castiñeiros exercen un papel importante no mantemento da biodiversidade. Os soutos xestionados de xeito tradicional están relacionados cunha meirande riqueza específica vexetal (Guitián *et al.*, 2012) e os cultivos de castiñeiros están vencellados a un incremento no número de especies de paxaros (Morelli *et al.*, 2019). Amais os castiñeiros poden contribuír a mitiga-lo cambio climático debido á súa capacidade de secuestraren carbono (Castaño-Santamaría *et al.*, 2013), como se confirmou en América en plantacións de castiñeiro americano (*Castanea dentata*) (Jacobs *et al.*, 2009). Porén, esta capacidade depende do réxime de xestión das forestas (Prada *et al.*, 2016) e aumenta cando se combina a plantación cun manexo baseado en técnicas tradicionais (Seijo *et al.*, 2018).

Á parte do seu relevante papel ecolóxico é de grande importancia o papel cultural do castiñeiro (Martínez *et al.*, 2010) polo que é considerado, xunto co carballo, a grande árbore da cultura galega. Así se testemuña na súa ampla presenza a través da cultura popular na forma de cantigas (Schubarth e Santamarina, 1991), de festas coma o magosto (Quintáns Suárez, 1994) ou a través da toponimia, con 278 lugares oficiais chamados souto (Xunta de Galicia, 2023) e máis de 3.500 referencias aos soutos na microtoponimia (Xunta de Galicia e Real Academia Galega, 2023). A valoración do castiñeiro como especie sobranceira tamén se observa no feito de se-la segunda especie máis abondosa no catálogo de árbores senlleiras de Galiza (Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, 2021).

Mais o castiñeiro é unha das especies máis rendíbeis na bacía mediterránea (Martín *et al.*, 2012) cunha importancia económica crecente (Braga *et al.*, 2015), nomeadamente dende os anos 90. Para ilustrar isto, entre 1961 e 2021 a produción mundial anual de castañas acrecentou de 594.398 toneladas a 2.269.923 e acadou o seu segundo valor máximo nese ano. A área total cultivada medrou dende as 102.870 hectáreas até as 568.175. Asemade a produción bruta incrementouse dos 1.512 millóns de dólares no 1961 aos 7.325 millóns de dólares no 2021. Seguindo a mesma tendencia, na España, a produción anual de castaña medrou das 99.000 toneladas ás 188.690 no mesmo período. A área cultivada no estado creceu das 7.000 hectáreas en 1985 (primeiro ano con datos dispoñíbeis) ás 38.230 hectáreas no ano 2021 (FAO, 2023). É dicir, que mentres que as hectáreas plantadas aumentaron un 546%, a produción de castañas aumentou só un 89%. Disto dedúcese que as variedades plantadas resultan en rendementos decrecentes. Isto fai que sexa necesaria a introdución de variedades máis produtivas para aumenta-la taxa de beneficio da actividade agrícola e forestal.

[1] O nomes comúns empregados nesta tese foron d'achave (Chave, 2020) a excepción da especie modelo *Arabidopsis* que na que se mantivo o nome en latín; cando non se achou rexistro no dicionario estes foron tomados do portugués, en consonancia coas "Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego" (Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega, 2012).

O interese produtivo do castiñeiro non se detén na obtención de froitos para o consumo ou para a súa transformación en derivados. Unha das claves na importancia económica desta especie radica na súa explotación para a obtención de madeira empregada na construción (Vega *et al.*, 2019). De feito, en Europa, o principal destino das plantacións de castiñeiro é a produción de madeira (Carbone *et al.*, 2020), a cal non só é interesante para a construción polas súas propiedades físicas senón tamén polas químicas. Nos últimos tempos estanse a estuda-los metabolitos secundarios con efectos médicos (Ronsisvalle *et al.*, 2019; Cacciola *et al.*, 2020) que contribúen a maximiza-lo aproveitamento dos castiñeiros, abren a posibilidade de desenvolver novas industrias e incrementan o valor das actualmente existentes.

A pesar da súa importancia, os soutos non escapan dos problemas xerais que afectan ao resto de fragas. A súa ameaza principal é o contexto de cambio climático ao que nos enfrontamos (Freitas *et al.*, 2021). Esta mudanza global vai afectar ao castiñeiro, vai diminuí-la súa distribución potencial e vai elimina-la súa presenza en lugares como o sur da Península Ibérica (Anaya-Romero *et al.*, 2015). Unha das principais características do cambio climático é o aumento de eventos climáticos extremos como os períodos de seca e as inundacións. A pesar de que o castiñeiro amose unha capacidade aceptábel de adaptación ás condicións de seca (Lauteri *et al.*, 2004), hai estudos que suxiren que tanto esta como as elevadas temperaturas esperadas aumentan a mortalidade dos castiñeiros (Conedera *et al.*, 2010, 2021). Con todo, se o cambio climático aumenta os períodos de seca tamén se manifesta en forma de precipitacións torrenciais e inundacións, e o castiñeiro parece ter unha tolerancia menor á inundación que á seca (Camisón *et al.*, 2020). Sumada a estas problemáticas ecolóxicas os castiñeiros tamén teñen en contra a evolución demográfica e económica. Nun contexto de concentración da poboación nas áreas metropolitanas que arrodean as cidades, as parroquias rurais teñen cada vez menos veciños e estes traballan cada vez menos o monte. Este abandono das forestas e a súa falta de xestión é especialmente relevante para árbores que, coma o castiñeiro, son especialmente sensíbeis á ausencia de tratamentos silvícolas regulares (Conedera *et al.*, 2021).

Ademais o castiñeiro tamén se enfronta a ameazas biolóxicas e relativamente autónomas do cambio climático e do abandono rural. Entre estes destacan a tinta, o cancro, a avespa ou a mancha vermella do castiñeiro.

Phytophthora cinnamomi é o patóxeno causante da doenza da tinta do castiñeiro, a praga máis severa que padecen hoxe en día esta especie en Europa (Jung *et al.*, 2017). A pesar de non existir na actualidade mecanismos de prevención e erradicación axeitados para controla-la doenza da tinta, a existencia de exemplares resistentes (Santos *et al.*, 2015) permite iniciar estratexias de control mediante programas de cruzamento controlado ou o uso de patróns de enxerto.

O cancro do castiñeiro, causado polo fungo *Cryphonectria parasitica*, foi identificado en América e estímase a súa chegada a Europa a mediados do S.XX no norte de Italia (Perlerou e Diamandis, 2006). Esta peste estendeuse rapidamente por tódalas áreas de produción do castiñeiro, ocasionou profundas transformacións ecolóxicas (Holmes *et al.*, 2009) e provocou perdas económicas millonarias. Isto imposibilitou a produción rendíbel dos produtos derivados

do castiñeiro e aumentou o éxodo rural (Diamandis, 2018). Para loitar contra esta praga comezaron a empregarse cepas hipovirulentas, cepas que producen unha resposta inmune na árbore a pesar de presentaren sintomatoloxía leve e que son quen de transferir esa hipovirulencia a cepas máis agresivas. O uso destas cepas evitou a morte das árbores e favoreceu a recuperación das plantacións de castiñeiro na Europa (Bragança *et al.*, 2007; Diamandis, 2018).

A avespa do castiñeiro, *Dryocosmus kuriphilus*, é unha das maiores ameazas que ten hoxe en día o castiñeiro (Fernandes *et al.*, 2022) xa que aumenta de xeito significativo a mortalidade das árbores (Conedera *et al.*, 2021). Esta praga infecta xemas novas e pode levar a perdas na produción de castaña de até un 80% (Battisti *et al.*, 2014). Non obstante, unhas axeitadas prácticas silvícolas poden axudar a contrarresta-las perdas producidas por esta peste (Castedo-Dorado *et al.*, 2023b). Amais, recentemente foron abertas novas vías para o control deste insecto grazas á descrición de clons híbridos resistentes (Castedo-Dorado *et al.*, 2023a) e das bases bioquímicas da resistencia (Lombardero *et al.*, 2022). O desenvolvemento de estratexias para a loita contra a avespa do castiñeiro é chave xa que este insecto parece empeora-los efectos de *C. parasitica* e alarga-los danos provocados polo cancro incluso naqueles castiñeiros nos que a doenza estivese controlada pola aplicación de cepas hipovirulentas (Meyer *et al.*, 2015). Esta sinerxía entre pragas pode representar problemas futuros para a viabilidade dos castiñeiros.

Recentemente o fungo *Fistulina hepatica*, foi relacionado como o causante da mancha vermella do castiñeiro. Esta patoloxía fai que a madeira do castiñeiro destinxa nunha tonalidade avermellada. A presenza desta doenza xa causa perdas de até o 70% do valor da madeira producida no nordeste da península ibérica (Yurkewich *et al.*, 2017).

1.3 PROPAGACIÓN VEXETATIVA

Unha das mellores estratexias para evita-lo declive dos soutos é a valorización do castiñeiro, a mellora da rendibilidade dos cultivos e a creación de novas industrias vencelladas á transformación dos seus produtos. Para isto cómpre traballar con xenotipos mellorados ou escollidos en función de características seleccionadas, máis produtivos ou resistentes contra as pragas (Vieitez *et al.*, 2007). Dende o comezo da agricultura intentouse mellora-los rendementos da produción por medio de cruzamentos máis ou menos controlados e a xeración de híbridos. Mais as sementes melloradas aínda presentan algunhas limitacións como a variabilidade fenotípica resultante producida pola súa alta heterocigosidade ou a gran cantidade de tempo que fai falta para obter liñas melloradas debido á necesidade de levar a cabo varios cruzamentos (Watson *et al.*, 2018), sobre todo cando se traballa con especies forestais (Yu *et al.*, 2021). Así e todo, as plantas non se vén limitadas a reproducírense por medio da reprodución sexual. A propagación vexetativa é unha forma de reprodución asexual común nos vexetais, principalmente especies suculentas e herbáceas, que permite a obtención de individuos coa mesma carga xenética que a planta nai (Liu *et al.*, 2014b; Souza-Alonso e González, 2017). O ser humano puído replicar esta práctica natural e estendela a outras especies, incluso forestais. O uso deste tipo de reprodución diminúe a variabilidade asociada ao uso de sementes e permite a obtención de plantas produtivas nun menor espazo de tempo.

As técnicas de reprodución por propagación vexetativa son coñecidas desde a antigüidade. Entre elas as que tiveron especial presenza son a estacaxe, o empozado e o enxerto.

A estacaxe consiste na propagación de plantas xa formadas por medio da plantación de esgallos. Para a realización deste tipo de reprodución sepárase un esgallo con gomos e plántase en substrato para favorece-la formación de raíces (Abdullah *et al.*, 2006). Existen diversas especies leñosas nas que a estacaxe é unha forma habitual de propagación como o salgueiro (Grace, 1945), a oliveira (Denaxa *et al.*, 2020), a roseira (Ghazijahani *et al.*, 2018) ou a viña (Waite *et al.*, 2015). Porén, non tódalas especies teñen boas taxas de propagación polo que é usual o uso de reguladores de crecemento para mellora-la eficacia deste método (Sriskandarajah *et al.*, 1982). Amais da especie hai factores como a idade da planta nai ou a topófise, concepto que se refire á influencia da localización na planta na que se recolecta o material vexetal, que repercuten na capacidade de enraizamento e propagación dos esgallos (Amri *et al.*, 2010).

O empozado ou porbaixa é un tipo de propagación similar á estacaxe. Neste proceso as raíces fórmanse nas pólas aínda unidas á planta nai (Kozlowski, 2002). A diferenza fundamental entre estas dúas formas de reprodución é que na estacaxe o esgallo é separado da planta para ser enraizado e plantado mentres que no empozado as raíces son formadas *a priori* na planta e é despois cando se separa o esgallo para a plantación. Esta é unha forma habitual de reprodución en diversas especies leñosas (Li *et al.*, 2013) e pode supoñer unha vantaxe ao permitir unha maior e máis rápida capacidade de colonización (Vacek *et al.*, 2020). Este método de propagación vexetativa tamén é unha práctica silvícola que pode realizarse nunha póla aérea (Kathiresan e Ravikumar, 1995) ou soterrando a póla no solo para o seu enraizamento (Vacek *et al.*, 2012).

A enxertía é unha técnica de propagación asexual na que dúas plantas vivas, o enxerto e mailo patrón, se unen para continua-lo seu crecemento como un único organismo. Son múltiples as vantaxes da propagación por enxertos. Entre elas destacan a resistencia a pragas, o aumento da tolerancia ao estrés abiótico (Wang *et al.*, 2017a) ou a propagación de plantas en solos con requirimentos nutricionais diferentes aos da planta enxertada (Lazare *et al.*, 2020). Os enxertos tamén teñen a capacidade para anovar árbores vellas (Pliego-Alfaro e Murashige, 1987) e acelera-lo ciclo da planta enxertada para que acaden máis rapidamente a súa madureza (Zhou *et al.*, 2020). Este método de propagación tamén se emprega para obter plantas ananas, o que permite mante-la produción en extensións de terreo pequenas, o que é útil sobre todo en cultivos de árbores froiteiras que requiren moito espazo (Gjamovski e Kiprijanovski, 2011; Hayat *et al.*, 2022). Ademais, moitas variedades híbridas obtidas mediante o uso de outras técnicas son estériles e o enxerto é unha das principais vías para a súa reprodución (Zhang *et al.*, 2022). Con todo, a propagación por enxertía é unha técnica que conta con limitacións operacionais xa que é un proceso lento, traballoso e caro. Amais tamén presenta limitacións biolóxicas xa que precisa que se dea compatibilidade entre o enxerto e o patrón e pode causar trastornos fisiolóxicos nas plantas cando esta compatibilidade non existe (Rasool *et al.*, 2020).

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estas técnicas de clonación clásicas levábanse a cabo no campo, cunha capacidade moi reducida no control das condicións ambientais, nutricionais e reprodutivas e cuns longos ciclos de produción. A micropropagación é a evolución biotecnolóxica destas antigas técnicas de clonación, que permite un maior control en tódolos aspectos do ciclo e, polo tanto, abre camiño a novas investigacións e a novas formas de produción. As principais técnicas de micropropagación son a proliferación mediante xemas axilares, a formación de rebentos adventicios ou a embrioxénese somática (Dobránszki e Teixeira da Silva, 2010).

1.4 MICROPROPAGACIÓN MEDIANTE PROLIFERACIÓN DE XEMAS AXILARES

A micropropagación mediante proliferación de xemas axilares é unha técnica de cultivo *in vitro* de tecidos vexetais que consiste no cultivo de clons vexetais en medio sintético baixo condicións estériles. Esta técnica caracterízase por realizarse con micro-rebentos, dentro do laboratorio, cun cultivo axénico, nun ambiente estéril e libre dos patóxenos vexetais (fungos, bacterias, virus, insectos e nematodos) e coas condicións ambientais optimizadas (tanto as condicións físicas como as condicións nutricionais).

O alicerce desta técnica é a idea da totipotencia vexetal. Descrita por Haberland en 1902 este concepto enuncia que tódalas células vexetais conservan a información xenética necesaria para reproduciren unha planta enteira e funcional sempre que sexan cultivadas no medio de cultivo apropiado (Haberlandt, 1902). Tras décadas de avances no cultivo de células deuse un salto cualitativo en 1939 cando, grazas ao uso de auxinas, se consigue o cultivo indefinido de tecidos de *Daucus carota* (Gautheret, 1939; Nobécourt, 1939). Co paso do tempo e o descubrimento de máis reguladores do crecemento vexetal aumenta a capacidade técnica do cultivo *in vitro* até que en 1958 Steward e Reinert conseguen, por separado, cultivar células somáticas en medio estéril e obter embrións somáticos capaces de rexenerar plantas funcionais (Reinert, 1958; Steward *et al.*, 1958). Tamén se dan pasos cara adiante na consecución de material estéril; Limasset e Cornuet suxeriron que o alto contido de auxinas dos meristemas apicais poden previ-la infección de virus (Limasset e Cornuet, 1949) e, en 1952, Morel e Martin conseguiron obter plantas de dalia libres de virus mediante o cultivo de meristemas (Morel e Martin, 1952). Esta técnica foi refinada por Quak (1957) quen, tras aplicar un tratamento térmico, puido propagar meristemas de caravel máis grandes, con primordios foliares, e mante-la esterilidade á vez que aumentaba o éxito da propagación (Quak, 1957)**.** En 1962 descríbese o primeiro medio mineral para cultivar calos de tabaco mais que servirá como medio xeral de multiplicación e facilitará a práctica do cultivo *in vitro* (Murashige e Skoog, 1962). Co paso do tempo e a mellora desta técnica, a micropropagación converteuse nun piar indispensábel do desenvolvemento da biotecnoloxía vexetal e foi chave para as aplicacións máis recentes como a obtención de organismos modificados xeneticamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Desta forma, a micropropagación representa a continuación biotecnolóxica das antigas técnicas de propagación vexetativa. A gran diferenza entre estas técnicas é que a micropropagación traballa en condicións de esterilidade e cun control moito máis estrito das condicións ambientais do cultivo que a propagación vexetativa clásica. Isto permite optimiza-los procesos, aumenta-la capacidade de propagación e mellora-lo rendemento (Amoo *et al.*, 2011).

1.4.1 Condicións da micropropagación

O control das condicións de propagación inclúe tanto o medio físico como o medio nutricional ou medio de cultivo. Factores físicos coma o O_2 ou o CO_2, regulados pola ventilación (ou a falta dela) afectan ao desenvolvemento. Así, os cultivos de castiñeiro en recipientes con aireación axudan a controla-la perda de auga e a aumenta-la capacidade fotosintética dos explantes (Sáez *et al.*, 2012). Tamén a calidade e cantidade de luz afecta ao desenvolvemento das plantas durante o crecemento *in vitro* (Batista *et al.*, 2018) en especies como pistacho (Abdouli *et al.*, 2023) ou castiñeiro (Sáez *et al.*, 2012), mellora a multiplicación en *Camellia oleifera* (He *et al.*, 2020) e eucaliptos híbridos (Santana Costa Souza *et al.*, 2022). Os factores físicos regulan diversos procesos, entre eles a evaporación, a respiración, o nivel de fotosíntese e o crecemento. Dada a súa importancia, estes factores son controlados nas cámaras de crecemento para asegurar un correcto desenvolvemento das plantas grazas á regulación da temperatura, a intensidade da luz, e os ciclos de luz e escuridade para maximiza-lo crecemento e a produción segundo a especie e o proceso.

Ademais do medio físico tamén é necesaria unha escolla axeitada dos medios de cultivo nos que a planta se vai desenvolver. A composición mineral dos medios de cultivo, é dicir, a composición de macro e micronutrientes, é crítica xa que diferenzas nas concentracións de minerais como o silicio (Sivanesan e Park, 2014), o calcio ou o boro (Al-Mayahi, 2020) producen variación nas respostas no desenvolvemento. Polo tanto, é necesario deseñar correctamente os medios minerais (Nezami-Alanagh *et al.*, 2019) para asegurar unha morfoxénese óptima e para reduci-los trastornos fisiolóxicos no desenvolvemento dos rebentos *in vitro* en diferentes especies como a pereira (Reed *et al.*, 2013) ou nogueira (Bosela e Michler, 2008). Para axilizar este proceso existen diversos medios de cultivo xerais como o MS (Murashige e Skoog, 1962), DKW (Driver e Kuniyuki, 1984), GD (Gresshoff e Doy, 1972) ou WPM (Lloyd e McCown, 1980), que son válidos para multitude de especies ou que poden servir como punto de partida para a súa optimización. No cultivo *in vitro*, a inhibición da enzima RuBisCO (de la Viña *et al.*, 1999) provocan que as plantas se comporten de xeito heterótrofo. É por iso que neste tipo de cultivo cómpre engadir unha fonte de carbono para nutrir á planta. Esta engádese no medio de cultivo mediante un azucre, usualmente sacarosa que, durante o proceso de esterilización no autoclave, se divide en glicosa e frutosa, que son menos eficientes á hora de prover de enerxía á planta. Por iso a modificación de factores como a luz ou o contido en sacarosa no medio son importantes para aumenta-la taxa fotosintética de especies como o castiñeiro (Sáez *et al.*, 2016).

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un factor específico que se emprega nos medios para cultivo *in vitro* é o axente xelificante que permite o cultivo das plantas en medio semi-sólido. Estes medios axudan a minimiza-la mobilidade de axentes contaminantes, provén dun soporte físico para a planta, e permiten, pola súa transparencia, a observación e avaliación do desenvolvemento dos tecidos. Tanto a concentración como a substancia que se van usar como axente xelificante teñen de ser escollidos con atención xa que poden ter efectos no desenvolvemento posterior da planta (Podwyszynska e Olszewski, 1995; Lebedev *et al.*, 2018; Bayraktar *et al.*, 2020). Até agora, o axente xelificante máis empregado é o agar debido á súa consistencia, contido mínimo en minerais e a súa transparencia. Porén, o seu elevado prezo está a facer que se exploren outras alternativas ao agar que, sen modifica-lo desenvolvemento xeral das plantas, permitan abarata-los custos da micropropagación para permiti-la súa explotación a escala comercial (Deb e Pongener, 2022). Neste senso tamén se están a investigar alternativas para o cultivo en medio líquido en biorreactores (Vidal e Sánchez, 2019).

Para asegurar un correcto desenvolvemento das plantas os medios de cultivo tamén poden incorporar diversos reguladores do crecemento, entre os que destacan a presenza das citoquininas, as auxinas e as xiberelinas.

A actividade do meristema apical, necesaria para o crecemento do rebento está directamente controlado pola acción das citoquininas (Sakakibara, 2021). Así, estas impulsan o crecemento en especies leñosas como a bananeira (Siamak *et al.*, 2010) ou a figueira (Ling *et al.*, 2018). As auxinas son os reguladores de crecemento utilizados para a indución de raíces en diversas especies forestais (Gonçalves *et al.*, 2008; Nakhooda *et al.*, 2011). A utilidade das auxinas vai moito máis alá da formación de raíces; tamén manteñen a dominancia apical dos rebentos mediante a inhibición do crecemento dos rebentos secundarios (Koike *et al.*, 2020) e mediante o control da biosíntese de citoquininas (Nordström *et al.*, 2004) e poden axudar a indución de rebentos durante a fase de proliferación (Martin, 2003). Outro regulador do crecemento que se emprega de xeito habitual, aínda que menos adoito cós outros dous, son as xiberelinas. Durante a micropropagación, a adición de xiberelinas no medio de cultivo pode ser útil para promove-la formación de meristemas florais en oliveira (Chaari-Rkhis *et al.*, 2006) así como para conseguir unha maior elongación dos rebentos durante a fase de multiplicación do carballo rubio (Vengadesan e Pijut, 2009) ou da vide (Khan *et al.*, 2015).

1.4.2 Fases da micropropagación por xemas axilares

A multiplicación por xemas axilares utilízase tamén na industria forestal para multiplicar en masa clons de individuos seleccionados en función dalgunha característica destacábel ou sobresaínte, os denominados xenotipos *plus*. Desta forma, a micropropagación consiste nun ciclo que comeza no campo ca selección do material vexetal que se vai estabelecer *in vitro*, a súa propagación masiva en medio de cultivo ata obte-lo número desexado de exemplares do clon seleccionado e, por último, a aclimatación dos exemplares propagados para que sexan capaces de crecer de novo en condicións *ex vitro*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A micropropagación por xemas axilares pode dividirse nas seguintes fases:

a) Selección das plantas para propagar: O primeiro paso da micropropagación é escolle-lo material vexetal que se quere multiplicar. Este material adoita escollerse debido á presenza de determinadas características fenotípicas como poden se-la produción de biomasa (Han *et al.*, 2020a), a produción de froito (Yazdanpour *et al.*, 2018), a resistencia a doenzas ou a condicións climáticas extremas etc.
b) Estabelecemento *in vitro*: Trala selección da planta nai cómpre recolle-lo material vexetal para a súa instalación en condicións de asepsia *in vitro*. Este é procesado de diversas maneiras dependendo do material (incubación en frío das xemas en repouso, instalación directa na cámara de crecemento para que agromen as xemas axilares dormentes etc.). Unha vez obtido-los rebentos producidos nas xemas axilares estes poden ser utilizados para o estabelecemento *in vitro*.
   Durante a fase de estabelecemento é necesario levar a cabo procedementos de esterilización superficial do material para evita-la contaminación dos explantes por fungos ou bacterias (Wen *et al.*, 2020), xa que pode levar á morte das plantas e imposibilita-lo seu estabelecemento *in vitro*. Existen tamén, sobre todo en especies leñosas, contaminantes endóxenos polo que a desinfección superficial que se leva a cabo durante o proceso de estabelecemento non é suficiente para acadar unha desinfección real do material. Nestes casos é necesario empregar técnicas de saneamento como a termoterapia ou o cultivo de meristemas.
   O outro paso limitador no estabelecemento de especies leñosas é a liberación ao medio de cultivo de substancias castaño-arroxadas compostas principalmente por fenois oxidados (Permadi *et al.*, 2023). As plantas con crecemento activo teñen grandes cantidades de fenois que son liberados ao medio tralo corte do material e aí son oxidados polo oxíxeno e pola acción de polifenol oxidases e peroxidases activadas polo corte. Estes compostos poden chegar a causa-la morte do material polo que é necesario evita-la súa presenza no medio de cultivo. Para isto hai diversos procedementos como o cultivo en escuridade (Krishna *et al.*, 2008), o cambio repetido a novo medio de cultivo fresco (Singh e Patel, 2016), a adición no medio de poliaminas (Tang *et al.*, 2004), carbón activo (Thomas, 2008), ou axentes antioxidantes como o ácido cítrico ou ácido ascórbico (Wu e du Toit, 2004).
c) Proliferación de rebentos: O obxectivo desta fase nos procesos de micropropagación é obte-la maior cantidade de rebentos e a súa elongación para poder iniciar un novo ciclo de multiplicación con máis material vexetal có que había á fin do anterior ciclo. Esta é a única fase do proceso de micropropagación na que hai unha ganancia neta de individuos e na que se está a realizar un proceso de multiplicación do material. Durante esta fase prodúcese un aumento exponencial no número de individuos coa reactivación das xemas axilares; polo que é necesario optimiza-la para obter taxas de multiplicación óptimas. Na mellora das taxas de multiplicación inflúen unha miríade de factores, como a luz (Li *et al.*, 2019), a composición do medio mineral (Nezami-Alanagh *et al.*, 2018), o recipiente no que se cultivan as plantas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(McClelland e Smith, 1990) ou o propio xenotipo que se pretende propagar (Gomes *et al.*, 2010).

Un dos factores chave na fase de multiplicación é o axuste dos reguladores de crecemento nos medios de cultivo. A presenza de citoquininas, usualmente a 6-benciladenina (BA), no medio de cultivo permite aumenta-lo número de xemas, rebentos e follas (Pasa *et al.*, 2012)**.** Se ben é certo que a presenza doutros reguladores do crecemento é menos común si que poden ser precisos para mellora-lo desenvolvemento das plantas.

Durante a fase de multiplicación os grandes problemas presentes son a necrose apical e maila hiperhidricidade dos rebentos. A necrose apical sucede cando o ápice dunha planta se torna marrón e acaba por morrer. Esta comeza no ápice e vai avanzando de forma basipétala, pode chegar a causa-la morte da planta. A diminución da necrose apical é chave para asegurar taxas de multiplicación adecuadas mais as causas deste problema son múltiples. Algúns estudos demostraron que se podía reverter en marmeleiro ao aumenta-lo calcio (Kovalchuk *et al.*, 2017) mentres que en pistacho pode estar causada por unha deficiencia de boro (Abousalim e Mantell, 1994).

Outra causa da necrose do ápice parece estar relacionada coas citoquininas. A ausencia de BA no medio incrementa a necrose apical en pistacho (Nezami-Alanagh *et al.*, 2019) e maceira (Kataeva *et al.*, 1991). Non obstante, este efecto depende da especie xa que na pereira (Thakur e Kanwar, 2011) ou no hibisco parece darse a relación inversa entre BA e necrose apical (Compton e Preece, 1988). A necrose apical tamén parece estar influenciada pola presenza de auxinas no medio de cultivo, que promoven a necrose apical na pereira (Thakur e Kanwar, 2011), abeleira (Perez *et al.*, 1985) ou salgueiro (Amo-Marco e Lledo, 1996).

A hiperhidricidade implica cambios a nivel citolóxico, bioquímico, funcional e morfolóxico. O funcionamento deficiente dos estomas produce alteracións na súa función e no equilibrio hídrico; a acumulación de auga nos tecidos leva á hipoxia e incrementa a produción de especies reactivas de oxíxeno (ROS) que producen danos máis graves nas estruturas celulares. Isto é o que recoñecemos *de visu* como síntomas da hiperhidricidade. Os rebentos hiperhídricos caracterízanse por talos engrosados, entrenós curtos, e follas translúcidas, alongadas e retorcidas. A composición do medio de cultivo é un factor moi relevante á hora de controla-la hiperhidricidade. Unha alta concentración de nitratos aumenta a hiperhidricidade dos rebentos durante a micropropagación de especies como *Amelíancher arborea* (Brand, 1993) e salgueiro chorón (Daguin e Letouze, 1986). Pola outra banda, baixas doses de potasio producen unha maior taxa de rebentos hiperhídricos en maceira (Pasqualetto *et al.*, 1988) mentres que o aumento da concentración de calcio no medio mineral reduce a hiperhidricidade en cultivos de marmeleiro (Singha *et al.*, 1990). Mais non só a composición mineral do medio de cultivo é relevante para o control da hiperhidricidade. Os reguladores do crecemento presentes no medio tamén poden influír no desenvolvemento desta sintomatoloxía. A presenza de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

citoquininas, usadas normalmente para combate-la necrose apical, pode agrava-la hiperhidricidade en diversas especies leñosas (San José *et al.*, 2021). Outra hormona que parece estar relacionada coa aparición da hiperhidricidade é o etileno. En análises de patróns de metilación observouse que había unha maior desmetilación, e polo tanto activación, nos promotores de xenes relacionados coa síntese de etileno (Gao *et al.*, 2022). Así, o uso de compostos que interfiren coa acción do etileno como o nitrato de prata reducen os síntomas de hiperhidricidade en cambroeira (Li *et al.*, 2022) ou maceira (Lee *et al.*, 2023). O efecto do etileno na hiperhidricidade tamén explica a redución deste problema cando os cultivos se expoñen a unha maior ventilación (Palhares Neto *et al.*, 2018), o que reduce a concentración de etileno na atmosfera de cultivo. Outros elementos como o axente xelificante teñen tamén implicacións no desenvolvemento da hiperhidricidade como se demostra coa diminución dos síntomas en albaricoqueiro ante o aumento das concentracións de agar (Pérez-Tornero *et al.*, 2001). Mais tamén o tipo de axente xelificante afecta ao desenvolvemento dos rebentos (Bayraktar *et al.*, 2020). As plantas multiplicadas en medio xelificado con gelrite tenden a seren máis hiperhídricas en especies como *Prunus avium* (Franck *et al.*, 2004) ou maceira (Tabart *et al.*, 2015). Unha vía pola que o tipo de axente xelificante pode afectar á hiperhidricidade é mediante a síntese de citoquininas. Estudos realizados en rebentos que medran en medios xelificados con gelrite amosan unha meirande concentración de citoquininas endóxenas (Ivanova *et al.*, 2006).

d) Enraizamento: Trala produción do número desexado de explantes co tamaño axeitado é necesario que estes enraícen para poderen ser trasladadas fóra do laboratorio. Neste proceso, as raíces fórmanse sobre tecidos nos que normalmente non se desenvolvería un sistema radicular, isto denomínase enraizamento adventicio. Esta clase de raíces xorden como resposta a diferentes tipos de estrés (Steffens e Rasmussen, 2016), factores ambientais (Hansen, 1989; Iacona e Muleo, 2010) ou ante o efecto de diversos reguladores do crecemento vexetal entre os que destacan as auxinas (Kumar *et al.*, 2022). Este é un complexo proceso fisiolóxico polo que é imprescindíbel elaborar protocolos adecuados para o desenvolvemento dun sistema radicular funcional que permita a aclimatación das plantas producidas durante a propagación *in vitro*. Nesta fase tamén é importante tentar controla-la necrose apical. En especies de árbores como o carballo ou o castiñeiro a adición de citoquininas axuda a reduci-la necrose (Vieitez *et al.*, 1989).

e) Aclimatación: Debido ás condicións ambientais controladas durante o cultivo *in vitro* as plantas micropropagadas non son quen de manter unha actividade fotosintética axeitada, carecen de ceras cuticulares adecuadas e teñen unha baixa funcionalidade estomatal (Ďurkovič *et al.*, 2009). Por iso, tralo enraizamento dos explantes, estes teñen de pasar por un proceso de aclimatación que permita obter plantas capaces de sobrevivir no campo baixo condicións naturais (Trasar-Cepeda *et al.*, 2022). Unha transferencia directa das plantas ao exterior baixo a luz solar causa fotoinhibición en explantes de castiñeiro (Sáez *et al.*, 2013). Así, o tipo e a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

calidade da luz inflúen na capacidade de aclimatación posterior das plantas (Iacona e Muleo, 2010). O retraso no desenvolvemento das cutículas e a alta humidade constante no medio de desenvolvemento producen grandes perdas de auga na transferencia ao medio natural, polo que unha exposición diaria e gradual a baixas humidades relativas aumenta a taxa de supervivencia (Marin, 2003). O tratamento con ácido abscísico, un regulador do crecemento caracterizado por regula-lo peche dos estomas, tamén axuda a controla-la perda de auga dos rebentos e mellora a aclimatación en especies como *Aronia arbutifolia* L. (Colón-Guasp *et al.*, 1996). Outras substancias como o ácido ascórbico demostraron ser útiles á hora de mellora-las taxas de supervivencia durante a aclimatación de cerdeira (Vasar, 2003). Amais dos factores físicos, a esterilidade na que se desenvolven as plantas durante a micropropagación tamén ten efectos na aclimatación. A exposición repentina á comunidade microbiana presente no solo poden reduci-la taxa de supervivencia das plantas propagadas mentres que a colonización das plantas micropropagadas por rizobacterias e endófitos permiten aumenta-las taxas de aclimatación e supervivencia *ex vitro* en especies como pereira (Lotfi *et al.*, 2019), vide (Essalimi *et al.*, 2022) ou bananeira malaia (Suada *et al.*, 2015).

1.4.3 Vantaxes da micropropagación

Cando se acadan tódolos pasos do ciclo de micropropagación conséguese replicar plantas xeneticamente iguais á planta doadora. O deseño de protocolos eficaces de micropropagación é beneficioso a diferentes niveis. Existen diversas especies de alto valor económico actual ou potencial; desenvolver protocolos de micropropagación para estas especies permite clonar exemplares altamente produtivos de xeito rápido e eficaz. Así, xa existen protocolos que permiten propagar especies de alto interese económico como a alfarrobeira (Osório *et al.*, 2012), a pereira (Regni *et al.*, 2023), a figueira (Sriskanda *et al.*, 2021), a xoxoba (Singh e Agarwal, 2016) ou ameixa (Aloufa *et al.*, 2003), entre outros. Mais as técnicas de micropropagación non son soamente útiles para especies dedicadas á explotación agrícola ou forestal. O estabelecemento *in vitro* permite crear bancos de xermoplasma *ex situ* e axuda así á conservación e á preservación da biodiversidade. Desta forma pódense protexe-los recursos xenéticos dos exemplares catalogados como *plus* que conforman árbores monumentais concretas (Khamushi *et al.*, 2019) ou pódense protexer especies endémicas, máis vulnerábeis ante a perda de hábitat debido ao seu rango de distribución local (Gaidamashvili e Benelli, 2021). A propagación en masa de exemplares de especies ameazadas mais con alto valor económico, como o caso das orquídeas (Pant, 2013) permite manter e mesmo expandi-la produción e á vez reduci-la presión sobre as súas poboacións naturais. Deste xeito asegúrase a explotación dun cultivo rendíbel ao tempo que se conserva a especie no medio natural. Ademais, o aumento de protocolos de propagación axeitados para un número maior de especies e xenotipos permite que exemplares destas especies estean sempre dispoñíbeis para levar a cabo plans de renaturalización. A nivel forestal, o aumento da diversidade de especies propagadas permite deseñar programas de reforestación máis diversificados, contar con especies autóctonas

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ou de interese e con diferentes especies, aumenta-la biodiversidade e evita-la reforestación con especies substitutas pola falta de exemplares (Kodym *et al.*, 2014). As técnicas de micropropagación, ao seren combinadas con procesos de mellora e cruzamento clásicos teñen un gran potencial na restauración ecolóxica de especies, como xa se demostrou no caso do castiñeiro americano (Nelson, 2022).

As plantas producidas mediante cultivo *in vitro* poden ser saneadas para elimina-la presenza de virus. A principal técnica de eliminación *in vitro* dos virus dos explantes é o cultivo dos meristemas apicais xa que os virus non se distribúen uniformemente polas plantas e as zonas meristemáticas teñen menor carga viral (Kokane *et al.*, 2021). Os tratamentos con termoterapia inhiben a replicación vírica e reducen o movemento dos virus. Isto permite aumenta-la área libre de virus da planta e mellora-la eficiencia do cultivo de meristemas (Tan *et al.*, 2010).. A combinación de termoterapia con crioterapia está a demostrar ser un método que mellora a eficiencia do saneamento (Wang *et al.*, 2022a). Outra estratexia empregada para asegura-la esterilidade das plantas é a utilización de substancias con actividade quimioterápica (Kudělková *et al.*, 2017) a pesar de que pode causar toxicidade.

Os metabolitos secundarios son substancias sintetizadas polas plantas para diversas funcións diversas mais que poden ter aplicacións importantes para o ser humano tanto a nivel médico, como a nivel cosmético, agrícola ou industrial. A biotecnoloxía vexetal pode utiliza-las plantas como bio-fábricas destas substancias mediante o cultivo de calos, unha masa de células vexetais non diferenciadas (Bemani *et al.*, 2013; Hazrati *et al.*, 2022) ou por medio da infección con *Agrobacterium rhizogenes* para á produción das chamadas *hairy roots*, raíces finas e alongadas inducidas sen presencia de auxinas. Estas son moi estábeis desde o punto de vista fenotípico, mais tamén desde o punto de vista xenético ou bioquímico (Hussain *et al.*, 2022). Para a produción destas substancias a grande escala é necesaria a utilización de bioreactores, sistemas estériles co medio controlado e condicións físico-químicas homoxéneas (Mamun *et al.*, 2015). A modificación dos factores ambientais pode influír nas rutas de síntese de metabolitos na planta (Yang *et al.*, 2018). Entre estas condicións pódense incluí-los elicitores, substancias abióticas ou bióticas (Thakur *et al.*, 2019) que activan ou potencian a biosíntese dun composto específico nas plantas cultivadas. Amais hoxe en día é posíbel a transformación xenética dos cultivos para que sinteticen substancias concretas, sobre todo desde a aparición da tecnoloxía CRISPR/Cas9 (Bhagwat *et al.*, 2022).

Polo tanto o cutlivo *in vitro* ten múltiples aplicacións para as industrias alimentaria, cosmética ou farmacéutica (Hasnain *et al.*, 2022). A maiores das potencialidades puramente produtivas o cultivo *in vitro* de tecidos vexetais ten grande importancia a nivel científico. Ao ter plantas xeneticamente idénticas en ambientes controlados pódense modificar unicamente as variábeis escollidas, o que fai deste sistema un modelo ideal para levar a cabo estudos (Gómez-Martínez *et al.*, 2019), polo que son un piar actual da ciencia agroforestal e da mellora de organismos vexetais. O uso destas técnicas ábrese paso en cada vez máis disciplinas como sistema de experimentación pola súa rapidez e pola uniformidade do material. Estudos diversos como efecto de diferentes substancias sobre a fisioloxía das plantas (Ada e Enrico, 2020), a

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

análise de substancias alelopáticas que permiten seleccionar plantas resistentes a bioherbicidas (Aryakia *et al.*, 2015), a selección *in vitro* de xenotipos resistentes a fontes de estrés (Wijerathna-Yapa e Hiti-Bandaralage, 2023), a dilucidación do papel que teñen as plantas nos procesos de fitorremediación (Doran, 2009) ou a descrición de normas de reacción (Bandau *et al.*, 2015; Kenta *et al.*, 2016), fanse *in vitro* porque este sistema permite obte-los resultados moito máis rapidamente e de forma máis precisa cós obtidos no campo.

1.4.4 Limitacións da micropropagación

O cultivo *in vitro* conta cunha serie de limitacións. A principal dificultade que ten a súa implantación, especialmente a nivel comercial e nos países en desenvolvemento é o custo. A micropropagación precisa dun elevado investimento en infraestruturas, sobre todo na electricidade, na forza de traballo e nos elementos de equipo necesarios (Hempel *et al.*, 1986; Chen, 2016). Os clons que se estabelecen no laboratorio tamén poden ser un factor limitador para aplicar estas técnicas. A escolla do xenotipo é chave nos procesos de cultivo *in vitro* xa que este inflúe na resposta á micropropagación da planta tanto coma as propias técnicas empregadas (Gomes *et al.*, 2010). En moitas ocasións o clon que se estabelece para micropropagar é unha árbore con algunha característica de interese. Así a todo, a escolla do exemplar tamén ten un punto azaroso xa que non é posíbel saber se a árbore escollida ten un xenotipo mellor ou simplemente tivo un desenvolvemento máis favorábel cás árbores da contorna. A pesar deste azar, a selección de xenotipos *plus* pode mellorar grazas ao coñecemento das normas de reacción e á selección guiada por marcadores (Martins *et al.*, 2022). Unha vez estabelecidas *in vitro* as plantas teñen de evita-la variación somaclonal, a variación xenética producida durante a práctica de cultivo de tecidos que poden altera-la estabilidade xenética dos clons (Ranghoo-Sanmukhiya, 2021). Con todo, a variación somaclonal pode ser útil para a produción de novas variedades que potencien certas características desexadas (Ferreira *et al.*, 2023), polo que é necesario facer unha elección entre as vantaxes e as desvantaxes da variación somaclonal á hora de decidir se inducila ou controlala (Duta-Cornescu *et al.*, 2023). Tamén é moi complicado predicir cal será o fenotipo resultante das plantas multiplicadas no laboratorio unha vez retornen a condicións *ex vitro* a pesar de que ultimamente, grazas aos avances na computación e o desenvolvemento do *machine learning*, a capacidade de predición de fenotipos en función dos xenotipos é moito máis precisa (Guo e Li, 2023; Sehrawat *et al.*, 2023). Non obstante, a falta de control do ambiente no que se desenvolven as plantas no campo, a súa variación no contexto da mudanza climática e tamén o propio proceso de construción de nicho dos organismos (Laland *et al.*, 2016) poden entorpecer esta capacidade de predición, Ademais, por moito que mellore esta capacidade hai que ter en conta que a variabilidade nunca se vai poder eliminar a pesar de contar con un xenotipo nun ambiente controlado debido ao ruído de desenvolvemento (Kiskowski *et al.*, 2019).

Outra limitación que existe durante a micropropagación é a recalcitrancia (Abdalla *et al.*, 2022). Se o cerne das técnicas de propagación *in vitro* é a totipotencia das células vexetais a recalcitrancia é o seu contrario. Polo tanto, pódese definir como a incapacidade das plantas para

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

responderen ás técnicas de cultivo *in vitro*, en calquera etapa da micropropagación por causas máis ou menos coñecidas (Benson, 2000). Esta depende de moitos factores tales como a especie, o xenotipo, os estados epixenético ou ontoxenético da planta doadora etc. Así e todo, non pode considerarse unha característica esencial e irreversíbel do material senón que hai que entendela máis como un estado mutábel. Isto quere dicir que é posíbel crear protocolos que permitan supera-la recalcitrancia e conseguir rexenerar por completo os clons. Polo tanto, pode ser superada en calquera das fases do proceso de micropropagación, na proliferación de rebentos, no enraizamento, ou na aclimatación (Patel *et al.*, 2022). Existen numerosas estratexias para reverte-lo estado recalcitrante das plantas, entre as que se atopan a optimización dos medios de cultivo. Esta optimización pode facerse axustando a composición mineral, o axente xelificante, a fonte de carbono ou engadindo os reguladores do crecemento axeitados. Tamén os factores ambientais como a luz e a temperatura poden optimizarse para evita-la recalcitrancia (Patel *et al.*, 2022). É por isto que para conseguir superar este estado é necesario coñecer cales son os mecanismos que operan en cada etapa da micropropagación.

Un dos principais factores que intervén na recalcitrancia é o estado ontoxenético da planta doadora. Deste xeito, cando un individuo pasa de estado xuvenil a estado adulto torna en recalcitrante para diversos procesos de cultivo *in vitro* polo que as técnicas empregadas teñen de mudar en función do estado ontoxenético do material. Estes cambios prodúcense como consecuencia do denominado cambio de fase.

1.5 CAMBIO DE FASE

O cambio de fase comprende tódalas mudanzas que se producen no momento en que o material xuvenil adquire as características do material vexetal adulto pola maduración (Poethig, 2010). O cambio de fase regula e modifica os patróns de morfoxénese, o crecemento dos rebentos, a forma das follas, a capacidade de floración presente na idade adulta ou a resposta ao estrés tanto biótico como abiótico (Poethig, 2013). Estas mudanzas teñen unha importancia capital na propagación *in vitro* de especies leñosas xa que os xenotipos elite son usualmente seleccionados tralo cambio de fase, na súa etapa adulta, cando o material vexetal xa responde de forma diferente aos procesos *in vitro* (Zhang *et al.*, 2015).

A maduración asociada ao cambio de fase adoita ter un efecto negativo no enraizamento adventicio (Kumari *et al.*, 2022). Así, en especies leñosas como *Pinus taeda* (Hamann, 1998), maceira (Xiao *et al.*, 2014) ou *Eucalyptus* (Abu-Abied *et al.*, 2014; Aumond *et al.*, 2017) a capacidade de enraizamento mingua abruptamente coa idade. No castiñeiro non é diferente, cunha diminución na competencia para enraizamento en exemplares de campo durante os primeiros anos da árbore (López-Villamor *et al.*, 2017), estado que se traslada tamén aos exemplares *in vitro* onde os tecidos maduros presentan menores taxas de enraizamento adventicio (Sanchez e Vieitez, 1991). En campo, esta perda parece ocorrer xa durante os primeiros anos do desenvolvemento. Isto representa un problema xa que a falta de capacidade de enraizamento non permite avanzar ao paso de aclimatación das plantas e imposibilita completa-lo ciclo do cultivo *in vitro* orientado á produción de plántulas.

Polo tanto a micropropagación de material que retén as características xuvenís é máis efectiva para a propagación de xenotipos elite que só poden ser seleccionados durante a etapa adulta (Vieitez *et al.*, 2007). Isto é posíbel porque o cambio de fase non altera as características dos órganos pre-existentes aínda que non estean desenvolvidos, polo que as características xuvenís persisten ao longo do tempo nalgunhas partes da árbore mentres que outras zonas do mesmo individuo xa son maduras (Caso, 1992). Estas diferenzas no estado ontoxenético en función da zona da árbore é o que se coñece como cono de xuventude (Fig. 1). Os tecidos que se atopan na copa da árbore sufriron máis divisións celulares, polo que son ontoxeneticamente máis maduros aínda que sexan cronoloxicamente máis novos. De xeito complementario, os meristemas latentes formados durante a fase xuvenil, a pesar de seren cronoloxicamente máis vellos son ontoxeneticamente máis xuvenís (Li e Chang, 2022). É por tanto o número de divisións o que caracteriza o estado de madureza dos tecidos (Bonga, 1982). Todo isto forma un gradiente de madureza ao longo da árbore segundo o cal as partes basais son máis xuvenís e a maduración aumenta cara a parte alta da árbore (Greenwood e Hutchison, 1993; Bonga *et al.*, 2010). Polo tanto, material que retén características xuvenís pode ser aquel obtido de rebentos epicórmicos, rebentos de cepo, rebentos trala poda severa ou rebentos orixinados da raíz (Bonga, 1982; Wendling *et al.*, 2014). Porén non sempre hai material dispoñíbel que reteña estas características xuvenís. Por iso cómpre comprender mellor os procesos implicados no cambio de fase e tratar de desenvolver protocolos específicos para a propagación do material en función do seu estado ontoxenético (Pant e Husen, 2022).




Figura 1. Representación do cono de xuvenilidade, onde as zonas baixas son máis xuvenís e son máis maduras conforme se van achegando á copa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.5.1 Regulación do cambio de fase

A regulación do cambio de fase nas especies forestais ten un forte compoñente xenético mais tamén se ve influenciada a nivel xeral polos niveis hormonais, polo estado nutricional ou a fenoloxía (Brunner *et al.*, 2017).

1.5.1.1 Bases xenéticas do cambio de fase

Os tecidos adultos sufriron máis divisións ao longo da súa vida polo que é posíbel que houbese unha acumulación de mutacións. Por outra banda, xa que o xenotipo dun individuo é, *a priori*, inalterábel ao longo da súa historia vital o lóxico é pensar que os cambios que producen o cambio de fase teñen unha base epixenética. Efectivamente, a recalcitrancia á organoxénese *in vitro* observada en individuos adultos de especies forestais está relacionada coa metilación e acetilación das histonas (Valledor *et al.*, 2010). Cambios nas marcas epixenéticas asócianse cos cambios morfolóxicos e fisiolóxicos producidos polo cambio de fase sendo que existe unha correlación entre o grao de metilación do ADN e o estado ontoxenético do individuo (Bräutigam *et al.*, 2013). Así, un incremento no nivel do regulador epixenético H3K27me3 e unha baixada no nivel de H3K27ac leva a un descenso no microRNA156 (Picó *et al.*, 2015; Xu *et al.*, 2016b). Isto é chave porque a presenza de miR156 é imprescindíbel para o mantemento do carácter xuvenil dos tecidos (Xu *et al.*, 2018) e unha baixada nos niveis de miR156 promove a transición á etapa adulta. Este cambio de fase permite a acumulación dos xenes *SQUAMOSA PROTEIN LIKE* (*SPL*) que favorece o incremento dos niveis de miR172 (Trindade *et al.*, 2017). Isto é o que se coñece como ruta da idade. Deste xeito, pódese dicir que o miR156 é o miRNA asociado a xuventude mentres que o miR172 é o miRNA asociado á madureza e que ambos miRNAs presentan patróns de expresión antitéticos entre si (Wang *et al.*, 2011).

Unha alta expresión de miR156 é precisa para a indución do enraizamento adventicio mediado por auxinas (Xu *et al.*, 2017). Isto suxire que baixos niveis de expresión de miR156 se asocia co estado de recalcitrancia ao enraizamento dos tecidos adultos (Ye *et al.*, 2020), efecto confirmado pola promoción do enraizamento adventicio en liñas que sobre-expresan miR156 (Massoumi *et al.*, 2017). No entanto, esta relación pode ser menos universal do que se pensa. En especies como *Eucalyptus* non parece haber relación entre os niveis de miR156 e miR172 e a perda da capacidade de formar raíces adventicias (Levy *et al.*, 2014). Isto pode deberse a que a presenza de miR156 é necesaria mais non suficiente para posibilita-lo enraizamento adventicio (Wang *et al.*, 2023). Polo tanto, a pesar de que os miR156 e miR172 e as súas interaccións con outras rutas de sinalización parecen se-las principais vías que gobernan o proceso do cambio de fase á madureza, outros miRNAs que se están a estudar recentemente poden ser chave para ter un panorama máis completo entre a acción dos miRNA, o cambio de fase e as respostas fisiolóxicas asociadas (Krivmane *et al.*, 2023).

1.5.1.2 Hormonas e cambio de fase

O medio no que as plantas se desenvolven ten grandes implicacións na regulación do cambio de fase xa que a súa aplicación pode modifica-la expresión ou a sinalización de diferentes miRNAs, freando ou acelerando a transición á madureza. Sábese que o metabolismo dos azucres reprime a expresión dos miR156 e acelera o cambio de fase (Yu *et al.*, 2013) polo

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que a modificación dos azucres no medio de cultivo pode ter efectos no patrón de xuvenilidade. Nos medios de cultivo adoitan engadirse hormonas para inducir certas respostas polo que comprende-los efectos das distintas hormonas sobre o cambio de fase pode axudar a manipular este proceso como estratexia para loitar contra a recalcitrancia á organoxénese *in vitro*.

A pesar de que non hai moita evidencia sobre a acción das auxinas no cambio de fase estas parecen participar no proceso mediante a promoción do miR172 (Díaz-Manzano *et al.*, 2018).

As xiberelinas son un dos reguladores do crecemento máis recoñecidos como promotores do cambio de fase (Manuela e Xu, 2020). As xiberelinas actúan a través da degradación das proteínas DELLA. Estas proteínas DELLA retrasan o cambio de fase interactuando e desactivando os efectos de PICKLE (PKL), un represor da expresión do miR156 (Yu e Wang, 2020), das proteínas SPL e da familia de factores de transcrición MADS-box (Yu *et al.*, 2012) que está relacionada co estado maduro dos tecidos (Castillo *et al.*, 2013; García-López *et al.*, 2014; Ma *et al.*, 2021).

O etileno é coñecido por ser un regulador do crecemento chave no proceso de avellentamento das plantas (Iqbal *et al.*, 2017). Esta hormona vexetal regula diferentes procesos do desenvolvemento vexetal asociados á maduración e ao cambio de fase (Haffner *et al.*, 1991; Schaller, 2012). De feito, a presenza desta hormona gasosa na atmosfera parece estar relacionada co cambio de fase de *Hemerocallis* (Smith *et al.*, 1989), malia que o efecto parece depender da especie (Song *et al.*, 2020).

Os brasinosteroides promoven o cambio de fase mediante a interacción do factor de transcrición BRASSINAZOLE-RESISTANT 1 (BZR1) con diversos xenes *SPL*, especialmente con *SPL9* (Wang *et al.*, 2021a). Deste xeito, os brasinosteroides conducen á estabilización dos niveis de SPL9 para promove-lo cambio de fase. De xeito complementario, mutantes cunha menor cantidade de brasinosteroides ven retrasado o seu cambio de fase (Zhou *et al.*, 2023a).

As citoquininas están relacionadas coa indución do cambio de fase. Deste xeito, as liñas mutantes con altos niveis de citoquininas sofren máis cedo a transición xuvenil-adulto (Werner *et al.*, 2021a) e a sobre-expresión do *Cytokinin Response Factor 9* (*CRF9*), un represor da acción das citoquininas, conduce a un retardo na transición da fase vexetativa á fase reprodutiva (Swinka *et al.*, 2023). A súa influencia no cambio de fase débese a un punto posterior á modulación do miR156. Isto promove a expresión de *MIR172* e coopera con *TOE1* e *TOE2* (Werner *et al.*, 2021b). Porén, neste caso esta relación é ambigua xa que as citoquininas son coñecidas por atrasaren o avellentamento dos órganos e dos tecidos (Sosnowski *et al.*, 2023).

O ácido abscísico, pola outra banda, axuda ás plantas a conserva-lo estado xuvenil. A molécula chave na ruta de sinalización de ABA, ABI3, reprime a acción dos SPL por medio da activación do miR156 (Manuela e Xu, 2020). Tres *Suc nonfermenting-1-related protein kinases* (*SnRKs*) que actúan como moléculas de sinalización do ABA (Yoshida *et al.*, 2019) activan as rutas de sinalización vencelladas ao miR156 (Feyissa *et al.*, 2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os xasmonatos están tamén implicados no mantemento da fase xuvenil onde o material adulto de pereira presentaba niveis máis baixos de xasmonatos que o material xuvenil (Song *et al.*, 2020), e tamén na recuperación da capacidade de enraizamento de explantes enxertados de *Sequoia sempervivens* (Chen *et al.*, 2013). Non obstante, aínda que os xasmonatos sexan suficientes para retrasaren o cambio de fase non poden facelo de forma indefinida debido á interacción directa do dominio JA ZIM (JAZ) co SPL9 reducindo a resposta aos xasmonatos coa idade (Mao *et al.*, 2017).

1.5.2 Reversión do cambio de fase

O conxunto de procesos e tratamentos polos que se recuperan as características xuvenís do material vexetal adulto é coñecido como rexuvenecemento. Este concepto baséase en que aínda que as características relacionadas coa madureza son estábeis estas poden ser reversíbeis baixo certas condicións (Hackett, 1985). Entre os procesos máis habituais para o rexuvenecemento *in vitro* de especies leñosas están o propio proceso de micropropagación repetida (Mullins *et al.*, 1979; Brand e Lineberger, 1992), o cultivo de meristemas, os tratamentos químicos como a BA, a reversión ao estado embrionario mediante as técnicas de embrioxénese somática ou o uso de micro-enxertos (Read e Bavougian, 2012).

A embrioxénese somática permite o paso de células somáticas ao estado embrionario recuperando un estado ontoxeneticamente xuvenil (Mignon e Werbrouck, 2018) en especies como a cafeeira (Georget *et al.*, 2017) ou a aciñeira (Martínez e Corredoira, 2023). O uso de microenxertos permite rexuvenece-lo material vexetal e recupera-la capacidade de enraizamento por medio da modificación dos perfís hormonais (Liu *et al.*, 2018a), do transporte de moléculas de sinalización e miRNAs entre o enxerto e o patrón modificando a súa expresión xénica (Vidoy-Mercado *et al.*, 2021) e do perfil epixenético, chave nos procesos de rexuvenecemento (Smulders e de Klerk, 2011). Así, durante o proceso de rexuvenecemento a sinalización dos miRNA e os cambios epixenéticos aumentan os niveis de miR156 e diminúen os niveis de miR172 rexuvenecendo parcialmente os individuos (Chen *et al.*, 2013; Raihan *et al.*, 2021). A nivel epixenético o rexuvenecemento *in vitro* aumenta os niveis de metilación do ADN ao reverte-lo estado de recalcitrancia á organoxénese e recupera-la capacidade de formar raíces adventicias en especies como maceira (Wang *et al.*, 2023) ou *Eucalyptus* (Shanthi *et al.*, 2015). Isto contrasta coas diferenzas no grao de metilación que adoitan seren maiores nos tecidos adultos (Bräutigam *et al.*, 2013; Picó *et al.*, 2015).

Aínda que se levan feito moitos intentos de rexuvenecer árbores adultas (Ballester *et al.*, 1989; Diaz-Sala *et al.*, 1994; Sánchez *et al.*, 1997) a propagación de árbores derivadas de tecidos adultos aínda é unha barreira importante para o cultivo *in vitro*, xa que a recalcitrancia ao enraizamento adventicio asociada ao cambio de fase impide completa-lo ciclo de micropropagación para a produción de plantas (Vielba *et al.*, 2020).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.6 ENRAIZAMENTO ADVENTICIO

A recalcitrancia dos tecidos ao enraizamento limita a propagación vexetativa de moitas especies forestais e varía en función das especies e do xenotipo (Vielba *et al.*, 2020). No caso das especies de *Castanea*, cultivadas e hibridadas entre elas dende hai tempo, hai unha alta taxa de heterocigose e existe unha cantidade innumerábel de variedades locais con diferentes capacidades de enraizamento (Viéitez e Merkle, 2005). Estas características limitan o estabelecemento de protocolos xerais para este xénero, polo que é preciso amplia-la investigación para cada unha das especies e incluso adecua-la investigación a cada xenotipo.

O enraizamento adventicio é un proceso fisiolóxico e molecular complexo que permite producir raíces en tecidos nos que normalmente non se formarían, usualmente os talos e as follas. Este proceso prodúcese de xeito espontáneo ou en resposta á sinalización de auxinas ou a diferentes tipos de condicións de luz, nutrición ou temperatura así como diferentes tipos de estrés como o encharcado, o corte ou o estrés oxidativo (Kumar *et al.*, 2022). O enraizamento adventicio é unha estratexia que permite á planta adaptarse aos cambios no ambiente e responder a situacións de estrés recuperándose de eventos traumáticos. O desenvolvemento dun sistema radicular completo con raíces adventicias e raíces laterais é indispensábel para proveer á planta dun sistema de soporte e dunha rede de absorción de auga e nutrientes.

1.6.1 Fases do enraizamento adventicio

As células pre-procambiais actúan como un nicho de células multipotentes, pluripotentes e totipotentes que poden dar lugar a diferenciación vascular e organoxénese en función da localización celular, do plano de división celular, da interacción coas células veciñas e do balance entre auxinas e citoquininas (de Almeida *et al.*, 2012). A aplicación dos estímulos externos ou ambientais correctos pode muda-lo destino celular predeterminado grazas á plasticidade e ao potencial morfoxenético das células vexetais (Díaz-Sala, 2014). En especies de enraizamento sinxelo, como pode se-lo álamo (Bannoud e Bellini, 2021), o propio efecto do corte xa pode ser suficiente para estimula-la indución do enraizamento adventicio. Porén, outras especies con menor capacidade de formación de raíces, como case tódalas especies forestais, requiren a aplicación de auxinas exóxenas (Zhao *et al.*, 2022b) para intentar desencadea-la formación de raíces adventicias. Este proceso pode dividirse en tres fases ben conservadas en tódalas especies: indución, iniciación e extensión (Guan *et al.*, 2015), aínda que pode engadirse unha primeira fase de des-diferenciación (de Klerk *et al.*, 1999).

- Des-diferenciación: Se as células son competentes para a formación de raíces poden responder ante un factor indutor e formar raíces de forma relativamente simple (da Costa *et al.*, 2013). Así e todo, en moitas especies, normalmente en especies leñosas, as raíces adventicias teñen de iniciarse a partir de células que xa posúen algún grao de diferenciación ou células que non están predispostas ao desenvolvemento radicular. Neste caso é preciso un paso previo de des-diferenciación antes do inicio da indución radicular (Díaz-Sala, 2014). Polo tanto, a des-diferenciación, tamén denominada re-programación celular (Fehér, 2019) é un proceso polo cal as células especializadas

poden reverte-lo seu status a un estado de desenvolvemento anterior (Sugimoto *et al.*, 2011) chegando incluso a un estado de célula nai (Jiang *et al.*, 2015).

- Indución: Durante a fase de indución as células adquiren competencia para responder aos estímulos de enraizamento. Ante ese estímulo muda o patrón de expresión xénica das células para entrar nunha vía de formación de células iniciais da raíz o que conduce a importantes cambios transcricionais e bioquímicos durante as primeiras horas. O primeiro evento do proceso de enraizamento adventicio é o corte, un proceso que produce cambios hormonais que, en combinación coa actividade da maquinaria do transporte de auxinas leva a unha acumulación asimétrica desta hormona entre tecidos veciños (de Klerk *et al.*, 1999). Esta distribución asimétrica de auxinas activa a proliferación celular (Lup *et al.*, 2016). Desa forma os picos de auxina nas células activan redes de sinalización celular para modifica-lo programa xenético e induci-la formación de raíces adventicias (da Costa *et al.*, 2013). O estabelecemento de máximos de auxina localizados suxiren a existencia dun papel predominante das proteínas transportadoras de auxinas, que poden se-lo factor determinante na formación dunha nova raíz a nivel celular.
- Iniciación: O pico máximo nos niveis de auxinas endóxenos determinan a fin da fase de indución para dar paso á fase de iniciación da raíz, na que os niveis de auxinas chegan ó mínimo do proceso. Nesta fase as células activadas comezan a sufrir cambios no plano de orientación das divisións e a proliferar rapidamente e forman conxuntos de células meristemáticas que darán lugar a meristemoides (Druege *et al.*, 2016). Estas primeiras divisións adoitan comezar entre as 48 e 96 horas trala aplicación do tratamento (Guan *et al.*, 2020) aínda que poden variar coa especie e co modo de indución.
- Extensión: A derradeira fase do proceso de enraizamento adventicio é a fase da extensión (Guan *et al.*, 2015) ou expresión (de Klerk *et al.*, 1999). Durante esta última fase non é necesaria a acción de auxinas exóxenas, mais si das endóxenas que de modo local facilitan a ruptura das paredes das células veciñas. Así, esta fase caracterízase polo crecemento dos primordios radiculares xa autónomos e remata coa emerxencia das raíces, a conexión dos feixes vasculares do rebento cos das raíces e a diferenciación dos tecidos radiculares (Larskaya *et al.*, 2020).

Pódese estabelecer unha correlación entre os niveis de auxina endóxenos e as etapas do enraizamento adventicio. Deste xeito, a distribución de auxinas nos tecidos é un factor determinante na emerxencia das raíces adventicias. É por iso que en moitas especies é necesario elimina-las auxinas do medio de cultivo trala fase de iniciación do enraizamento adventicio para permitir que as raíces se poidan desenvolver (Lawson *et al.*, 2023).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.6.2 Factores ambientais implicados na formación de raíces adventicias

1.6.2.1 Luz

A luz, tanto pola súa intensidade como pola súa lonxitude de onda, afecta ao desenvolvemento dos rebentos durante a propagación *in vitro*. Amais, a luz tamén ten un efecto directo sobre as raíces (Yun *et al.*, 2023) e afecta ao seu crecemento e desenvolvemento a través de rutas de sinalización, e mesmo directamente mediante a activación do fitocromo phyB nas células da raíz (Lee *et al.*, 2016). A cascada de sinalización de phyB diminúe a concentración de transportadores de auxinas e reduce o crecemento radicular en presenza de luz vermella (van Gelderen *et al.*, 2018). Pola contra a luz azul promove o enraizamento adventicio (Zhai *et al.*, 2021). De forma indirecta, a luz promove a síntese de citoquininas (Dobisova *et al.*, 2017) que reducen o crecemento da raíz (Werner *et al.*, 2011). Por isto é común que a fase de indución do enraizamento adventicio se desenvolva en condicións de escuridade e que despois os rebentos sexan transferidos á luz para mellora-la elongación das raíces (Monteuuis e Bon, 2000). No caso dos castiñeiros, en *Castanea dentata* os rebentos tratados con AIB que se someteron a un período de escuridade tiveron un mellor enraizamento cós cultivados baixo un foto-período normal (Oakes *et al.*, 2013).

1.6.2.2 Medio mineral

As concentracións dos macro e micronutrientes dos medios de cultivo afectan ao desenvolvemento das raíces adventicias en formación. Minerais como o calcio, o zinc e a fonte de nitróxeno parecen influír no número de raíces e o fósforo, o ferro, a fonte de nitróxeno e o manganeso afectan á lonxitude das raíces (Schwambach *et al.*, 2005)**.** O calcio promove o enraizamento en álamo e ten un importante papel na elongación do primordio trala fase de indución grazas á súa participación na división celular (Bellamine *et al.*, 1998) e o uso de compostos como o $CaCl_2$ teñen efectos promotores no enraizamento adventicio (Falasca *et al.*, 2004). Ademais, actúa conxuntamente coas auxinas e o óxido nítrico para modula-lo enraizamento adventicio en cogombro (Lanteri *et al.*, 2006). Non obstante, este papel do calcio en especies leñosas aínda non está suficientemente analizado. O nitróxeno en altas concentracións inhibe o crecemento tanto da raíz primaria como das raíces secundarias. Demostrouse en diferentes especies que para o proceso de enraizamento non só é relevante a concentración de nitróxeno senón tamén a forma na que este se engade ao medio de cultivo (Woodward *et al.*, 2006). O óxido nítrico, unha molécula de sinalización, media en procesos inducidos polas auxinas, pode participar tamén na resposta das plantas a diferentes fontes de estrés (Nabi *et al.*, 2019) ou na formación de raíces adventicias (Wei *et al.*, 2019). A produción de óxido nítrico redúcese, xunto coa capacidade rizoxénica, coa maduración dos individuos (Abu-Abied *et al.*, 2012). Outros minerais teñen tamén efecto no desenvolvemento do enraizamento. Por exemplo o aluminio ten efecto inhibidor na elongación das raíces (Horst *et al.*, 2010) a través da modificación dos transportadores de auxinas (Sun *et al.*, 2010). O fósforo ten tamén incidencia na elongación das raíces así como na formación dos pelos radiculares e na densidade do sistema radicular. Porén, este efecto é altamente dependente da especie e das condicións de crecemento das plantas (Liu, 2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.6.2.3 Carbohidratos

A fonte de carbono é indispensábel para o desenvolvemento dos rebentos e das raíces (Hussein *et al.*, 2012). Mais non só afecta a fonte do carbono senón tamén a concentración. É necesario un aporte suficientemente elevado de carbohidratos para asegura-lo enraizamento adventicio, xa que é un proceso con alta demanda enerxética. Con todo, doses excesivamente altas suprimen a indución (Calamar e De Klerk, 2002; Takahashi *et al.*, 2003). O modo de acción da sacarosa no crecemento radicular parece se-la cooperación coas auxinas.

1.6.2.4 Hormonas

Os reguladores do crecemento vexetal, tamén chamados comunmente hormonas vexetais ou fito-hormonas, son un conxunto de compostos de diversa natureza química que inflúen nos programas de desenvolvemento das plantas en concentracións micromolares. Son os principais factores endóxenos que participan na integración de estímulos ambientais co desenvolvemento. A pesar de que os diversos reguladores do crecemento parecen dominar de forma destacada algún proceso concreto do desenvolvemento hai que ter en conta que forman entre eles complexas redes de interacción mutua, en ocasións contraditorias, polo que os cambios na concentración dun regulador afectan á síntese, transporte e vías de sinalización dos demais (Pacurar *et al.*, 2014; Castro-Camba *et al.*, 2022a). Non obstante, si que hai reguladores do crecemento vexetal que están moi presentes na regulación da formación de novas raíces adventicias. As citoquininas (Mao *et al.*, 2019) ou as xiberelinas (Castro-Camba *et al.*, 2022b) inhiben o enraizamento adventicio mentres que outros reguladores como os xasmonatos (Fattorini *et al.*, 2018) ou o ácido abscísico en bidueiro (Vaičiukynė *et al.*, 2019) parecen estimula-la formación de raíces adventicias.

1.6.2.4.1 Auxinas

As auxinas son os reguladores do crecemento vexetal máis relacionados co estabelecemento do patrón de desenvolvemento dos embrións ou durante a formación de órganos. Tamén inflúen no crecemento dos tecidos, a elongación do talo, o mantemento da dominancia apical, a resposta ante diferentes formas de estrés ou o estímulo de fenómenos como o gravitropismo ou o fototropismo (Luo *et al.*, 2018).

De entre tódolos procesos que gobernan o desenvolvemento das plantas as auxinas parecen estar especialmente implicadas no enraizamento (Druege *et al.*, 2019). O ácido indol-3-acético (AIA) é a auxina natural máis común nos tecidos da planta aínda que no laboratorio a máis empregada é o ácido indol-3-butírico (AIB). O AIB torna en bioactiva trala súa conversión en AIA nos peroxisomas (Rout, 2006; Damodaran e Strader, 2019). A aplicación de auxinas promoven a proliferación de células que forman calos indiferenciados e, en condicións óptimas, estes calos poden desenvolver primordios radiculares que inicien a formación de raíces (Yu *et al.*, 2017). O efecto da aplicación das auxinas no enraizamento depende do tipo de auxina utilizada, a concentración, o substrato, o tempo de exposición e o estado de desenvolvemento dos tecidos (Okao *et al.*, 2016; Denaxa *et al.*, 2022). Un tratamento con auxinas excesivo pode inhibi-los procesos de indución e elongación polo que estas son retiradas trala indución para permitir que as raíces se desenvolvan con normalidade (Lawson *et al.*, 2023).

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A correcta distribución de auxinas a través da planta e a formación de gradientes son precisos para un correcto desenvolvemento (Petrášek e Friml, 2009). As auxinas son sintetizadas principalmente no meristema apical e nos órganos en desenvolvemento (Banasiak *et al.*, 2019) así como na raíz (Ljung *et al.*, 2005). Após a síntese as auxinas teñen de transportarse até as zonas da planta onde van actuar. O transporte polar de auxinas crea así máximos e mínimos locais de auxinas que modifican a expresión xénica. Ese transporte é consecuencia da actividade das proteínas de membranas encargadas de introduci-las auxinas na célula, as AUXIN-RESISTANT 1 (AUX1) e Like-AUX (LAX), e as proteínas que determinan o fluxo de saída das auxinas da célula, as proteínas PIN e as ATP-BINDING CASSETTE TYPE B / P-GLYCOPROTEIN / MULTIDRUG RESISTANT (ABCB/MDR/PGP) (Hammes *et al.*, 2022). A distribución polarizada e asimétrica dos transportadores na célula produce o transporte polar de auxinas encargado do movemento deste regulador do crecemento por toda a planta (Adamowski e Friml, 2015). Substancias como o NPA reprimen o transporte polar de auxinas inhibindo as proteínas PIN transportadoras de auxinas (Abas *et al.*, 2021). Así, a inhibición do transporte polar de auxinas polo NPA produce divisións celulares anormais durante os primeiros estadios do enraizamento adventicio (Guan *et al.*, 2020), reduce o número de raíces adventicias e atrasa a emerxencia dos primordios radiculares (Xu *et al.*, 2017). Estas consecuencias da aplicación do NPA demostran a implicación do transporte polar de auxinas no desenvolvemento radicular.

1.6.2.4.2 Xiberelinas

As xiberelinas son reguladores chave de múltiples procesos fundamentais para o correcto desenvolvemento das plantas. A pesar de que destacan de forma notábel na promoción da xerminación das sementes (Chen *et al.*, 2008) ou na elongación do talo (Wang *et al.*, 2017b) as xiberelinas tamén teñen implicacións no síndrome de evitación da sombra, na xiloxénese, no desenvolvemento das flores e dos froitos (Castro-Camba *et al.*, 2022b) ou na resposta a diferentes tipos de estrés (Castro-Camba *et al.*, 2022a). No caso das raíces, suxírese que as xiberelinas están implicadas na elongación (Rizza *et al.*, 2017) e no desenvolvemento das raíces laterais (Busov *et al.*, 2006). Polo xeral, as xiberelinas son represoras do enraizamento. Así, a aplicación exóxena de ácido xiberélico (GA_3), unha das xiberelinas bioactivas, inhibiu o enraizamento en álamo (Busov *et al.*, 2006). O mesmo ocorre coa adición do PBZ, un inhibidor da síntese xiberelinas, que incrementa a taxa de enraizamento adventicio en diferentes especies tales como oliveira (Salari *et al.*, 2017). Porén, este efecto inhibidor do enraizamento é dependente da especie. Hai estudos que amosan un aumento do enraizamento adventicio ante a aplicación de GA_3 en especies leñosas como o carballo (Eshed *et al.*, 1996).

As xiberelinas regulan o desenvolvemento vexetal a través da degradación de proteínas DELLA, factores de transcrición da familia GRAS que actúan como inhibidores do crecemento e bloquean a capacidade de unión dos factores de transcrición ao ADN (Davière e Achard, 2013). As xiberelinas únense ás proteínas receptoras Gibberellin Insensitive Dwarf (GID) para produci-la poli-ubiquitinación das proteínas DELLA, proceso que as deixa marcadas para a súa degradación polo proteosoma 26S (Xue *et al.*, 2022).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.6.2.4.3 Etileno

O etileno está implicado na resposta ao estrés e está asociado coa capacidade de resposta da planta a estímulos ambientais mediante a súa interacción co resto de rutas de sinalización. Por exemplo, interrompe a dominancia apical diminuíndo a relación auxinas:citoquininas, incrementa a biosíntese e a sensibilidade das xiberelinas ou promove a degradación do ácido abscísico (Žiauka e Kuusienė, 2010). O etileno tamén parece interactuar coas auxinas para influír no desenvolvemento da raíz primaria (Qin *et al.*, 2019). Secasí, o etileno pode ter un efecto promotor, neutro ou inhibidor do enraizamento adventicio en función da especie e da fase do proceso (Geiss *et al.*, 2009). O etileno foi descrito como un inhibidor do enraizamento adventicio en especies como pereira (Park *et al.*, 2017) ou maceira (Ma *et al.*, 1998). Por outra banda, hai especies leñosas como *Pinus thubergii* (Mori *et al.*, 2011) ou laranxeira (Mendes *et al.*, 2011) nas que o etileno estimula a formación de raíces adventicias. O etileno tamén inhibe o crecemento da raíz regulando a ruta de sinalización de auxinas (Cederholm *et al.*, 2012).

1.6.2.4.4 Citoquininas

Durante o proceso de enraizamento, ao igual que ocorría coas auxinas, a concentración das citoquininas varía en función da fase, diminúen durante a fase de indución e aumentan na iniciación e na extensión (Kevers *et al.*, 1997; Rasmussen *et al.*, 2015).

Aínda máis importante cás citoquininas é a relación entre a cantidade de citoquininas e a de auxinas. Este balance determina o proceso organoxénico que se produce no cultivo *in vitro* a partir mesmo de calos indiferenciados (Ikeuchi *et al.*, 2013). A relación entre ámbolos dous reguladores do crecemento determina aspectos chave do desenvolvemento da planta: a organoxénese, a formación do meristema apical, a proliferación e a diferenciación celulares (Schaller *et al.*, 2015) ou a determinación da morfoloxía dos órganos e tecidos, incluído o desenvolvemento dos rebentos e das raíces (Kurepa *et al.*, 2023). Desta forma, unha relación auxinas/citoquininas favorábel ás primeiras é necesaria para a indución do enraizamento adventicio (Kurepa e Smalle, 2022). As interaccións entre ambos reguladores do crecemento modulan a morfoxénese radicular por medio do control do meristema radicular e o crecemento da raíz (Su *et al.*, 2011).

1.6.2.4.5 Xasmonatos

A acción dos xasmonatos está principalmente relacionada coa resposta da planta ante diversos tipos de estrés, tanto bióticos coma abióticos. Este regulador modula o crecemento e desenvolvemento da planta, sobre todo, en resposta aos ambientes desfavorábeis (Kamińska, 2021). Entre estes procesos de resposta está a indución do enraizamento para resisti-lo estrés (Betti *et al.*, 2021). Porén, os xasmonatos teñen un efecto dual no enraizamento adventicio en función de factores como o tipo de material vexetal ou a idade dos explantes (Pan *et al.*, 2021). Así, en plántulas de *Arabidopsis* que creceron en escuridade a interacción dos xasmonatos, o etileno e as auxinas promoven o enraizamento adventicio (Fattorini *et al.*, 2018) mentres que poden inhibi-lo crecemento da raíz e dos pelos radiculares en condicións de estrés (Han *et al.*, 2023). Así a todo, os xasmonatos tamén parecen colaborar coas citoquininas para conteren o

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inicio das raíces adventicias (Dob *et al.*, 2021). Isto demostra que as regulacións dinámicas e recíprocas entre xasmonatos, etileno, auxinas e citoquininas modifican os balances de auxina/citoquinina e os niveis de xasmonatos e modulan o desenvolvemento das raíces (Xu *et al.*, 2020; Abarca, 2021).

1.6.2.4.6 Ácido abscísico

O ácido abscísico está implicado na tolerancia ao estrés abiótico. Os principais efectos do ácido abscísico son a regulación da apertura estomática ou a síntese de ceras que forman a cutícula para reduci-la perda de auga e aumenta-la tolerancia ao estrés (Chen *et al.*, 2020). A adición de ácido abscísico exóxeno mellora a calidade do sistema radicular en bidueiro, con raíces máis longas e máis raíces laterais (Vaičiukynė *et al.*, 2019). No caso da vide, o aumento da concentración de ABA incrementou de xeito significativo o contido de IAA e a porcentaxe de rebentos enraizados (Tomiyama *et al.*, 2020).

1.6.2.4.7 Brasinosteroides

A acción dos brasinosteroides está relacionada principalmente co desenvolvemento das plantas en reacción a diversos tipos de estrés (Hafeez *et al.*, 2021). Os brasinosteroides parecen interactuar coas auxinas para promove-lo enraizamento adventicio (Maharjan *et al.*, 2014) como resposta directa ao estrés producido por metais pesados (Betti *et al.*, 2021). De xeito contrario, liñas transxénicas de álamo que presentan un peor enraizamento parecen sobre-expresar xenes da ruta de sinalización dos brasinosteroides (Ramírez-Carvajal *et al.*, 2009). Polo tanto, a acción dos brasinosteroides no control do desenvolvemento radicular parece estar influída por diversos factores, entre os que se atopa a propia concentración desta hormona, xa que promove o crecemento das raíces a baixas concentracións a inhíbeo cando a concentración de brasinosteroides aumenta (Wei e Li, 2016).

1.6.2.4.8 Estrigolactonas

As estrigolactonas son uns reguladores do crecemento descubertos hai relativamente pouco tempo e as súas respostas están menos caracterizadas en comparanza co resto de hormonas vexetais. Están implicadas no alongamento dos internodos, na senescencia foliar ou na simbiose con micorrizas arbusculares mentres que parecen inhibi-lo gravitropismo do talo ou o crecemento das xemas axilares (Waters *et al.*, 2017). En relación co enraizamento adventicio hai estudos que suxiren que as estrigolactonas están implicadas na inhibición da formación de raíces adventicias (Rasmussen *et al.*, 2012b). En especies como xasmín dos poetas, dentilaria do Cabo e *Millettia pinnata* a inhibición das estrigolactonas promoveu o enraizamento adventicio (Rasmussen *et al.*, 2012a), efecto que tamén se observou en liñas transxénicas de álamo deficientes na biosíntese de estrigolactonas (Muhr *et al.*, 2016).

1.6.2.5 Outros compostos

Mais non só os reguladores do crecemento vexetal clásicos están implicados na regulación do enraizamento adventicio. Diferentes compostos poden promover ou inhibir este proceso (Deng *et al.*, 2019), como é o caso dos compostos fenólicos (Denaxa *et al.*, 2022). Tamén pequenas moléculas como o peróxido de hidróxeno, un tipo de especie reactiva de osíxeno parecen promove-lo enraizamento adventicio en diferentes especies (Deng *et al.*, 2019;

Roussos, 2023). Outras moléculas, como o ácido gamma-aminobutírico (GABA) están tamén presente nas plantas e parece ter un rol inhibidor no enraizamento (Li *et al.*, 2021). Compostos como o $AgNO_3$ ou a putrescina (Amghar *et al.*, 2021) ou novos compostos sintéticos derivados da urea actúan como coadxuvantes das auxinas (Ricci *et al.*, 2008, 2016) e modulan o proceso de enraizamento. Outras estratexias inclúen o uso de estimuladores biolóxicos que permitan mellora-lo enraizamento ao tempo que se reduce o uso de auxinas exóxenas (Pacholczak *et al.*, 2015). Este tipo de bio-estimuladores naturais teñen efectos positivos en especies como a pereira (Dimitrova e Berova, 2020) ou terebinto (Nacheva *et al.*, 2019). Porén, contan coa desvantaxe de que a súa composición aínda non está caracterizada.

Aínda así, moitas especies, xenotipos ou material vexetal, como se dixo antes, son recalcitrantes á xeración de raíces adventicias a pesar de seren tratadas con auxinas. Este estado recalcitrante nas especies leñosas depende en grande medida do estado ontoxenético do material vexetal. O descenso na capacidade de enraizamento durante o cambio de fase está asociada a cambio na homeostase das auxinas (Aumond *et al.*, 2017), o que leva a cambios na na expresión de xenes de resposta a auxinas (Vielba *et al.*, 2016). Análises en castiñeiro amosaron un contido até cinco veces superior de AIA en tecidos adultos de difícil enraizamento en comparanza cos tecidos xuvenís (Ballester *et al.*, 1999) polo que o nivel de auxina endóxeno non é o único parámetro implicado na indución do enraizamento adventicio. O uso de técnicas e análises moleculares permiten profunda-lo coñecemento da relación entre o cambio de fase e o enraizamento adventicio. Este coñecemento é chave para conseguir propagar adecuadamente o material estabelecido a partir de tecidos adultos.

1.7 ANÁLISES MOLECULARES

Por todo isto é importante contarmos con protocolos ben definidos para a propagación *in vitro* de cada material. Para iso é imprescindíbel saber que xenes están implicados nos procesos de enraizamento e como os diferentes tratamentos empregados na indución de raíces adventicias afectan á súa expresión. Entre as ferramentas que a bioloxía molecular nos proporciona para analizar esta relación a secuenciación é unha das máis precisas e, desde hai uns anos, sinxelas e accesíbeis. O cultivo *in vitro* pode ser de grande utilidade para a secuenciación, xa que o control do medio de desenvolvemento das plantas e a clonación permiten reduci-la variabilidade e detecta-los cambios producidos de forma máis precisa que os exemplares obtidos por outros medios. A secuenciación de primeira xeración, inaugurada en 1977 (Sanger *et al.*, 1977) foi predominante durante tres décadas até a aparición da secuenciación de segunda xeración. Esta permitía obter datos de forma masiva, barata e rápida polo que impulsou en gran medida a investigación molecular, mais os fragmentos xerados tiñan a desvantaxe de seren máis curtos. Isto ocasionaba erros e ensamblaxes subóptimos, especialmente para ensamblaxes *de novo* de xenomas grandes e altamente repetidos, como o caso dos xenomas vexetais (Dumschott *et al.*, 2020). A secuenciación de terceira xeración chegou da man de Pacific Biosciences (PacBio) á que se uniría a tecnoloxía desenvolvida por Oxford Nanopore Technologies (ONT). Esta última vaga de avances nas técnicas de secuenciación estimulou o progreso no eido da transcritómica.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A transcritómica é a aplicación das técnicas de secuenciación ao transcritoma dun organismo, ao total de moléculas de ARN dun tecido particular durante un estadio do desenvolvemento ou proceso funcional concretos. Deste xeito, permite coñecer a un nivel máis profundo a regulación dos procesos biolóxicos e as redes de expresión implicadas nela.

Entre as tecnoloxías de secuenciación de terceira xeración destaca as desenvolvidas por ONT, nas que se atopa o dispositivo MiniON que permite a secuenciación de fragmentos longos por nanoporos. O seu baixo custo e a súa portabilidade permite un uso cada vez máis estendido das técnicas de secuenciación (Jain *et al.*, 2016). Esta tecnoloxía consiste nuns nanoporos unidos a unha membrana de polímero resistente á electricidade. Unha proteína motora con actividade helicase desenrola a dupla cadea de ADN e controla a velocidade coa que esta febra monocatenaria, cargada positivamente pasa polo poro desde o lado *cis*, cargado positivamente, até o *trans*, cargado negativamente. As mudanzas na corrente iónica que se producen durante a translocación son específicos de cada nucleótido (Wang *et al.*, 2021c). Esta tecnoloxía permite a secuenciación de lecturas longas que permiten mellora-la identificación de isoformas de transcrición, a certeza no mapeamento, a detección de variantes estruturais (Amarasinghe *et al.*, 2020), a caracterización de marcas epixenéticas, o desenvolvemento de marcadores moleculares etc. De entre estas aplicacións destacan a capacidade de completar ocos en xenomas de referencia e a posibilidade de ensamblaxes *de novo* de xenomas, aínda que estes sexan grandes e teñan moitos elementos repetidos, secuencias en tándem ou transposóns, o que permite a construción de novos xenomas de referencia (Wang *et al.*, 2021c; Tyagi *et al.*, 2022). Isto permite contar con xenomas de referencia para máis especies de forma máis rápida e, polo tanto, ao ter xenomas dispoñíbeis de especies relacionadas aumentase a calidade dos datos obtidos e pódense dilucida-las redes xenéticas implicadas nos procesos biolóxicos dun xeito máis preciso. Deste xeito, a secuenciación con MinION xa comeza prover de coñecemento nos procesos que interveñen durante o cambio de fase (Zhang *et al.*, 2021b) e o enraizamento adventicio (Cai *et al.*, 2023) en especies forestais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2. OBXECTIVOS

O castiñeiro (*Castanea sativa* Mill.) é unha especie sobranceira na Galiza mais que está a enfrontar importantes problemas no noso país, o que pon en perigo a existencia dos soutos e os seus servizos económicos, biolóxicos e culturais derivados. Entre as principais causas deste devalo atópanse factores globais, como é o caso do cambio climático, que modifica os patróns climáticos e as redes de interacción ecosistémicas estabelecidas durante a evolución dos castiñeiros, ou do despoboamento rural, causado pola concentración dos traballos e os servizos nas zonas urbanas. Mais os castiñeiros tamén se enfrontan a problemas específicos como a existencia de patóxenos letais ou a propagación de variedades pouco produtivas, que reducen os incentivos para conservar esta especie. Deste xeito, é preciso atopar métodos eficaces, estábeis e económicos que permitan propagar variedades seleccionadas en función de diferentes trazos fenotípicos. Isto permitiría multiplicar castiñeiros resistentes ás novas condicións producidas pola mudanza climática, resistentes ante pragas e doenzas ou liñas altamente produtivas que incentivasen o traballo no rural, o que levaría a un círculo virtuoso entre a industria transformadora, o mantemento dos soutos e a repoboación rural.

Unha das estratexias para levar a cabo unha propagación masiva, efectiva e rápida que contribúa a soluciona-lo problema dos castiñeiros na Galiza é o cultivo *in vitro*, que permite a multiplicación de exemplares de castiñeiro seleccionados. Porén, para que esta técnica sexa realmente produtiva existen algunhas limitacións que deben de superarse. Entre estas dificultades está a formación de raíces adventicias. Unha vez os rebentos son multiplicados é necesario que estes formen raíces para poderen plantarse no campo. Isto non ten porqué supor maior problema agás nas especies recalcitrantes ao enraizamento, aquelas que non teñen a capacidade de desenvolveren un sistema radicular competente durante a micropropagación. Moitas das especies leñosas que se intentan propagar non son recalcitrantes en tódolos períodos do seu ciclo vital senón que perden a capacidade de enraizamento trala maduración, no coñecido como cambio de fase. Deste xeito, dáse o paradoxo de ter que selecciona-lo material vexetal que se vai estabelecer *in vitro* durante a época adulta – cando xa expresaron as características fenotípicas que os fan interesantes para a micropropagación – nunha fase na que xa non teñen a capacidade de enraizar e completa-lo ciclo que permita devolvelas ao campo despois da súa multiplicación. Por iso comprende-los factores implicados no enraizamento e no cambio de fase do castiñeiro é vital para desenvolver protocolos de micropropagación axeitados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para este fin, durante a presente tese "Mecanismos reguladores da competencia para a rexeneración de raíces adventicias en especies leñosas" propóñense varios obxectivos específicos que axuden a profundar no coñecemento relacionado coa formación de raíces adventicias en castiñeiro:

1. Elaboración dun medio economicamente óptimo que permita a multiplicación e o enraizamento do castiñeiro asegurando a calidade do material.
    1. Axuste do axente xelificante no medio de cultivo.
    2. Modificación da fonte de carbono do medio de cultivo.
2. Análise da resposta rizoxénica ante diferentes tratamentos que estean implicados na adquisición de competencia para o enraizamento.
    1. Optimización da concentración de auxinas durante o enraizamento.
    2. Avaliación dos efectos producidos polo bloqueo do transporte polar de auxinas.
    3. Análise do efecto da promoción ou inhibición das xiberelinas sobre o enraizamento adventicio.
    4. Caracterización da resposta do sistema radicular ao etileno.
    5. Avaliación dos efectos de diferentes compostos non hormonais (H_2O_2, 3,4-MDPU, EGTA e Charkor) no enraizamento adventicio.
3. Identificación de xenes implicados na adquisición ou perda de competencia para o enraizamento en relación co cambio de fase e análise da súa expresión como resposta aos tratamentos de enraizamento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3. ASPECTOS METODOLÓXICOS

3.1 MATERIAL VEXETAL

Nos experimentos realizados nesta tese empregáronse clons de especies leñosas importantes en Galiza. Este material xa fora estabelecido e empregado previamente no laboratorio e xa existían protocolos de multiplicación previamente estabelecidos.

3.1.1 Castiñeiro

O material vexetal utilizado consiste en dúas liñas de castiñeiro (*Castanea sativa* Mill.), o clon P2. A árbore da que se estabeleceron estas liñas é un castiñeiro adulto de máis de 80 anos de idade. As liñas empregadas foron P2Rb, derivada de rebentos basais da árbore e P2C estabelecida a partir de pólas da copa. Ámbalas dúas liñas difiren nas taxas de proliferación e enraizamento da forma descrita previamente (Sanchez e Vieitez, 1991).

3.1.2 Bidueiro

O clon de bidueiro (*Betula pubescens* ssp. celtiberica) empregado é o Piñoi, chamado así pola súa localización no campo onde medrou, que foi estabelecido das pólas da copa dun exemplar monumental (17602 en monumentaltrees.com) de bidueiro adulto de fácil enraizamento (Covelo *et al.*, 2019).

3.1.3 Carballo

O material de carballo (*Quercus robur* L.) utilizado corresponde ao clon Saínza, estabelecido a partir de rebentos basais dun carballo monumental que tiña no momento do estabelecemento *in vitro* máis de 300 anos de idade (Vieitez *et al.*, 1994).

3.2 PROLIFERACIÓN DOS CULTIVOS

3.2.1 Metodoloxía

Cada catro semanas os rebentos de castiñeiro cun bo desenvolvemento poden multiplicarse en medio de cultivo fresco ou seren empregados para experimentos de enraizamento. Para a multiplicación elimínase o calo basal e a metade apical das follas, secciónanse os rebentos en explantes de 1 - 1,5 cm que deben incluír ao menos dúas xemas laterais – e poden incluír tamén a xema apical – para iniciar de novo o ciclo de multiplicación.

Para o clon Saínza de carballo estabeleceuse un ciclo de multiplicación de catro semanas. Para a súa multiplicación decapítase o rebento desbotando o ápice e elimínanse as follas agás un anaco da folla máis apical. O rebento nu é chantado horizontalmente no medio de cultivo durante dúas semanas, momento no que será transferido durante dúas semanas adicionais a un medio coa concentración de citoquininas reducida á metade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O ciclo de multiplicación do clon Piñoi de bidueiro fixouse en oito semanas. Para a súa multiplicación empréganse explantes de 1 – 1,5 cm procedentes da base do rebento aos que se eliminaron as partes apicais das follas. Após dous meses no medio de cultivo reiníciase o ciclo de multiplicación.

Os clons multiplicados son cultivados en cámaras de cultivo a 25 ± 1 °C de temperatura diúrna, cunha humidade relativa do 80% - 90% e cun fotoperíodo de 16 h de luz dunha intensidade de 90-100 µmol m^{-2} s^{-1} proporcionado por lámpadas fluorescentes e 8 horas de escuridade a unha temperatura de 20 ± 1 °C.

3.2.2 Medios de cultivo

O medio de cultivo das liñas de castiñeiro, consistente en medio GD (Gresshoff e Doy, 1972) suplementado con benciladenina (BA) 0,44 µM, 30 g L^{-1} de sacarosa e 7 g L^{-1} de agar Bacto como axente xelificante, foi dispensado en tubos con 16,5 ml de medio.

A liña de carballo foi mantida en xerras con 70 ml de medio GD suplementado con 30 g L^{-1} de sacarosa, 7 g L^{-1} de Plant Propagation Agar como axente xelificante e dúas concentracións de BA (0,44 µM e 0,22 µM).

Os rebentos de bidueiro foron propagados en xerras de vidro con tapa plástica en 50 ml de medio MS (Murashige e Skoog, 1962) coas vitaminas modificadas e suplementado con 27,2 µM de Fe-EDTA, 56,8 µM de ácido ascórbico, 52 µM de ácido cítrico, 2,3 µM de ácido fólico, 0,5 µM de ácido 1-naftalenacético e 1,7 µM de meta-topolina. No medio engadíronse 30 g L^{-1} de sacarosa como fonte de carbono e 7 g L^{-1} de agar Bacto como axente xelificante.

Tódolos medios de cultivo axustáronse a un pH 5,6 – 5,7 e esterilizáronse no autoclave a 121 °C durante 20 minutos.

3.2.3 Medios alternativos

Para comproba-los efectos do cambio do axente xelificante (agar Bacto ou agar comercial de produción local) e da fonte de carbono (sacarosa ou azucre comercial) deseñáronse catro medios de cultivo combinando os compoñentes fornecidos por provedores de material de laboratorio e por estabelecementos comerciais (Táboa 1).

Táboa 1. Composición dos medios de cultivo.

	Agar Bacto	Agar comercial	Sacarosa	Azucre comercial
CM	X		X	
M1	X			X
M2		X	X	
M3		X		X

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.2.3.1 Toma de datos e tratamento estatístico da proliferación de rebentos

En P2Rb empregáronse 24 tubos con cadanseu rebento en cada ciclo e o experimento foi repetido 6 veces, 144 rebentos en total para cada tratamento. Para a multiplicación de bidueiro empregáronse tres réplicas e tres repeticións para cada tratamento, cun total de 63 rebentos por cada tratamento ao se multiplicaren 7 rebentos por xerra. Á fin do ciclo de cultivo recolléronse datos do número de rebentos formado, a altura do rebento máis alto e o número de follas novas formada en cada rebento.

A normalidade dos datos foi comprobada ca proba de Shapiro-Wilk e o suposto de homocedasticidade foi avaliado mediante a proba de Levene do paquete "car" (Fox e Weisberg, 2019). Cando se cumpriron as asuncións requiridas os datos foron analizados co test ANOVA e empregouse a proba HSD de Tukey como *post hoc*. Cando se descartou a existencia de normalidade aplicouse a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis seguido da proba de Dunn – do paquete "FSA" (Ogle *et al.*, 2023) – con axuste de Bonferroni como *post hoc*. Nos parámetros que se expresan como unha porcentaxe levouse a cabo unha análise de regresión no que se asume unha distribución beta dos datos empregando o paquete "betareg" (Cribari-Neto e Zeileis, 2010) e o paquete "emmeans" como proba *post-hoc* (Lenth, 2023). Tódalas análises estatísticas foron feitas co programa R (R Core Team, 2021).

3.3 ENRAIZAMENTOS

Tódolos experimentos de indución de raíces adventicias en castiñeiro seguiron a mesma estrutura (Fig. 2). Eliminación do calo e das follas basais dos rebentos, incubación en escuridade durante cinco días en medio GD 1/3 de macronutrientes (medio basal de enraizamento) suplementado con 30 g L^{-1} de sacarosa, 7 g L^{-1} de agar Bacto e coas substancias que se van avaliar. Transferencia dos rebentos a un medio basal de expresión de raíces, de igual composición có de indución sen substancias que afecten de forma predominante ao enraizamento. Os rebentos cultiváronse a 25 °C cunha humidade relativa do 80% - 90% e cun fotoperíodo de 16 h dunha intensidade de 90-100 µmol m^{-2} s^{-1} durante 25 días adicionais. Tódolos experimentos de enraizamento foron levados a cabo en xerras de vidro con tampa plástica cun volume de medio de 50 ml e seis rebentos por xerra. En cada experimento fixéronse un mínimo de tres replicados e tres repeticións do experimento para asegurar un tamaño de mostra suficiente.




Figura 2. Representación esquemática do proceso de enraizamento do castiñeiro, onde os rebentos se incuban co tratamento durante cinco días en escuridade antes de seren transferidos a medio sen hormonas e condicións normais de luz.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.1 Medios alternativos de enraizamento

Comprobouse o efecto da substitución da fonte de carbono e do agar por marcas comerciais non específicas de laboratorio na calidade do enraizamento. Para iso deseñáronse medios de enraizamento de forma análoga aos medios de multiplicación. Mantívose o medio mineral e o aporte hormonal mais combináronse os diferentes tipos de agar e de azucres. O enraizamento levouse a cabo con AIB 25 μM. No caso dos rebentos de bidueiro estes amosan enraizamento espontáneo polo que se tomaron e trataron estatisticamente os datos mais sen realizar ningún experimento de enraizamento específico.

3.3.2 Efecto da concentración de auxina

Para comproba-los efectos da concentración das auxinas no enraizamento realizáronse experimentos de enraizamento no medio de enraizamento basal mais modificando as concentracións de AIB. No caso da liña xuvenil, P2Rb as concentracións testadas de AIB foron 25, 12,5, 10, 5 e 2,5 μM de AIB. No caso da liña derivada de material adulto, P2C, as concentracións testadas foron 12,5, 25 e 50 μM.

3.3.3 Efecto do NPA

Empregouse ácido NPA, unha substancia que bloquea o transporte polar de auxinas para dilucida-lo efecto deste transporte no enraizamento en P2Rb. O NPA foi engadido ao medio de cultivo esterilizado no autoclave mediante filtración (con filtros Millipore de 0,22 μm) nunha cámara de fluxo laminar en condicións de esterilidade. Para realizar este experimento os rebentos enraizáronse en medio basal con AIB 25 μM + NPA (0, 100 ou 200 μM) e AIB 2,5 μM + NPA (0 ou 100 μM).

3.3.4 Xiberelinas

Para comproba-lo efecto das xiberelinas sobre o enraizamento adventicio do castiñeiro xuvenil, P2Rb, empregáronse medios de enraizamento con diferentes concentracións de ácido xiberélico (GA_3), unha das xiberelinas bioactivas (Táboa 2). Os rebentos tratáronse con AIB 2,5 μM e diferentes concentracións de GA_3 (0, 5, 10, 20 ou 40 μM). No material adulto este efecto avaliouse enraizando P2C en medio basal suplementado con AIB 25 μM + GA_3 (0 ou 40 μM).

3.3.4.1 Paclobutrazol

Para observa-lo efecto complementario ao das xiberelinas tamén se fixeron experimentos en P2Rb con PBZ, un inhibidor da síntese de xiberelinas. Empregouse GD 1/3 de macronutrientes suplementado con AIB 2,5 μM + PBZ (0, 5, 10, 20 ou 40 μM). Avaliouse tamén a combinación de ambos compostos aplicados a un tempo (AIB 2,5 μM + GA_3 40 μM + PBZ 40 μM). Co fin de comproba-lo efecto das xiberelinas endóxenas na capacidade de enraizamento realizouse outro experimento con medio basal suplementado con PBZ 40 μM.

No material adulto, P2C, leváronse a cabo enraizamentos con AIB 25 μM + PBZ (0 ou 40 μM). Para avalia-lo efecto das xiberelinas endóxenas no enraizamento realizouse un experimento en medio basal suplementado con PBZ 40 μM.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.3.4.2 Efecto da inhibición do transporte polar de auxinas

Para dilucida-la implicación do transporte polar de auxinas nas modificacións do enraizamento producidas polas xiberelinas os rebentos de P2Rb foron enraizados en medio suplementado con AIB 2,5 μM + NPA 100 μM + PBZ 40 μM ou PBZ 40 μM + NPA 100 μM.

Táboa 2. Tratamentos de enraizamento para a análise do efecto das xiberelinas.

Liña	AIB (μM)	GA_3 (μM)	PBZ (μM)	NPA (μM)
P2Rb	2,5			
	2,5	5		
	2,5	10		
	2,5	20		
	2,5	40		
	2,5		5	
	2,5		10	
	2,5		20	
	2,5		40	
	2,5	40	40	
		40	40	
			40	
	2,5		40	100
			40	100
P2C	2,5			
	2,5	40		
	2,5		40	
			40	

3.3.5 Etileno

3.3.5.1 Tiosulfato de prata

Fixéronse experimentos de enraizamento con P2C nos que se fixo un pre-tratamento cun inhibidor da acción do etileno, o tiosulfato de prata (STS 20 μM) durante 48 h en escuridade, sen AIB, seguido do tratamento de AIB 25 μM de 48 h adicionais en escuridade, sen STS, antes da transferencia a medio libre de hormonas durante 25 días en condicións de crecemento estándar. Como control empregáronse rebentos que foron cortados e incubados en escuridade durante 48 h sen hormonas antes da súa transferencia a medio con AIB 25 μM durante dous días adicionais previamente á transferencia a medio libre de hormonas en condicións estándar de luz e temperatura.

3.3.5.2 ACC e $AgNO_3$

Para avalia-lo efecto do etileno no enraizamento adventicio de material xuvenil e material adulto tamén se fixeron experimentos de enraizamento con rebentos de P2Rb e P2C. Os tratamentos control utilizados nestes experimentos foron medio basal GD 1/3 de macronutrientes suplementados con AIB 2,5 μM (P2Rb) e 25 μM (P2C) durante cinco días.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para avalia-lo efecto do ACC e do $AgNO_3$ os rebentos de ámbalas dúas liñas foron tratados durante cinco días con cadansúa concentración de AIB + ácido 1-Aminociclopropano-1-carboxílico (ACC) 30 μM ou con AIB + nitrato de prata ($AgNO_3$) 30 μM.

3.3.6 Outros compostos

3.3.6.1 H_2O_2

Na liña P2Rb, con características xuvenís, avaliouse o efecto do tempo de aplicación de H_2O_2 e a súa interacción coa auxina na formación de raíces adventicias. Para iso engadiuse H_2O_2 100 mM con ou sen adición simultánea de AIB 2,5 μM durante 3 h, 24 h ou 72 h.

3.3.6.2 MDPU

Avaliouse o efecto dun derivado das difenil-ureas proporcionado por Ada Ricci, da Universidade de Parma. O efecto da N,N′-bis-(3,4-methilenedioxifenil)urea (3,4-MDPU) estudouse na liña P2Rb incubando os rebentos durante cinco días nun medio basal de enraizamento suplementado con AIB 25 μM e con catro concentracións diferentes (0, 0,1 , 1 ou 10). Tamén se empregaron rebentos do clon Saínza de carballo que foron incubados en escuridade durante 24 h en medio GD 1/3 suplementado con AIB 75 μM en presenza de 3,4-MDPU a diferentes concentracións (0, 0,1, 1 ou 10) antes da transferencia dos rebentos a medio basal libre de hormona.

3.3.6.3 EGTA

Avaliouse o efecto do ácido tetraacético N',N',N,N-etilenglicol-O,O'-bis(2-aminoetil eter) (EGTA), un axente quelante do calcio, no enraizamento adventicio do material de castiñeiro adulto. Para iso, fíxose un enraizamento de P2C en medio de enraizamento basal suplementado con AIB 25 μM + EGTA 10 μM.

***3.3.6.4** Charkor*

Comprobouse o efecto dun composto orgánico promotor do enraizamento, o Charkor (Agrobiotech, Ukraine), unha substancia bioestimulante de orixe natural, subministrada por Alexey Melnikov (Agrobiotech, Ukraine), nunha concentración de 1 ml/L en combinación con AIB en rebentos de P2Rb e P2C.

3.3.7 Toma de datos e análise estatística dos enraizamentos

Tódolos experimentos de enraizamento se levaron a cabo con seis explantes en cada xerra de vidro. Empregáronse tres xerras por replicado e repetiuse o experimento tres veces para cada tratamento utilizando un total de 54 rebentos en total para cada tratamento.

Os parámetros analizados no enraizamento foron a porcentaxe de rebentos enraizados, o número medio de raíces en cada rebento enraizado, a lonxitude media das raíces, a porcentaxe de rebentos que formaron calo na base, a porcentaxe de rebentos que presentaron seca apical e aqueles onde unha xema secundaria foi quen de re-emprende-lo crecemento e a cinética do enraizamento, representada mediante o T50, unha medida que indica o día en que emerxeran o 50% das raíces finais.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A normalidade dos datos foi comprobada ca proba de Shapiro-Wilk e o suposto de homocedasticidade foi avaliado mediante a proba de Levene do paquete "car" (Fox e Weisberg, 2019). Cando se cumpriron as asuncións requiridas os datos foron analizados co test ANOVA e empregouse a proba HSD de Tukey como *post hoc*. Cando se descartou a existencia de normalidade aplicouse a proba non paramétrica de Kruskal-Wallis seguido da proba de Dunn – do paquete "FSA" (Ogle *et al.*, 2023) – con axuste de Bonferroni como *post hoc*. Nos parámetros que se expresan como unha porcentaxe levouse a cabo unha análise de regresión no que se asume unha distribución beta dos datos empregando o paquete "betareg" (Cribari-Neto e Zeileis, 2010) e o paquete "emmeans" como proba *post-hoc* (Lenth, 2023). Tódalas análises estatísticas foron feitas co programa R (R Core Team, 2021).

3.4 ANÁLISES MOLECULARES

3.4.1 Recollida de material e extracción de ARN

3.4.1.1 Recollida de material

Mostras de material vexetal de P2Rb foron recollidas ao final do ciclo de multiplicación (T0), e en tres puntos temporais (24 h, 48 h e 72 h) nos seguintes tratamentos: o control incubado en medio basal de enraizamento sen hormonas (W, do inglés *wounding*), en medio suplementado con AIB 2,5 μM (AIB), en medio suplementado con AIB 2,5 μM + GA_3 40 μM (AIB + GA) e en medio suplementado con PBZ 40 μM (PBZ). O material vexetal de P2C foi recollido para realiza-las análises moleculares dos experimentos con STS e dos experimentos de enraizamento con ACC e $AgNO_3$. No caso dos experimentos con STS as mostras foron recollidas ás 48 h após o corte e incubación en medio GD 1/3 0 sen ningún tratamento específico (W); ás 48 h após o corte e incubación en medio con STS 20 μM (STS), ás 96 h após o pre-tratamento de 48 h con STS 20 μM e o tratamento de 48 h con AIB 25 μM (STS + AIB) e tamén ás 96 h após 48 h en medio sen hormonas e outras 48 h en medio con AIB 25 μM (W + AIB). No caso dos tratamentos con ACC e $AgNO_3$ foron recollidas mostras á fin do ciclo de multiplicación (T0) e en dous puntos temporais (24 h e 120 h) despois do inicio dos experimentos de enraizamento (AIB 25 μM, AIB 25 μM + ACC 30 μM e AIB 25 μM + $AgNO_3$ 30 μM). A recolección das mostras foi igual en tódolos tratamentos. Seccionouse a parte basal dos rebentos (1 cm) e o material foi conxelado inmediatamente en nitróxeno líquido e gardado a -80 °C até o seu uso (Fig. 3).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 3. Representación esquemática do material recollido para as análises moleculares. Os R arrodeados indican o punto temporal no que se fixeron as recolleitas dos tratamentos especificados nos cadros.

3.4.1.2 Extracción de ARN total

O ARN total das mostras dos experimentos de P2Rb e as mostras dos experimentos de P2C enraizadas con STS foi extraído co kit "FavorPrep Plant Total RNA Purification Mini Kit (for woody Plant)" da empresa Favorgen (Favorgen Biotech corp., Taiwán). Por outra banda, o ARN das mostras de P2C enraizadas no experimento con ACC e $AgNO_3$ foi extraído co kit "Quick-RNA™ Miniprep Kit" da empresa ©Zymo Research (Zymo Research, Irvin, CA, EUA). Ámbolos dous kits, específicos de extracción de ARN mediante un método baseado en na afinidade a columnas de sílice, se utilizaron seguindo as instrucións dos fabricantes. En resumo, o protocolo consiste nunha secuencia de lise celular, unión específica dos ácidos nucleicos á membrana de sílice, lavados con etanol e elución.

3.4.1.3 Cuantificación de ARN

O ARN total foi tratado con ADNases ben na extracción, durante 15 minutos a temperatura ambiente utilizando "On Column DNase I Digestion set" (Sigma-Aldrich, Damstadt, Alemaña), ou ben xusto após a extracción durante 20 minutos a 37 °C empregando "RQ1 RNase free DNaseI" (Promega, Madison, WI, EUA). Tras estes tratamentos a concentración e a calidade do ARN foron avaliadas utilizando un espectofotómetro Nanodrop 2000c (NanoDrop Technologies, Wilmington, NC, EUA) e un fluorímetro Qubit 4 (Thermo Fisher Scientific,Waltham, MA, EUA). A integridade do ARN foi avaliada nun xel cunha concentración de agarosa do 1,5% tinguido con Green safe Premium (NZYTech Lisboa, Portugal).

As mostras que cumpriron cos criterios de calidade esperada foron utilizadas nas análises moleculares posteriores. As mostras que non acadaron a calidade desexada foron depuradas mediante procesos de extracción fenólica e precipitación con etanol até obter un ARN cuns parámetros de pureza axeitados para o seu uso. Os criterios de calidade utilizados foron unha concentración maior de 100 ng/µl, e unha ratio OD260/OD280 de 2 e relación OD260/OD230 no rango de 2,0-2,2 para descarta-la contaminación con proteínas e fenois, respectivamente.

3.4.2 Transcritómica

3.4.2.1 Secuenciación

As mostras de ARN dos experimentos de P2Rb enraizados (T0, W, AIB, AIB + GA e PBZ) e os de P2C (W, STS, STS + AIB e W + AIB) foron secuenciadas utilizando un dispositivo MinION (Oxford Nanopore Technologies, ONT, Oxford, RU) e células de fluxo R9.4.1. As librarías da transcritómica foron creadas co PCR-cDNA Barcoding kit (SQK-PCB109, ONT), que permite secuenciar até doce librarías a un tempo, utilizando o ARN e seguindo as instrucións do fabricante. Resumidamente, o ARN retro-transcríbese, amplifícase por medio da reacción de PCR (14 ciclos) e únese a secuencias de "código de barras" específicos para cadansúa libraría e que permiten distingui-los datos que proceden de cada unha das mostras. Despois, uníronse adaptadores aos transcritos e cargáronse cantidades molares iguais das doce librarías nas células de fluxo R9.4.1 do MinION. Posteriormente levouse a cabo a secuenciación durante un período de 48 h.

3.4.2.2 Análise de secuencias

A análise das secuencias obtidas dos procesos de secuenciación no MinION foi realizada con diversos *softwares*. Debido á grande cantidade de datos e ao poder de computación preciso para levar a cabo estas análises empregouse o soporte computacional do Centro de Supercomputación de Galiza (CESGA).

3.4.2.2.1 Calidade

Empregouse o programa Guppy v3.3.1 (Oxford Nanopore Technologies, ONT, Oxford, RU) para os procesos de *basecalling* e de *demultiplexing*. A calidade inicial das lecturas foi avaliada co programa Epi2me (Metrichor Ltd., Oxford, RU). As lecturas obtidas foron recortadas con Porechop v0.2.4 (Wick *et al.*, 2017) para elimina-las secuencias dos adaptadores e despois re-avaliouse a calidade con FastQC v0.12.1 (Andrews, 2010).

```
      module load porechop
      #!bin/bash
      #SBATCH -t 02:00:00
      #SBATCH -p shared --qos=shared -n 1 --cpus-per-task=4 --mem-per-cpu=2
0GB
      porechop --discard_middle
      -i /ruta de acceso/   \
      -o /ruta de gardado/barcode.fastq/ \

      module load fastqc
      fastq barcode.fastq
```

3.4.2.2.2 Mapeado

As lecturas obtidas no experimento de secuenciación que cumpriron cos criterios de calidade exixidos foron aliñadas e mapeadas co programa Minimap2 v2.24 (Li, 2018) utilizando a opción -ax splice. Debido á falta dun xenoma de referencia de castiñeiro contra o que mapea-las lecturas obtidas no experimento de secuenciación, estas foron mapeadas contra o xenoma de *Quercus suber*, a especie máis relacionada co castiñeiro co arquivo fasta xenómico (.fna) dispoñíbel. Posteriormente os arquivos foron convertidos a formato .sam co programa Samtools v1.14 (Danecek *et al.*, 2021) que tamén foi utilizado para medi-la calidade do aliñamento, ordenar e indexa-los arquivos xerados.

```
module load minimap2
cd /ruta de acceso
minimap2 -ax splice qsuxenomico.fna barcode.fastq > barcode.sam

module load samtools
cd /ruta de acceso
samtools view -S -b barcode.sam > barcode.bam
samtools sort barcode.bam -o barcode.ordenado.bam
samtools index barcode.ordenado.bam
samtools flagstat barcode.bam > barcode.tsv
```

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.4.2.2.3 Ensamblaxe e cuantificación

Os transcritómas das librarías foron ensamblados e cuantificados utilizando o programa Stringtie 2 v2.1.7 (Kovaka *et al.*, 2019). Durante este proceso utilizouse un arquivo de anotación GFF (*General Feature Format*) de referencia de *Quercus suber* e creáronse arquivos .ctab, con información detallada sobre os transcritos esnsamblados tal como a identificación dos transcritos, dos xenes, a súa posición xenómica ou a abundancia de transcritos. Os aliñamentos foron comprobados de forma visual co Integrative Genomics Viewer (Robinson *et al.*, 2011).

```
      module load stringtie
      #!bin bash/
      #SBATCH -t 03:00:00
      #SBATCH -p shared --qos=shared --cpus-per-task=2 --mem-per-cpu=15GB
      cd /ruta de acceso
stringtie -L -B -G qsu.gff -o /ruta de acceso barcode.gtf /ruta de acceso/
barcode.ordenado.bam
```

3.4.2.2.4 Expresión diferencial

Para avalia-los xenes expresados de xeito diferencial (DEGs) entre os tratamentos empregouse o paquete "DESeq2" (Love *et al.*, 2014) do entorno de programación R. Impórtase unha matriz onde cada fila (i) representa un xene e cada columna (j) representa unha mostra onde cada media (μij) é a cantidade proporcional de fragmentos de ADNc do xene na mostra. Así, usouse DESeq2 para analiza-la expresión diferencial dos xenes aplicando un modelo lineal xeneralizado e asumindo unha distribución binomial negativa. Posteriormente compáraronse con DESeq2 os DEGs entre dúas condicións do modelo usando a proba de Wald. Trala aplicación do test Wald os p-valores obtidos correxíronse utilizando o axuste de Benjamini e Hochberg para estabelece-la taxa de descubrimento falso (FDR) en $p < 0,05$. Os resultados obtidos de DESeq2 filtráronse en función do p-valor < 0,05 e o "log2foldchange" para filtra-los xenes que se expresan de xeito diferencial entre as condicións comparadas e representáronse mediante mapas de calor (Kolde, 2019), *volcano plots*, *MA plots* e *PCA* (Love *et al.*, 2014).

```
ruta <- "C:/ruta de acceso"
arquivos <- list.files(ruta)
names(arquivos) <- arquivos
datos_arquivos <- lapply(arquivos, function(x) {
  read.table(x, header = TRUE, sep = "\t")
})

tx2gene <- read_tsv(arquivos)[, c("t_name", "gene_name")]
txi <- tximport(arquivos, type = "stringtie", tx2gene = tx2gene)

NomesMostras <- gsub("\\.\\d\\.ctab", "", as.character(arquivos))
Tratamento <- factor(rep(c("IBA", "IBAGA", "PBZ", "W", "T0"),
                         times = c(9, 9, 9, 9, 3)))
Tempo <- factor(rep(c(rep(c("24", "48", "72"), each = 3), "0"),
                    times = c(4, 1)))
```

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

```
Taboa <- data.frame(NomesMostras = as.factor(NomesMostras),
                    Tratamento = Tratamento,
                    Tempo = Tempo)

rownames(Taboa) <- colnames(txi$counts)
ddsTxi <- DESeqDataSetFromTximport(txi,
                                   Taboa,
                                   design = ~Tratamento)
dds <- DESeq(ddsTxi)
resultados <- results(dds)

#DEGs onde o tratamento está máis expresado que o control
sum(resultados$padj < 0.05 & resultados$log2FoldChange > 1, na.rm = T)
summary(resultados)
#DEGs onde o tratamento está máis expresado que o control
sum(resultados$padj < 0.05 & resultados$log2FoldChange < 1, na.rm = T)
summary(resultados)
```

3.4.2.2.5 Análise de enriquecemento de rutas de sinalización e ontoxenia

Coa información obtida dos DEGs realizáronse análises de enriquecemento das rutas de sinalización coas ferramentas KEGG mapper search (Kanehisa *et al.*, 2022) e Kobas (Bu *et al.*, 2021) para saber que vías están estatisticamente asociadas coa lista de xenes proporcionada. Esta lista de enriquecemento foi calculada utilizando os tests hiperxeométrico e exacto de Fisher (p-valor < 0,05 e p-valor axustado < 0,05).

3.4.3 qPCR

Tralas análises de DEGs realizadas a partir dos datos da transcritómica escolléronse algúns do xenes expresados de xeito diferencial que parecen estar relacionados cos procesos de enraizamento e sinalización de xiberelinas e etileno nas mostras e nos tratamentos analizados. A expresión diferencial destes xenes entre as mostras validáronse mediante a técnica da qPCR.

3.4.3.1 *Deseño de cebadores*

Tódolos cebadores de P2Rb deseñáronse mediante o programa Primer Designing Tool Primer-BLAST baseándonos en secuencias de *Quercus suber*, *Castanea mollisima* e información propia do laboratorio baseada en *Castanea sativa* (Táboa 3). Os criterios seguidos para o deseño de cebadores foron un tamaño do produto de PCR de arredor de 150 pares de bases, unha lonxitude dos cebadores de arredor de 20 nucleótidos, un contido en GC% en torno ao 50% e un punto de fusión óptima de 60 °C.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3. Cebadores utilizados para as qPCR.

Xene	*Cebador*	Secuencia	Tamaño
Auxin-induced protein 22D-like	*Cs22D* Fw	AGATGGCGATTGGATGCTGG	175
	Cs22D Rv	CTGGCCAATCAATTTCCCTTCC	
Ethylene-responsive transcription factor RAP2-3-like	*CsRAP2-3* Fw	CTCGTGGATGATCTCTGGAGC	133
	*CsRAP*2-3 Rv	CTCCTAGTTCACAAACGACGAC	
LOB domain-containing protein 16	*CsLOB16* Fw	ATCCCATTTCCCCTCAGAGC	153
	CsLOB16 Rv	GTGTTTCAAGCTCACCCCAG	
Gibberellin receptor GID1B-like	*CsGID1B* Fw	TCTGCAACTCTGGGGGTTTG	118
	CsGID1B Rv	GGTGGTTCAGCCAAATGAGTG	
F-box protein GID2	*CsGID2* Fw	GTGGTCTTAGCTCTCGGTGG	180
	CsGID2 Rv	CATCGGAGGAAACGGAGACC	
B-Tubulina	*CsTUB* Fw	CTCGTGCTGTTCTCATGGATCT	198
	CsTUB Rv	TGGCCGAAAACGAAGTTGTC	
ACC Synthase 1-like	*CsACC 1-like Fw*	ACCCTTTGGGCACGGTTTTA	174
	CsACC 1-like Rv	TGAGATCACGGTCACATTCCA	
ACC oxidase 1-like	*CsACO 1-like Fw*	TGGACTAGAGAAAGGTTACCTGA	182
	CsACO 1-like Rv	GCTGGAGACCACTGACCTTG	
Ethylene Responsive Factor 3	*CsERF3 Fw*	TGATGGTGATTGATCCGCAG	177
	CsERF3 Rv	CGCTGTGGCAATCTTCAGGA	
Ethylene Insensitive 2	*CsEIN2 Fw*	ACTGTTGGGAGTGAAGGAGTT	204
	CsEIN2 Rv	TTTCTCTCTTGCGGCCACTC	
Ethylene-responsive transcription factor RAP2-12-like	*CsRAP2.12 Fw*	TGTCTGAGGAGCTATCAGCTTT	196
	CsRAP2.12 Rv	GCAAGCATGGGAGAATAGCA	
PIN1	*CsPIN1 Fw*	TCTAGGAGGTCGCAAGGATT	170
	CsPIN1 Rv	GAGTTCCTCCCACCAGCTC	
IAA29	*CsIAA29 Fw*	AACTTGCCCTCGCACTTCCA	197
	CsIAA29 Rv	GAATGTTTGTGGCACTCCTCC	
Jumonji 30	*CsJMJ30 Fw*	CAGCCAGGACAAAGTGGAATG	176
	CsJMJ30 Rv	TATGTAGGGTTGTCAGAACAGTTG	
Histone Deacetylase 14	*CsHDA14 Fw*	TGCCTCTACCTGGAGGATCA	221
	CsHDA14 Rv	AGCGTGTAGTATGTTCCCGT	
Factor de elongación 1 alpha	*CsEF1* Fw	TGTGCCGTCCTCATTATTGACT	189
	CsEF1 Rv	TCACGGGTCTGACCATCCTT	
Actina 2	*CsACT2* Fw	GCCCCACGAGCTGTGTTC	201
	CsACT2 Fv	TCTGGCCCATTCCAACCA	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os cebadores foron diluídos a unha concentración 10 mM e comprobados (Fig. 4), trala súa amplificación por medio de PCR, nun xel cun 2% de agarosa tinguido con Green safe Premium (NZYTech Lisboa, Portugal) para corrobora-lo tamaño dos produtos amplificados e asegurar que amplifican unha única banda.




Figura 4. Exemplo dun xel de agarosa no que se comprobaron os cebadores recibidos.

3.4.3.2 Metodoloxía

As mostras de ARN de P2Rb extraídas do material recollido ao final do ciclo de multiplicación (T0), e en tres puntos temporais (24 h, 48 h e 72 h) nos seguintes tratamentos: o control incubado en medio basal de enraizamento sen hormonas (W), en medio suplementado con AIB 2,5 µM (AIB), en medio suplementado con AIB 2,5 µM + GA_3 40 µM (AIB + GA) e en medio suplementado con PBZ 40 µM (PBZ) utilizáronse para realiza-la qPCR. O ADNc sintetizouse a partir de 1 µg de ARN empregando o kit "High Capacity ADNc Reverse Transcription" (Applied Biosystems, Foster City, CA, EUA) seguindo as indicacións do provedor. Os xenes seleccionados para o estudo foron *Castanea sativa auxin-induced protein 22D-like* (*Cs22D*), *Cs F-box protein GID1B* (*CsGID1B*), *Cs F-box protein GID2* (*CsGID2*), *Cs LOB16* e *Cs RAP2.3*. Empregáronse como xenes endóxenos de referencia a *actina 2* (*CsACT2*), a β-*tubulina* (*CsTUB*) e o *factor de elongación 1 alpha* (*CsELF-1*). Tres replicados biolóxicos e tres replicados técnicos foron incluídos en cada análise de qPCR, que se levou a cabo nun volume final de 20 µl cunha cantidade de ADNc de 12,5 ng utilizando o NZYSupreme qPCR Green Master Mix (2x), ROX plus (NZYTech Lisboa, Portugal). As condicións da qPCR foron: 50 °C/2 min, 95 °C/10 min, 40 ciclos de 95 °C/15 s e 60 °C/1 min. Tralos ciclos de qPCR comprobouse a presenza dun só produto mediante as curvas "melting", un barrido de temperatura con incrementos de 0,5 °C de temperaturas do produto amplificado. A qPCR realizouse nun dispositivo Step One Real Time PCR System en placas de 48 pozos (Applied Biosystems, Foster City, CA, EUA).

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No caso de P2C as mostras de ARN recollidas á fin do ciclo de multiplicación (T0) e as recollidas en dous puntos temporais (24 h e 120 h) despois do inicio dos experimentos de enraizamento (AIB 25 μM, AIB 25 μM + ACC 30 μM e AIB 25 μM + $AgNO_3$ 30 μM) foron utilizadas para realiza-la qPCR. A síntese de ADNc foi feita a partir de 1 μg de ARN co NZY First-Strand cDNA Synthesis Flexible Pack kit (NZYTech Lisboa, Portugal) seguindo as indicacións do fabricante. Os xenes que se analizaron na qPCR foron: *Castanea sativa ACC synthase 1-like* (*CsACS1-like*), *Cs ACC oxidase 1-like* (*CsACO1-like*), *Cs* e*thylene insensitive 2* (*CsEIN2*), *Cs ethylene responsive factor 3* (*CsERF3*), o transportador de auxinas *CsPIN1*, AUX/*IAA29* (*CsIAA29*), a *Cs histone deacetylase 14* (*CsHDA14*), *Cs jumonji 30* (*CsJMJ30*) e o factor de resposta a etileno *CsRAP2.12*. *Cs actina-2* (*CsACT2*) e o *Cs factor de elongación 1 alpha* (*CsELF-1*) foron utilizados como xenes endóxenos de referencia. Tres replicados biolóxicos e tres replicados técnicos foron incluídos en cada análise de qPCR, que se levou a cabo usando o NZYSpeedy qPCR Green Master Mix (2x) (NZYTech Lisboa, Portugal) seguindo as instrucións provistas polo fabricante.

3.4.3.3 Análise de datos

O valor da expresión relativa dos xenes analizados en P2C calculouse de acordo co método $2^{-\Delta\Delta CT}$ (Livak e Schmittgen, 2001). A expresión relativa dos xenes analizados en P2Rb foi calculada utilizando o método Ct comparativo (Schmittgen e Livak, 2008) e o programa DataAssist v3.0 (Applied Biosystems, Foster City, CA, EUA) para a normalización global dos datos.

Para analiza-los datos procedentes de qPCR con diferentes tratamentos e puntos temporais empregouse un modelo lineal. A normalidade dos datos foi comprobada ca proba de Shapiro-Wilk e o suposto de homocedasticidade foi avaliado mediante a proba de Breusch-Pagan do paquete "lmtest" (Achim e Hothorn, 2002). Cando se cumpriron as asuncións requiridas empregouse a proba HSD de Tukey como *post hoc*. Cando se descartou a existencia de normalidade aplicouse coa proba non paramétrica de Kruskal-Wallis seguido da proba de Dunn – do paquete "FSA" (Ogle *et al.*, 2023) – con axuste de Bonferroni como *post hoc*. Tódalas análises estatísticas foron feitas co programa R (R Core Team, 2021).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4. RESULTADOS

Os resultados expostos no apartado 4.1 e 4.2.1 reproducen o artigo "Reducing costs, improving profits: A low-cost culture media for woody plants micropropagation". O artigo completo reprodúcese ó final da tese, no anexo "Relación de publicacións".

ABSTRACT

Micropropagation has an enormous potential in the forestry industry for the mass production of elite genotypes. A limiting factor that hinders wider adoption of this technique is its high-associated cost, dissuading small producers and laboratories from its use. Thus, it is important to develop low-cost protocols to increase the competitiveness of micropropagation. The goal of the present study was to elaborate a low-cost culture medium that allowed plant growth without diminishing plant quality and production. The replacement of laboratory sucrose with commercial sugar as a carbon source, and laboratory agar with locally produced agar as a gelling agent was tested. To validate the effects of the medium for woody species micropropagation, two relevant forest species, chestnut and birch, were used and several phenotypic characteristics were recorded. Our data indicated that the substitutions made in the media composition did not alter growth or rooting parameters. Substitution of laboratory sucrose and Bacto agar by table sugar and local commercial agar provides a valuable alternative for forest species micropropagation and for increasing their potential profitability.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Os resultados expostos no apartado 4.2.7 reproducen o artigo “Effects of auxin and urea derivatives on adventitious rooting in chestnut and oak microshoots”. O artigo completo reprodúcese ó final da tese, no anexo “Relación de publicacións”.

ABSTRACT

The present study investigated how auxin concentration and the method of application affected the formation of adventitious roots in microshoots of chestnut (*Castanea sativa*) and oak (*Quercus robur*). The activity of two urea derivatives (2, 3-MDPU and 3, 4-MDPU) was also evaluated. Microshoots were derived from basal sprouts of two mature chestnut trees (P1 and P2) and one adult oak genotype (Sainza). In chestnut, rooting percentage was positively affected by auxin in a dose-dependent manner, particularly in shoots treated with the hormone for 24 h. The effect of auxin on rooting also differed depending on the application method. In shoots treated for 24 h, the highest concentration of auxin produced the healthiest rooted plantlets, in terms of the root system and shoot quality. By contrast, in shoots treated by the basal quick-dip method, the shoot quality was best at the lowest auxin concentration. The effect of urea derivatives on the root system depended on the species as well as on the auxin concentration and application period. Use of the MDPUs improved the root system architecture of auxin-treated shoots by promoting lateral root development and triggering the synchronous initiation of root primordia at the base of the shoot. Shoot quality was also improved by MDPUs, which promoted resumption of growth and reduced shoot-tip necrosis.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4.1 EXPERIMENTOS DE PROLIFERACIÓN DE REBENTOS EN MEDIOS ALTERNATIVOS

Para a substitución da sacarosa e do agar proporcionados por empresas fornecedoras de material de laboratorio por variedades comerciais de produción local o primeiro que se fixo foi comproba-la súa viabilidade tanto a nivel económico como a nivel produtivo.

4.1.1 Custo

En primeiro lugar calculouse o custo de cada litro de medio de cultivo usando o prezo medio de diferentes casas comerciais especializadas en material de laboratorio (Táboa 4). No caso do Bacto Agar o prezo medio foi de 587,9 €/kg segundo a información dispoñíbel nos catálogos de Midland Scientific, Bacto, Fischer Scientific e VWR. No caso da sacarosa o custo medio por kg foi de 19,2 € de acordo aos catálogos de Duchefa, Bacto e Fischer Scientific. Para as variedades comerciais os prezos do agar foron de 57 €/kg mentres que o prezo do azucre foi de 0,67 €/kg. Estes dous foron os elementos máis caros do medio de cultivo mentres que os do resto dos compoñentes do medio de cultivo nin representan un custo elevado (menos de 0,05€ por litro de medio) nin son substituíbeis por outras substancias.

Táboa 4. Composición e prezos dos medios de cultivo.

Medio de cultivo	Fonte de carbono	Axente xelificante	Custo (en €)	Diferenza (%)
CM	Sacarosa	Bacto Agar	5,2	-
M1	Azucre	Bacto Agar	4,7	- 10,5
M2	Sacarosa	Agar local	1,5	- 71,3
M3	Azucre	Agar local	0,95	- 81,8

Tódolos medios alternativos deseñados representaron un aforro comparados co medio empregado habitualmente, co agar como elemento central na conformación do prezo do medio de cultivo. No medio M3, ao substituí-lo agar Bacto por agar comercial producido localmente representa reducións no prezo de máis do 80%.

4.1.2 Efecto da fonte de carbono e do axente xelificante na proliferación de rebentos

Tras constatar que os medios alternativos eran máis baratos que os medios de cultivo empregados usualmente avaliouse o efecto potencial destas mudanzas sobre o desenvolvemento dos rebentos (Fig. 5). Para isto, a final do ciclo de proliferación medíronse o número de gomos producidos por explante, a lonxitude do rebento máis longo e mailo número de follas producidas por rebento (Táboa 5). Non se detectaron diferenzas significativas ($p \leq 0,001$) entre os diferentes medios en ningún dos parámetros medidos nos explantes de castiñeiro. O número medio de gomos variou desde os 1,9 ± 0,1 dos explantes multiplicados en medio CM até o 2 ± 0,4 dos explantes que foron multiplicados no medio M2, mentres que no caso da lonxitude media do rebento máis longo esta variou desde os 2,9 ± 0,5 cm no medio CM até os

3,3 ± 0,2 cm no medio M3. No caso das follas novas desenvolvidas por rebento o valor máis baixo foi obtido en M2, con 7,5 ± 0,3, mentres que o dato máis alto foi observado nos rebentos multiplicados en M3, con 7,7 ± 0,2.

Nos cultivos de bidueiro tamén non se detectaron diferenzas estatísticas ($p \leq 0,001$) en función da fonte de carbono nin do axente xelificante empregado durante a multiplicación en ningún dos parámetros analizados, a pesar de que o medio CM produciu unha media de 7,7 ± 0,3 gomos por explante multiplicado, número que se reduciu até os 7,2 ± 0,3 no M3. A lonxitude media dos rebentos tampouco se veu afectada (Fig. 6), chegando até os 8,9 ± 0,4 cm no medio con sacarosa e agar Bacto (CM) e acadando o seu valor máis baixo 8,6 ± 0,7 cm no medio M2. Por outra banda, o número medio de follas novas formada por explante foi de 10,7 ± 0,3 no medio M3 e 10,5 ± 0,3 no caso dos rebentos multiplicados en medio M1.

Á luz destes resultados pódese concluír que é viábel a substitución da sacarosa por azucre común e do agar de laboratorio por agar comercial de produción local sen ningunha redución da calidade na proliferación dos rebentos en ningunha das dúas especies.



Figura 5. Rebentos multiplicados de castiñeiro e bidueiro en CM (A, E), M1 (B, F), M2 (C, G) e M3 (D, H) .

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5. Efecto da fonte de carbono e do axente xelificante na proliferación de rebentos. As letras indican diferenzas estatisticamente significativas (p-valor < 0,001).

Liña	Medio	Número de rebentos	Lonxitude dos rebentos (cm)	Número de follas novas
P2Rb	CM	1,9 ± 0,1 a	2,9 ± 0,5 a	7,2 ± 0,2 a
	M1	1,9 ± 0,2 a	3,1 ± 0,2 a	7,6 ± 0,1 a
	M2	2,0 ± 0,4 a	3,3 ± 0,2 a	7,5 ± 0,3 a
	M3	1,9 ± 0,3 a	3,3 ± 0,2 a	7,7 ± 0,2 a
Piñoi	CM	7,6 ± 0,3 a	8,9 ± 0,4 a	10,7 ± 0,2 a
	M1	7,3 ± 0,3 a	8,7 ± 0,2 a	10,5 ± 0,3 a
	M2	7,5 ± 0,2 a	8,6 ± 0,7 a	10,7 ± 0,2 a
	M3	7,2 ± 0,3 a	8,8 ± 0,7 a	10,7 ± 0,3 a




Figura 6. Lonxitude media dos rebentos (en cm) en castiñeiro e bidueiro dependendo do medio de cultivo. As letras indican diferenzas estatisticamente significativas (p-valor < 0,001) dentro de cada especie.

4.2 EXPERIMENTOS DE ENRAIZAMENTO

4.2.1 Efecto da fonte de carbono e do axente xelificante no enraizamento

Tamén se comprobou o efecto do uso de agar comercial de produción local e de azucre común durante o proceso de enraizamento e o desenvolvemento radicular (Táboa 6). Para iso foron medidos a porcentaxe de enraizamento, o número de raíces e a lonxitude da raíz máis longa. Tódolos parámetros analizados permaneceron estábeis ao longo dos tratamentos probados no castiñeiro. A porcentaxe de enraizamento variou entre o 95,8 ± 0,6 dos medios RM e R2 e o 97,9 ± 0,5 dos rebentos enraizados en medio R1 e R3 (Fig. 7). O rango do número de raíces por cada rebento enraizado variou entre as 4,1 ± 0,3 do medio R2 até as 4,6 ± 0,2 raíces producidas no medio R3, mentres que a lonxitude da raíz máis longa variou entre os 4,1 ± 0,3 cm das raíces que se desenvolveron en medio R2 e os 4,7 ± 0,6 cm das que o fixeron en medio R1.

USC DE COMPOSTELA

As raíces do bidueiro desenvolvéronse espontaneamente no propio medio de proliferación, polo que foron avaliadas ao final do ciclo de multiplicación. A porcentaxe de enraizamento nos medios CM e M2 foi do 96,6 ± 1,6 mentres que nos medios M1 e M3 a porcentaxe foi do 97,9 ± 0,5. No caso do número medio de raíces estas variaron entre os 4,2 ± 0,2 do medio M2 e o 4,4 ± 0,2 do medio M3. Por outra banda, os valores da lonxitude media das raíces máis longas flutuaron entre os 4,7 ± 0,2 cm nas raíces dos bidueiros cultivados no medio M1 e os 5,2 ± 0,2 cm das raíces desenvolvidas en RM. Ningún destes parámetros amosou diferenzas estatisticamente significativas entre os tratamentos ($p \leq 0,001$).

Polo tanto, estes resultados apuntan a que é posíbel substituí-la sacarosa por azucre común e o agar de laboratorio por agar comercial de produción local sen ningún prexuízo para o desenvolvemento do sistema radicular en ámbalas dúas especies.

Táboa 6. Efecto da fonte de carbono e do axente xelificante no enraizamento de rebentos. As letras indican diferenzas estatisticamente significativas (p-valor < 0,001).

Liña	Medio	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)
P2Rb	RM	95,8 ± 0,6 a	4,5 ± 0,2 a	4,3 ± 0,2 a
	R1	97,9 ± 0,5 a	4,4 ± 0,3 a	4,7 ± 0,6 a
	R2	95,8 ± 0,6 a	4,1 ± 0,3 a	4,1 ± 0,3 a
	R3	97,9 ± 0,5 a	4,6 ± 0,2 a	4,6 ± 0,2 a
Piñoi	CM	96,6 ± 1,6 a	4,4 ± 0,2 a	4,9 ± 0,2 a
	M1	97,9 ± 0,5 a	4,3 ± 0,1 a	4,7 ± 0,2 a
	M2	96,6 ± 1,6 a	4,2 ± 0,2 a	5,2 ± 0,2 a
	M3	97,9 ± 0,5 a	4,4 ± 0,2 a	5,0 ± 0,3 a




Figura 7. Porcentaxe de enraizamento de castiñeiro e bidueiro en función do medio de enraizamento. As letras indican diferenzas estatisticamente significativas (p valor < 0,001) dentro de cada especie.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.2 Efecto da concentración do AIB na calidade do enraizamento

Probáronse diferentes concentracións de AIB para escoller aquela que permita conseguir unha taxa de enraizamento óptima ao tempo que se evitan os posíbeis efectos secundarios da adición de AIB (Táboa 7). No caso da liña con características xuvenís, o P2Rb, as taxas de enraizamento mantivéronse estábeis por riba do 90%, variando entre o 93,2 ± 4,6 do enraizamento en medio suplementado con AIB 25 µM e o 97,2 ± 4,8 dos enraizamentos que se levaron a cabo nos medios suplementados con AIB 2,5 µM e 5 µM (Fig. 9). O número medio de raíces formadas en cada rebento enraizado foi desde as 3,1 ± 1,4 até os 4,3 ± 1,9 nos medios suplementados con AIB 2,5 µM e con AIB 10 µM, respectivamente, mentres que no caso da lonxitude media das raíces esta foi de 3,5 ± 1,4 cm no medio suplementado con AIB 25 µM, chegando até os 4,4 ± 1,8 cm no medio con AIB 2,5 µM. Si que se observaron diferenzas estatisticamente significativas no calo, a necrose apical desenvolvida durante o proceso de enraizamento e a taxa de rebentos que foron quen de retoma-lo crecemento após a seca apical (Fig. 8). A medida que diminúe a dose de auxinas a taxa de rebentos que forman calo na base diminúen dende o 100% até o 2,8 ± 1,4 dos tratamentos con AIB 5 e AIB 2,5 µM. Unha tendencia similar se observa na necrose apical onde o 72% ± 5,1 dos rebentos enraizados en medio suplementado con AIB 25 µM desenvolveron este problema, que se reduciu até o 2,8% ± 4,8 nos rebentos enraizados en medio suplementado con AIB 2,5 µM. A tendencia contraria foi observada na taxa de re-emprendemento do crecemento onde até no 69% ± 5,8 dos rebentos enraizados con AIB 5 µM houbo unha xema que retomase o crecemento do explante mentres que nos rebentos enraizados con AIB 25 µM tan só o 14% ± 5,2 foron quen de retomaren o crecemento (Fig. 10). Esta redución na concentración de auxinas no medio de cultivo non prexudica o desenvolvemento radicular e tampouco produce diferenzas na cinética do enraizamento onde as T50 oscilaron entre 8 e 9 días. Porén, unha menor concentración de auxinas si reduciu de xeito significativo a formación de calo, a necrose apical e permitiu retoma-lo crecemento nos rebentos coa xema apical necrosada.

Con respecto á liña de castiñeiro estabelecida a partir de material adulto, P2C, tanto o incremento como a diminución da concentración de auxinas ocasionaron un devalo na taxa de enraizamento, caendo dun 27,6% ± 2,6 no caso do AIB 25 µM até o 7,4% ± 1,8 no AIB 12,5 µM. O resto dos parámetros non sufriron modificacións estatisticamente significativas agás na cinética do enraizamento, onde unha menor concentración de auxina acelerou a emerxencia das raíces, pasando a T50 desde os 14 días nos medios suplementados con AIB 50 µM até os 8 días dos rebentos enraizados nunha concentración de AIB de 12,5 µM.




Figura 8. Rebentos de P2Rb enraizados en condicións crecentes de auxinas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 7. Efecto da concentración de AIB no enraizamento

Liña	AIB (µM)	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Calo (%)	Necrose apical (%)	T50	Reemp. (%)
P2Rb	2,5	97,2 ± 4,8 a	3 ± 1,4 a	4,4 ± 1,8 a	2,8 ± 1,4 c	2,8 ± 4,8 d	8 a	-
	5	97,2 ± 4,8 a	3,7 ± 1,0 a	4,1 ± 0,8 a	2,8 ± 1,4 c	27,7 ± 4,1 c	7 a	69,9 ± 5,8 a
	10	94,4 ± 4,8 a	4,3 ± 1,9 a	4,2 ± 1,5 a	5,3 ± 2,1 c	27,7 ± 4,1 c	8 a	30,3 ± 4,6 b
	12,5	94,4 ± 9,3 a	4,2 ± 1,9 a	4,1 ± 1,2 a	27,7 ± 4,6 b	55,3 ± 9,2 b	8 a	20,4 ± 11,7 c
	25	93,2 ± 4,6 a	4,0 ± 1,8 a	3,5 ± 1,4 a	100 ± 0 a	72 ± 5,1 a	7 a	14 ± 5,2 c
P2C	12,5	7,4 ± 1,8 c	1,0 ± 0,0 a	3,4 ± 2,4 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a	8 a	0,0 ± 0 a
	25	27,6 ± 2,6 a	2,0 ± 1,1 a	1,5 ± 1,2 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a	12 b	0,0 ± 0 a
	50	18,5 ± 3,2 b	1,3 ± 0,6 a	2,3 ± 1,1 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a	14 b	0,0 ± 0 a




Figura 9. Porcentaxe de enraizamento (esquerda) e de calo (dereita) nos rebentos de P2Rb e P2C. As letras indican diferencias estatisticamente significativas (p-valor < 0,05).




Figura 10. Porcentaxe de rebentos necrosados (escala esquerda) e de rebentos que retomaron o crecemento (escala dereita) de P2C e P2Rb. As letras indican diferencias estatisticamente significativas (p-valor < 0,05).

4.2.3 Efecto da inhibición do transporte polar de auxinas

Na liña P2Rb de castiñeiro comprobouse o efecto da inhibición do transporte polar de auxinas na calidade do enraizamento. Para isto empregouse AIB 25 µM complementado con NPA (0, 100 ou 200 µM) e AIB 2,5 µM con NPA 0 ou 100 µM (Táboa 8).

A inhibición do transporte polar de auxinas reduce a taxa de enraizamento nun xeito que depende da dose de NPA aplicada; pasa dun 100% de enraizamento no caso do tratamento AIB 25 µM ao 59,3% ± 7,4 do tratamento AIB 25 µM + NPA 100 µM e ao 20,2% ± 4,8 do tratamento AIB 25 µM + NPA 200 µM. Ao reduci-la cantidade de auxinas exóxenas a inhibición é máis acusada caendo dende o 92,4% ± 8,4 nos enraizamentos en AIB 2,5 µM até o 0% no caso do AIB 2,5 µM + NPA 100 µM. As mesmas tendencias se confirman no caso da lonxitude das raíces e do número medio de raíces formadas en cada rebento enraizado. A inhibición do transporte polar de auxinas tamén aumenta a formación de calo e agrava a necrose apical. O 100% dos rebentos enraizados en medio AIB 2,5 µM + NPA 100 formaron calo, en contrasto co 25,3% ± 8,6 dos enraizados en AIB 2,5 µM, sen adición de NPA. No caso da necrose apical o control producía necrose no 9,3% ± 2,3 dos rebentos, porcentaxe que se elevou até o 60,7% ± 5,5 cando se bloqueou o transporte polar de auxinas. Ademais, o transporte polar de auxinas tamén intervén no tempo que tardan as raíces en emerxer e a súa inhibición por parte do NPA pode atrasa-la súa aparición até nunha semana. A nivel visual, a inhibición do transporte polar de auxinas produce unhas follas con forma de serra e unhas estruturas brancas similares ao calo ao longo de todo o talo (Fig. 11).




Figura 11. Esquerda: Rebento de P2Rb trala inhibición do transporte polar de auxinas. Dereita: Cinética do enraizamento de P2Rb tralo tratamento con AIB, AIB + NPA 100 e AIB + NPA 200.

Táboa 8. Efecto fenotípico da concentración de inhibición do transporte polar de auxinas no enraizamento (esquerda). Cinética do enraizamento con diferentes concentracións de NPA (dereita). As letras indican diferencias estatisticamente significativas (p-valor < 0,05).

Tratamento (µM)	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Calo (%)	Necrose apical (%)	T50
AIB 25	100 ± 0 a	6,3 ± 0,7 a	3,6 ± 0,3 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a	8 ± 1,5 a
AIB 25 + NPA 100	59,3 ± 7,4 b	3,3 ± 0,4 b	2,4 ± 0,3 b	100 ± 0 a	100 ± 0 a	18 ± 3,1 b
AIB 25 + NPA 200	20,2 ± 4,8 c	2,5 ± 0,5 c	1,1 ± 0,2 c	100 ± 0 a	100 ± 0 a	17 ± 3,6 b
AIB 2,5	92,4 ± 8,4 a	2,1 ± 0,1 a	4,6 ± 0,4 a	25,3 ± 8,6 b	9,3 ± 2,3 b	8 ± 2,6
AIB 2,5 + NPA 100	0 ± 0 b	0 ± 0 b	0 ± 0 b	100 ± 0 a	60,7 ± 5,5 a	-

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.4 Efecto das xiberelinas no enraizamento adventicio

Para avalia-los efectos das xiberelinas no enraizamento adventicio da liña P2Rb fixéronse enraizamentos con AIB 2,5 µM e diferentes concentracións de GA_3 (0, 5, 10, 20, 40 µM) e do inhibidor da síntese de xiberelinas, o PBZ (0, 5, 10, 20, 40 µM). Non se observaron diferenzas estatisticamente significativas entre parámetros como a formación de calo na base dos rebentos, a taxa de necrose apical ou de re-emprendemento do crecemento nin tampouco na cinética de enraizamento (Táboa 9). Tocante á taxa de enraizamento, o enraizamento en medio AIB 2,5 µM + GA_3 40 µM reduce a porcentaxe de rebentos enraizados até o 6,5% ± 0,9 desde o 90,7% ± 2,3 dos que foran enraizados en AIB 2,5 µM. No caso dos medios en que as auxinas foron suplementadas con PBZ non se observou un aumento signifiactivo na porcentaxe de enraizamento, debido probabelmente a que as taxas obtidas en AIB 2,5 µM son tan altas que é difícil observar eses cambios. As xiberelinas parecen influír negativamente no número de raíces formadas en cada rebento enraizado (Fig. 13). Deste xeito no tratamento control, AIB 2,5 µM, o número medio de raíces era de 4,1 ± 0,2, mentres que este número baixou até a 1 ± 0 raíces en medio AIB 2,5 µM + GA_3 40 µM. Este parámetro subiu até as 5,4 ± 0,2 raíces cando o medio de enraizamento foi en medio suplementado con AIB 2,5 µM + PBZ 40 µM. Na lonxitude das raíces a tendencia foi a contraria, cun aumento desde os 3,6 ± 0,1 cm no medio con AIB 2,5 µM até os 6,5 ± 0,7 cm no medio con AIB 2,5 µM + GA_3 40 µM e, complementariamente, cunha diminución até os 1,8 ± 0,1 cm no medio con AIB 2,5 µM + PBZ 40 µM (Fig. 14).

Cando o AIB se combina co GA_3 e PBZ a un tempo vólvense a valores similares aos dos rebentos enraizados en medio con AIB 2,5 µM. Cando se combinan os tratamentos de GA_3 e PBZ sen adición de auxinas non se conseguiu o enraizamento de ningún rebento.

Para comproba-las consecuencias da acción das xiberelinas endóxenas realizáronse experimentos de enraizamento en PBZ 40 µM sen adición de auxinas no medio. Nestes experimentos acadouse unha porcentaxe de rebentos enraizados de 40,7% ± 3,7, cun número medio de raíces de 1,2 ± 0,1 e cunha lonxitude media de 3 ± 0,3 cm (Fig. 12). Realizáronse experimentos onde se combinaba PBZ 40 µM con NPA 100 µM e a taxa de enraizamento reduciuse até o 0%.

Na liña con características adultas, P2C, realizáronse enraizamentos en AIB 25 µM só e AIB 25 µM suplementado ben con GA_3 40 µM, ben con PBZ 40 µM. Nesta liña non se observaron as mesmas tendencias que en P2Rb, xa que non houbo diferenzas estatisticamente significativas entre os tratamentos en ningún dos parámetros. Tamén se realizaron enraizamentos con PBZ 40 µM sen AIB, mais nesta liña este tratamento mantivo a taxa de enraizamento no 0%.



Figura 12. Rebentos de P2Rb enraizados con AIB (A), AIB + GA (B) e PBZ sen auxinas (C).

Táboa 9. Efecto das xiberelinas no enraizamento adventicio. Letras indican diferencias estatisticas.

Liña	Tratamento (µM)	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	T50
P2Rb	AIB 2,5	90,7 ± 2,3 a	4,1 ± 0,2 bc	3,6 ± 0,1 b	11 ± 0,4 a
	AIB 2,5 + GA_3 5	92,6 ± 7,4 a	4,6 ± 0,3 ab	5 ± 0,2 ab	11 ± 0 a
	AIB 2,5 + GA_3 10	86,1 ± 5,6 a	3,2 ± 0,2 cd	4,3 ± 0,6 ab	12 ± 0,6 a
	AIB 2,5 + GA_3 20	87 ± 6,1 a	3 ± 0,2 cde	5,6 ± 0,2 a	12 ± 0,6 a
	AIB 2,5 + GA_3 40	6,5 ± 0,9 c	1,0 ± 0 de	6,5 ± 0,7 a	15 ± 0,6 a
	AIB 2,5 + PBZ 5	95,4 ± 2,4 a	3,7 ± 0,2 bc	2,3 ± 0,1 bc	11 ± 0,3 a
	AIB 2,5 + PBZ 10	93,8 ± 0,7 a	3,7 ± 0,4 bc	3 ± 0,3 bc	11 ± 0,9 a
	AIB 2,5 + PBZ 20	88,7 ± 3,2 a	4,6 ± 0,2 ab	2,1 ± 0,1 bc	9 ± 0,3 a
	AIB 2,5 + PBZ 40	94,2 ± 2,5 a	5,4 ± 0,2 a	1,8 ± 0,1 c	10 ± 0,3 a
	AIB 2,5 + GA_3 40 + PBZ 40	94,4 ± 3,2 a	4,4 ± 0,3 bc	3,7 ± 0,1 b	8 ± 0 b
	AIB 0 + GA_3 40 + PBZ 40	0 ± 0 c	- e	- d	-
	AIB 0 + PBZ 40	40,7 ± 3,7 b	1,2 ± 0,08 d	3 ± 0,3 b	12 ± 0 a
	AIB 0 + PBZ 40 + NPA 100	0 ± 0 c	- e	- d	-
P2C	AIB 25	41,5 ± 4,9 a	2 ± 0,3 a	3,1 ± 0,4 a	14 ± 0,2 a
	AIB 25 + GA_3 40	36,8 ± 6,8 a	2,4 ± 0,3 a	3,5 ± 0,2 a	15 ± 0,1 a
	AIB 25 + PBZ 40	41,5 ± 4,9 a	2,3 ± 0,3 a	3 ± 0,2 a	14 ± 0,4 a
	AIB 0 + PBZ 40	0 ± 0 b	-	-	-




Figura 13. Taxa de enraizamento de P2Rb tralos tratamentos que aumentan ou inhiben as xiberelinas. As letras indican diferencias estatisticamente significativas (p-valor < 0,05).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 14. Lonxitude das raíces (A) e número de raíces formadas (B) en P2Rb tralos tratamentos que aumentan ou inhiben as xiberelinas. As letras indican diferencias estatisticamente significativas (p-valor < 0,05).

4.2.5 Efecto do etileno no enraizamento

Para comproba-los efectos do etileno no enraizamento adventicio de P2Rb e P2C realizáronse experimentos con AIB 2,5 µM e 25 µM, respectivamente, e son suplementados ou cun promotor do etileno – o ACC – nunha concentración 30 µM, ou cun inhibidor da acción do etileno – o $AgNO_3$ – na mesma concentración (Fig. 15). Amais, no caso de P2C tamén se probou un pre-tratamento no que se incubaron os rebentos durante 48 h en tiosulfato de prata (STS) 20 µM para seren despois incubados durante 48 h adicionais en AIB 25 µM.




Figura 15. Rebentos de P2Rb (arriba) e P2C (abaixo) ao seren enraizados con AIB, AIB + ACC e AIB + nitrato de prata.

No caso da liña P2Rb só o calo amosou diferenzas estatisticamente significativas; cunha promoción por parte da acción do etileno e unha diminución ao ser inhibida esta hormona (Táboa 10). Pola banda do P2C o etileno amosou un efecto inhibidor do enraizamento, cunha taxa do 18,1 % ± 0,5 no medio suplementado con ACC, mentres que a porcentaxe do tratamento control só con auxinas é do 27,1% ± 2,0 e aumenta até o entorno do 40% nos tratamentos nos que se aplica un inhibidor do etileno. Tendencias similares se atopan no número e na lonxitude das raíces. O número medio de raíces formado no medio control é de 1,3 ± 0,3; este baixa até 1,0 ± 0,0 coa adición de ACC e aumenta até o 2,8 ± 0,5 no medio suplementado con nitrato de prata e até o 3,0 ± 0,3 nos rebentos pre-tratados con STS. No caso da lonxitude media das raíces esta descende coa promoción do etileno desde o 5,9 ± 0,3 cm até o 1,7 ± 0,7 cm namentres que medra até os 7,9 ± 0,5 cm e os 6,8 ± 0,2 nos tratamentos inhibidores do etileno (Fig. 16).




Figura 16. Porcentaxe de enraizamento (I), número de raíces (II) e lonxitude das raíces, en cm (III) de rebentos de P2Rb e P2C. As letras indican diferenzas estatísticas dentro de cada liña (p-valor < 0,05).

Táboa 10. Efecto do etileno no enraizamento adventicio. As letras indican diferenzas estatísticas (p-valor < 0,05).

Liña	Tratamento (µM)	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Calo (%)	Necrose apical (%)
P2Rb	AIB 2,5	100 ± 0 a	6,9 ± 0,5 a	3,3 ± 0,4 a	12,5 ± 1,3 b	0 ± 0 a
	AIB 2,5 + ACC 30	100 ± 0 a	6,9 ± 1,0 a	3,7 ± 0,5 a	29,4 ± 1,4 a	0 ± 0 a
	AIB 2,5 + $AgNO_3$ 30	100 ± 0 a	6,5 ± 1,1 a	4,3 ± 0,3 a	9,7 ± 1,6 c	0 ± 0 a
P2C	AIB 25	27,1 ± 2 b	1,3 ± 0,3 b	6 ± 0,3 b	100 ± 0 a	100 ± 0 a
	AIB 25 + ACC 30	18,1 ± 0,5 c	1 ± 0 c	1,7 ± 0,7 c	100 ± 0 a	100 ± 0 a
	AIB 25 + $AgNO_3$ 30	44,4 ± 1,8 a	2,8 ± 0,5 a	7,9 ± 0,5 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a
	pre-trat STS 20	41,1 ± 1,2 a	3 ± 0,3 a	6,8 ± 0,2 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.6 Efecto do peróxido de hidróxeno no enraizamento adventicio

Para proba-los efectos do estrés oxidativo no enraizamento adventicio de P2Rb fixéronse enraizamentos con H_2O_2 100 mM, con ou sen suplemento de AIB 2,5 µM. Estes experimentos de indución de enraizamento fixéronse incubando os rebentos nos medios durante tres tempos diferentes (3, 24 e 72 h). O peróxido de hidróxeno tivo un efecto promotor do enraizamento, do número de raíces e da lonxitude media das mesmas e aumentaba a súa eficacia canto máis se prolongaba o tratamento (Táboa 11). Deste xeito, nos casos dos tratamentos con H_2O_2 durante 72 horas a taxa de enraizamento foi do 58,3% ± 8,9, o número de raíces foi de 1,92 ± 0,2 e a lonxitude media das raíces foi de 4,6 ± 0,4 cm. Porén, cando estas se combinaban coas auxinas esta promoción do sistema radicular diminuía caendo a taxa de enraizamento até o 35,2% ± 1,9 e a lonxitude media decreceu até os 2,5 ± 0,9 cm. A tendencia contraria se observou co calo e a seca apical, que diminuíron co tempo de exposición ao tratamento, excepto no caso do necrose, en que o tratamento con H_2O_2 sen auxina a inhibe case por completo (5,6% ± 2,8) en tódolos tempos (Fig. 17, dereita). Do mesmo xeito que no resto dos tratamentos nos medios con auxinas os efectos do H_2O_2 eran menores. Tamén un aumento no tempo de exposición ao H_2O_2 acelerou a emerxencia das raíces.




Figura 17. Exemplo dun rebento de P2Rb enraizado con H_2O_2 (esquerda) e a porcentaxe de enraizamento (dereita) dos tratamentos con H_2O_2 e H_2O_2 + AIB. As letras maiúsculas indican diferenzas estatisticamente significativas entre os tratamentos e as letras minúsculas diferenzas estatísticas dentro de cada punto temporal

Táboa 11. Efecto do H_2O_2 no enraizamento de P2Rb. Letras indican diferenzas estatisticamente significativas

Tratamento (µM/mM)	Tempo (en horas)	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Calo (%)	Necrose apical (%)	T50
AIB 0 + H_2O_2 100	3	22,2 ± 5,5 c	1,0 ± 0 b	1 ± 0,2 c	100 ± 0 a	5,6 ± 2,8 d	21 ± 0,3 a
AIB 2,5 + H_2O_2 100	3	0 ± 0 d	-	-	100 ± 0 a	100 ± 0 a	-
AIB 0 + H_2O_2 100	24	25 ± 4,8 c	1,0 ± 0 b	4,6 ± 1,5 a	0 ± 0 c	5,5 ± 2,8 d	19 ± 1 a
AIB 2,5 + H_2O_2 100	24	0 ± 0 d	-	-	11 ± 5,5 b	88,9 ± 5,5 b	-
AIB 0 + H_2O_2 100	72	58,3 ± 8,9 a	1,9 ± 0,2 a	4,6 ± 0,4 a	0 ± 0 c	5,5 ± 2,8 d	13 ± 1,2 b
AIB 2,5 + H_2O_2 100	72	35,2 ±1,8 b	2 ± 0,4 a	2,5 ± 0,9 b	0 ± 0 c	55,6 ± 5,6 c	12 ± 0,7 b

4.2.7 Efecto dun derivados da urea durante o enraizamento

A influencia da 3,4-MDPU foi estudada tanto en P2Rb coma no clon Saínza de carballo. Para isto, os rebentos da liña P2Rb foron incubados durante cinco días en medio con AIB 25 μM mentres que o carballo foi incubados en medio suplementado con AIB 125 μM durante 24 h. Para ambas especies o medio de indución con auxina foi suplementado con diferentes concentracións de 3,4-MDPU (0, 0,1, 1 e 10 μM). Como se amosa na táboa 12 ningún destes tratamentos amosou diferenzas estatisticamente significativas na taxa de enraizamento, no número de raíces ou na lonxitude das mesmas. A 3.4-MDPU si que aliviou en cambio a necrose apical dos rebentos e aumentou a taxa de explantes que retomaban o crecemento trala necrose nunha forma proporcional á dose aplicada. No castiñeiro, en ausencia de 3,4-MDPU, a necrose apical foi de 88,9% ± 12,0 e só o 4,2% ± 4,0 dos rebentos retomaban o crecemento mentres que en carballo estas taxas eran de 46,8% ± 2,0 e do 10% ± 1,0. respectivamente. Coa aplicación de 3,4-MDPU nunha concentración de 10 μM a necrose apical baixou até o 55,6% ± 20,0 do castiñeiro e o 8,3% ± 4,0 no carballo, cunhas taxas de re-emprendemento do crecemento respectivas do 85,8% ± 9,0 e do 67,2% ± 5,0. Ademais, coa adición de difenil-ureas incluso na concentración máis baixa (0,1 μM) a taxa de formación de calo no castiñeiro diminuíu desde o 88,9% ± 12,0 até o 39,0% ± 0,7. As difenil-ureas tamén melloraron a calidade do sistema radicular coa promoción de raíces laterais (Fig. 18). Resultados similares foron observados en carballo, cunha mellora na formación de calo e nas taxas de necrose apical e de rebentos que son quen de retomaren o crecemento após sufriren necrose do seu ápice.

Táboa 12 Efecto da 3,4-MDPU no enraizamento adventicio. Letras diferentes indican diferenzas estatísticas.

Liña	Tratamento (μM)	Enraizamento (%)	Numero de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Calo (%)	Necrose apical (%)	Reemp. (%)
P2Rb	AIB 25 + 3,4 MDPU 0	94,4 ± 1,0 a	5,3 ± 0,4 a	4,1 ± 0,2 a	83,3 ± 2 a	88,9 ± 12,0 a	4,2 ± 4,0 c
	AIB 25 + 3,4 MDPU 0,1	100 ± 0 a	4,8 ± 0,4 a	4,1 ± 0,2 a	39,0 ± 0,7 b	63,9 ± 6,0 b	56,6 ± 0,5 b
	AIB 25 + 3,4 MDPU 1	100 ± 0 a	5 ± 0,4 a	4 ± 0,2 a	35,6 ± 3 b	72,2 ± 7,0 b	53,5 ± 11,0 b
	AIB 25 + 3,4 MDPU 10	100 ± 0 a	4,7 ± 0,4 a	3,9 ± 0,1 a	36 ± 3,3 b	55,6 ± 20,0 b	85,8 ± 9,0 a
Saínza	AIB 125 + 3,4 MDPU 0	80,5 ± 2,8 a	3,0 ± 0,3 a	3,9 ± 5,0 a	87,6 ± 3,7 a	46,8 ± 2,0 a	10 ± 1,0 d
	AIB 125 + 3,4 MDPU 0,1	75,0 ± 0,0 a	3,0 ± 0,2 a	3.5 ± 1,1 a	32,1 ± 3,1 b	30,7 ± 2,0 b	30,7 ± 3,0 c
	AIB 125 + 3,4 MDPU 1	75,0 ± 2,4 a	2,6 ± 0,2 a	4,0 ± 1,6 a	35,4 ± 6,2 b	15,5 ± 4,0 c	51,7 ± 4,0 b
	AIB 215 + 3,4 MDPU 10	86,1 ± 5,6 a	2,8 ± 0,2 a	3,9 ± 1,1 a	31,8 ± 3,6 b	8,3 ± 4,0 c	67,2 ± 5,0 a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 18. Exemplo de rebento enraizado con 3,4-MDPUs (esquerda) e porcentaxe de necrose (barras) e re-emprendemento do crecemento (puntos vermellos) dos rebentos de P2C e Saínza (gráfica). As letras indican diferenzas estatisticamente significativas dentro de cada liña (p < 0,05).

4.2.8 Efecto da diminución do calcio no enraizamento adventicio

Para valora-lo efecto do calcio no enraizamento adventicio tratáronse rebentos de P2C cun medio con AIB 25 µM suplementado con EGTA, un axente quelante do calcio, nunha concentración 10 µM e empregouse medio con AIB 25 µM como control (Táboa 13). A adición de EGTA no medio de enraizamento produciu unha inhibición total do enraizamento co que demostra que a acción do calcio é condición *sine qua non* do enraizamento adventicio.

Táboa 13. Efecto da diminución do calcio no enraizamento adventicio de P2C. Letras indican diferenzas estatisticamente significativas.

Tratamento (µM)	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Calo (%)	Necrose apical (%)	T50	Reemp. (%)
AIB 25	27,6 ± 3,2 a	1,4 ± 0,2 a	6,5 ± 0,3 a	100 ± 0 a	100 ± 0 a	5 ± 1,0	0 ± 0 a
AIB 25 + EGTA 10	0 ± 0 b	0 ± 0 b	0 ± 0 b	100 ± 0 a	100 ± 0 a	-	0 ± 0 a

4.2.9 Efecto dun bio-estimulador natural no enraizamento

Quíxose comproba-la eficacia dun bio-estimulador natural do enraizamento, o Charkor. Para iso analizouse a resposta das liñas de castiñeiro P2Rb e P2C ante unha concentración de Charkor 1ml/L e comparouse co control, o medio con auxinas empregado de forma habitual nesta tese, é dicir, AIB 2,5 µM no caso da liña con características xuvenís e AIB 25 µM na liña de material adulto. En P2Rb o Charkor non influíu na taxa de enraizamento, que se mantivo próxima ao 100% tanto no tratamento como no control. Porén, si que aumentou o número de raíces que pasaron de 3,0 ± 0,4 nos enraizamentos con AIB a 4,9 ± 0,8 nos rebentos enraizados con Charkor aínda que esas raíces foron máis curtas, cunha baixada desde os 4,5 ± 0,4 cm até os 2,9 ± 0,2 cm (Fig. 20). Unha tendencia similar se observou en P2C, con máis raíces e máis curtas nos explantes que se enraizaron por medio do Charkor (Fig. 19) só que no caso da liña con características maduras este bio-estimulador tamén afectou á taxa de enraizamento que aumentou desde o 27,6% ± 3,2 cando se empregaba AIB para promove-lo enraizamento até o 38,9% ± 2,7 cando o Charkor foi combinado co AIB para promove-lo enraizamento (Táboa 14).

Táboa 14. Efectos do Charkor no enraizamento adventicio. As letras indican diferenzas estatisticamente significativas (p-valor < 0,05).

Liña	Medio	Enraizamento (%)	Número de raíces	Lonxitude das raíces (cm)	Necrose apical (%)	T50	Reemp. (%)
P2Rb	AIB 2,5	97,2 ± 2,8 a	3,0 ± 0,4 b	4,5 ± 0,4 a	2,7 ± 2,7 a	8 ± 1 a	0 ± 0 a
	AIB 2,5 + Charkor	100 ± 0 a	4,9 ± 0,8 a	2,9 ± 0,4 b	2,7 ± 2,7 a	8 ± 0,7 a	0 ± 0 a
P2C	AIB 25	27,6 ± 3,2 b	2 ± 0,4 b	6,4 ± 0,8 a	100 ± 0 a	12 ± 0,6 a	0 ± 0 a
	AIB 25 + Charkor	38,9 ± 2,8 a	4,4 ± 2,3 a	2,2 ± 0,5 b	100 ± 0 a	11 ± 0,4 a	0 ± 0 a




Figura 19. Esquerda: Foto dun rebento de P2C enraizado con Charkor e AIB. Dereita: Porcentaxe de enraizamento dos rebentos de P2Rb e P2C. As letras indican diferenzas estatisticamente significativas dentro de cada liña (p-valor < 0,05).




Figura 20. Número de raíces formadas (esquerda) e lonxitude das raíces (dereita) en P2Rb e P2C tralos tratamentos con AIB con e sen Charkor. As letras indican diferencias estatisticamente significativas en cada liña (p-valor < 0,05).

Táboa 15. Resumo dos tratamentos e a liña na que se aplicou cada un. O "+" indica unha promoción da variábel estudada, o "-" unha inhibición e o "0" unha falta de cambio no parámetro.

Tratamento	Liña	Enraizamento (%)	Numero de raíces	Lonxitude das raíces	Calo (%)	Necrose apical (%)	T50	Re-emprendemento (%)
Medios alternativos	P2Rb	0	0	0	0	0	0	0
Diminución AIB	P2Rb	0	0	0	-	-	0	+
	P2C	-	0	0	0	0	-	0
AIB + NPA	P2Rb	-	-	-	+	+	+	-
AIB + GA_3	P2Rb	-	-	+	0	0	+	0
	P2C	0	0	0	0	0	0	0
AIB + PBZ	P2Rb	0	+	-	0	0	0	0
	P2C	0	0	0	0	0	0	0
PBZ	P2Rb	+	+	+	0	0	0	0
PBZ + NPA	P2Rb	-			0	0		0
AIB + ACC	P2Rb	0	0	0	0	0	0	0
	P2C	-	-	-	0	0	+	0
AIB + $AgNO_3$/STS	P2Rb	0	0	0	0	0	0	0
	P2C	+	+	+	0	0	-	0
H_2O_2	P2Rb	+	+	+	-	-	+	+
AIB + 3,4-MDPUs	P2Rb	0	0	0	-	-	0	+
AIB + EGTA	P2C	-			0	0		0
Charkor	P2Rb	0	+	-	0	0	0	0
	P2C	+	+	-	0	0	0	0

4.3 ANÁLISES TRANSCRITÓMICOS

As lecturas obtidas do proceso de secuenciación foron previamente analizadas para comprobar unha serie de parámetros de calidade da secuenciación – que se presentan no material suplementario deste traballo – como a cantidade de xigabytes de datos obtida en cada experimento, a calidade das lecturas, o número de lecturas, os pares de bases medios, ou a eficiencia do mapeado contra o xenoma de referencia. Trala análise dos datos obtidos en DESeq2 fixéronse análises comparativas que renderon diferentes DEGs – en formato LOC, que corresponde ao GeneID dos xenes de *Quercus suber* – entre os tratamentos analizados (Fig 21). Unha vez obtidos os listados de DEGs realizáronse análises de enriquecemento para saber que rutas de sinalización están a ser activadas con cada tratamento e así poder explica-lo modo en que os diferentes tratamentos afectan ao enraizamento.




Figura 21. Número de xenes sobre-expresados no tratamento e no control nos experimentos de transcritómica realizados.

4.3.1 Resposta aos tratamentos de corte

En tódolos tratamentos de enraizamento os rebentos foron cortados e o calo basal foi eliminado. Ao se-lo corte un elemento necesario e constante en tódolos experimentos de enraizamento analizáronse os cambios na expresión que teñen lugar após o corte – mostras denominadas W, do inglés *wounding*.

No material de P2Rb recolléronse mostras do tratamento de corte ás 24, 48 e 72 horas e foron comparadas coa expresión basal no tempo 0 (T0) (Fig 22). No conxunto dos tres días, un total de 1132 xenes se expresaban con maior intensidade nas mostras cortadas que nas que non sufriran un corte. A maior parte destes DEGs corresponderon a rutas metabólicas e á biosíntese de metabolitos secundarios, 192 e 119, respectivamente. Entre os factores de transcrición identificados (32) destacan o *zinc finger protein MAGPIE-like* (*LOC112011855*), o *LOB domain-containing protein 16* (*LOC111987550*), o *AP2/ERF and B3 domain-containing transcription factor RAV1-like* (*LOC111984860*) e até 11 factores implicados na ruta de sinalización do etileno, principalmente da familia *ERF* e da súa subfamilia *RAP2*. Ademais de co etileno, tamén se expresan de xeito diferencial receptores do ácido abscísico como o *abscisic acid receptor PYL8* (*LOC 12011863*) e das xiberelinas, *gibberellin receptor GID1B-like* (*LOC 112001486*).

Para avalia-las diferenzas na expresión xénica entre os efectos do corte en función do estado ontoxenético do material utilizado compáraronse os efectos do corte en P2C e en P2Rb ás 48 h após o corte (Fig. 23 e Fig. 24). As análises con DESeq2 amosaron que hai 159 xenes máis expresados de xeito diferencial en P2C que en P2Rb e un total de 464 xenes que se expresan de xeito diferencial máis en P2Rb ca en P2C. En P2C aparecen expresados de xeito diferencial xenes asociados a rutas metabólicas (16) así como membros da ruta de sinalización das MAPK (8) e xenes de interacción planta-patóxeno (8). Entre os transcritos relacionados coa acción das hormonas vexetais, sete en total, atópanse catro *basic form of pathogenesis-related protein 1-like*, dúas *pathogenesis-related protein 1-like* relacionados co ácido salicílico e *abscisic acid-insensitive 5-like protein 3* (*LOC112026097*). Tamén se atopou nesta listaxe a *cytokinin dehydrogenase 1-like* (*LOC111999686*) implicada na síntese de zeatina. Os únicos factores de transcrición que se expresaron en P2C foron o *LOC112026097* antes mencionado e máis un o *RAP2.4* (*LOC112038037*) implicado na sinalización do etileno. Pola outra banda, os DEGs de P2Rb corresponden principalmente a xenes de rutas metabólicas (51) e de biosíntese de metabolitos secundarios (25). Con respecto ás hormonas vexetais están representados nestes tecidos a *histidine-containing phosphotransfer protein* (*LOC112027930*), relacionada coa sinalización de citoquininas e a *auxin-responsive protein SAUR32-like* (*LOC111993973*). Foron identificados oito factores de transcrición dous *ERF* (*LOC112033865* e *LOC112009599*), un *WRKY* (*LOC112028515*) e máis dúas acetiltransferases de histonas da familia MYST (*LOC112012489* e *LOC112037860*).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 22. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre o tempo 0 (T0) e os tratamentos de corte. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA, C) Volcano plot e D) Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio.




Figura 23. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre o tratamento de corte antes do cambio de fase (W48) e despois do cambio de fase (W). A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA e C) Volcano plot.




Figura 24. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre as respostas ao tratamentos de corte en P2Rb e P2C. Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio antes (A) e despois (B) do cambio de fase.

4.3.2 Resposta aos tratamentos indutores do enraizamento

Unha vez obtidos os datos do corte analizáronse os xenes expresados de xeito diferencial entre os tratamentos que induciron unha resposta fisiolóxica positiva no enraizamento.

4.3.2.1 P2Rb

No P2Rb os tratamentos que se analizaron foron o AIB e o PBZ, que foron quen de enraizaren un 97,2% ± 4,8 e un 40,7% ± 3,7 dos rebentos, respectivamente. O tratamento con AIB resultou en 623 DEGs comparados co tratamento de corte (Fig. 25). De estes 623, 126 corresponden a proteínas e ARNs relacionados cos ribosomas. Entre os 19 DEGs asociados á transdución de sinais de hormonas o 74% están asociadas coa acción das auxinas, sobre todo membros da familia das AUX/IAA mais tamén están presentes as GH3.1 (*LOC112008862* e *LOC112032254*) e a *auxin-induced protein 22D-like* (*LOC111998829*). Tamén se expresaron cinco xenes relacionados coa biosíntese de ácido xasmónico e a *caffeic acid 3-O-methyltransferase-like isoform X1* (*LOC112034364*), implicada na síntese de melatonina, durante o tratamento con AIB. Entre os factores de transcrición descritos atópase a *LOB domain-containing protein 16* (*LOC111987550*) ou o *bZIP transcription factor 11-like* (*LOC111985380*). Tocante ao PBZ, este tratamento produciu a expresión diferencial de 123 xenes nos que predominan as rutas metabólicas (Fig. 26). Entre os DEGs relacionados coa sinalización das hormonas vexetais tamén atópase o receptor de xiberelinas *gibberellin receptor GID1B* (*LOC112001486*) ou, igual ca no caso do tratamento con AIB, a *auxin-induced protein 22D-like* (*LOC111998829*). Exprésanse tamén a *beta-carotene hydroxylase 2, chloroplastic-like* (*LOC112011901*), relacionada coa biosíntese de ácido abscísico e a *zeatin O-glucosyltransferase-like* (*LOC112025527*) que está implicada na biosíntese da citoquinina zeatina.

4.3.2.2 P2C

No P2C o tratamento que induciu o enraizamento foi o de inhibición do etileno. Neste caso analizáronse os DEGs obtidos polo tratamento de AIB en combinación co pre-tratamento de STS e utilizouse como control o tratamento de AIB sen pre-tratamento con STS (Fig. 27). Desta forma, o pre-tratamento con STS produciu 249 DEGs dos que a meirande parte corresponden a rutas metabólicas. Dos factores de transcrición promovidos por este tratamento sobresaen o *ABSCISIC ACID-INSENSITIVE 5-like protein 2* (*LOC112035599*) e dúas isoformas da *DNA (cytosine-5)-methyltransferase CMT3-like* (*LOC112031183*). Tamén resalta a expresión diferencial de diversas proteínas IAA e do *probable auxin efflux carrier component 1c* e *b*, compoñentes do transportador de auxinas PIN1 (*LOC111993333*).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 25. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de corte e os tratamentos con AIB. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA, C) Volcano plot e D) Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio.




Figura 27. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de AIB con e sen pre-tratamento de STS. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA, C) Volcano plot e D) Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio.

4.3.3 Mudanzas na expresión asociadas á sinalización hormonal

Analizáronse os DEGs de tratamentos que, se ben non induciron o enraizamento, axudan a comprende-los procesos de sinalización subxacentes que poden estar a influír neste proceso.

4.3.3.1 P2Rb

Para elucida-lo papel que xogan as xiberelinas durante a inhibición do enraizamento adventicio no castiñeiro compáraronse as mostras extraídas do tratamento de AIB coas dos rebentos tratados en AIB e GA_3 (Fig. 28). A adición de xiberelinas resultou en 429 DEGs comparados co tratamento de AIB. Entre eles están o receptor do ácido abscísico *abscisic acid receptor PYL4-like* (*LOC111988217* e *LOC112017749*), o receptor do etileno *ethylene receptor 2-like* (*LOC111993884*) ou a *DELLA protein GAIP-like* (*LOC111998492*). Nos factores de transcrición expresados de xeito diferencial trala aplicación de xiberelinas están o *transcription factor MYB26* (*LOC112002235*) e varios *RAP2.3* de sinalización do etileno.

Ao compararse os tratamentos de AIB con respecto aos de PBZ (Fig. 29 e Fig. 30) observamos que hai 321 máis expresados en AIB ca no tratamento inhibidor das xiberelinas. Dos DEGs que corresponden coa sinalización hormonal case todos corresponden a factores directamente relacionados coas auxinas como diversos *AUX/IAA*, a *probable indole-3-acetic acid-amido synthetase GH3.1* (*LOC112032254*), ou a *auxin-induced protein 22D-like* (*LOC111998829*) mais tamén aparece un factor de transcrición do etileno (*LOC112018099*). Relacionado co etileno apareceron listados xenes de síntese como a *1-aminocyclopropane-1-carboxylate oxidase* (*LOC111997410*) ou a *1-aminocyclopropane-1-carboxylate synthase 3-like* (*LOC112007481*) e factores de transcrición *RAP2.12* e *ERF1*. Entre os factores de transcrición tamén estaba presente o *LOB domain-containing protein 16* (*LOC111987550*). Na comparación contraria, a avaliación dos xenes expresados de xeito diferencial nos tratamentos de PBZ a respecto dos tratamentos de AIB descubríronse 365 DEGs, grande parte deles sen caracterizar ou relacionados con ARN ribosomal. Deste xeito, a inhibición das xiberelinas favoreceu a expresión do *ethylene receptor 2-like* (*LOC111993884*), do receptor de xiberelinas *gibberellin receptor GID1B* (*LOC112001486*) e de diversos xenes relacionados coa acción das auxinas como o transportador *auxin transporter-like protein 2* (*LOC112022443*) ou varios *SAUR*. Entre os factores de transcrición promovidos polo PBZ atópanse varios *RAP2* da ruta de sinalización do etileno así como *homeobox-leucine zipper protein ATHB-12-like* (*LOC111993269*) ou *homeobox-leucine zipper protein REVOLUTA* (*LOC112038274*).

Como o PBZ actúa inhibido as xiberelinas tamén se comprobou cales son os DEGs no tratamento de corte a respecto do tratamento con PBZ (Fig. 30). Desta forma, ao saber que as xiberelinas inhiben o enraizamento e que o PBZ inhibe as xiberelinas, analízase que xenes ponde inhibi-lo enraizamento espontáneo por acción das xiberelinas endóxenas e poden expresarse grazas á acción do PBZ. Nesta comparativa atopamos 164 DEGs dos que só hai dous relacionados con hormonas: a proteína *auxin-responsive protein IAA27-like* (*LOC111986580*) e mailo *abscisic acid receptor PYL4-like* (*LOC111988217*). Tamén se expresan de xeito diferencial a *S-adenosylmethionine synthase 3* (*LOC112032159*) e a *1-aminocyclopropane-1-carboxylate oxidase* (*LOC111997410*) que participan na biosíntese do etileno e a *ent-kaurene oxidase like* (*LOC112007897*) implicada na síntese de xiberelinas.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 28. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de AIB con e sen xiberelinas. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA, C) Volcano plot e D) Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio.




Figura 29. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de AIB e os tratamentos con PBZ. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA e C) Volcano plot.




Figura 30. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de corte e os tratamentos con PBZ. Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio no tratamento de PBZ con respecto ao AIB (A) e AIB con respecto ao PBZ (B).




Figura 31. Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio do tratamento de corte con respecto ao tratamento con PBZ.

4.3.3.2 P2C

No P2C o efecto do inhibidor do etileno, o STS, foi comparado co efecto do corte ás 48 horas despois do tratamento (Fig. 32). Identificáronse 92 DEGs entre os rebentos que foran incubados durante 48 h en STS e os que foran incubados en medio basal após o corte. Entre estes DEGs os máis numerosos corresponden a rutas metabólicas e dentro dos factores de transcrición destacan dúas acetiltransferases de histonas da familia MYST (*LOC112037860* e *LOC112012489*). Tamén resalta a expresión diferencial do *probable auxin efflux carrier component 1c* (*LOC111993333*).

Do mesmo xeito có PBZ coas xiberelinas, o STS actúa inhibindo a acción do etileno, polo que tamén é interesante comparar que xenes están sendo potencialmente inhibidos pola acción do STS combinado co AIB e que, normalmente, estarían a seren funcionais pola acción do etileno (Fig. 33). Isto implica 102 DEGs identificados que se expresan normalmente e que a acción do STS limita. Destes 102 DEGs case un cuarto corresponden con rutas metabólicas mais tamén destaca a presenza da proteína *ethylene-insensitive protein 2* (*LOC112036364*) da ruta de sinalización do etileno. Só un factor de transcrición foi identificado neste experimento, o *ethylene-responsive transcription factor 3-like isoform X1* (*LOC112007198*). Identificáronse tres xenes relacionados coa biosíntese do etileno, a *S-adenosylmethionine synthase 3* (*LOC112032159*), a *1-aminocyclopropane-1-carboxylate synthase 1-like* (*LOC111986768*) e a *1-aminocyclopropane-1-carboxylate oxidase 1-like* (*LOC112025431*) e tamén dous membros da familia das aldehído deshidroxenases (*LOC112039267* e *LOC112015198*), implicadas na síntese de GABA. Outros xenes codificadores de enzimas como a desmetilases específica de lisina *JMJ30* (*LOC112002893*) foron identificados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 32. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de STS e o control, os rebentos que só sufriron corte. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA, C) Volcano plot e D) Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio.




Figura 33. Gráficos asociados aos resultados obtidos da comparación entre os tratamentos de corte e os tratamentos con PBZ. A) Gráfico MA, B) Gráfico PCA, C) Volcano plot e D) Mapa de calor cos 25 xenes con maior taxa de cambio.

4.4 Análise da expresión xénica de xenes identificados na transcritómica por medio da técnica de qPCR

Despois da análise dos datos obtidos da transcritómica foron escollidos diferentes xenes para avalia-la súa expresión por medio da qPCR e así valida-los resultados da expresión diferencial obtidos da secuenciación.

4.4.1 Tratamentos con xiberelinas en P2Rb

Co propósito de ratifica-la expresión diferencial dos xenes e mailos efectos das xiberelinas durante o enraizamento adventicio no material xuvenil, analizouse a expresión de diferentes xenes escollidos entre aqueles que foron identificados nos experimentos de transcritómica realizados. Os xenes escollidos foron *Cs22D*, *CsGID1B*, *CsGID2*, *CsLOB16* e máis *CsRAP2.3* (Fig. 34). Para esta avaliación realizouse unha análise da expresión por qPCR nos tratamentos de P2Rb nos que se detectou previamente unha expresión diferencial.




Figura 34. Número de *counts* obtidos nos experimentos de transcritómica en función do replicado e tratamento para os xenes seleccionados.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A expresión do *Cs22D*, un xene que codifica a *auxin-induced protein 22D-like*, analizouse entre os tratamentos de corte (W), AIB e PBZ en tres puntos temporais (24, 48 e 72 h) tomando como punto de control o corte ás 24 horas (W 24 h). Para a expresión deste xene só houbo diferenzas estatisticamente significativas en función do tratamento, cunha promoción da expresión tanto no tratamento de AIB como no de PBZ en comparación co corte, aínda que máis acusada no caso do AIB. Outro xene relacionado coa acción das auxinas é o *LOB16* (*LATERAL ORGAN BOUNDARIES DOMAIN 16*). No caso deste xene tanto o tratamento con AIB como no caso do AIB + GA_3 tiveron niveis de expresión consistentemente maiores cós do tratamento de corte, independentemente do tempo no que se analizase a expresión (Fig. 35).




Figura 35. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *Cs22D* (esquerda) e *CsLOB16* (dereita). As letras maiúsculas indican diferenzas estatisticamente significativas do punto temporal e as minúsculas as diferenzas entre os tratamentos dentro de cada tempo.

Un receptor das xiberelinas, o *CsGID1B* e mailo *CsGID2*, elemento da ruta de sinalización de xiberelinas, foron comprobados nos tratamentos de AIB, AIB + GA_3, o inhibidor das xiberelinas PBZ e mailo tratamento de corte, todos eles en tres puntos temporais (24, 48 e 72 h) (Fig. 36). No caso do *CsGID1B* o tempo de recollida non foi significativo mais si o tratamento. Así, o PBZ foi o tratamento onde máis se expresou este receptor das xiberelinas, seguido do tratamento con AIB e o corte, que non amosaron diferenzas entre eles. Foi no caso do tratamento con AIB + GA_3 onde se detectou unha menor expresión do receptor. No caso do *CsGID2* non houbo ningunha diferenza estatisticamente significativa en ningún dos tratamentos e en ningún dos tempos, datos que confirman a análise previa de transcritómica, onde o *GID2* non foi identificado como un DEG.




Figura 36. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *CsGID1b* (esquerda) e *CsGID2* (dereita). As letras maiúsculas indican diferenzas estatisticamente significativas do punto temporal e as minúsculas as diferenzas entre os tratamentos dentro de cada tempo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Un factor de transcrición relacionado coa sinalización do etileno foi analizado; o *RAP2.3*. A expresión deste factor de transcrición mediuse nos tratamentos de corte e PBZ ás 24, 48 e 72h e máis no T0, á fin do ciclo de multiplicación (Fig. 37). A expresión deste factor de transcrición amosou diferenzas estatisticamente significativas entre os diferentes tratamentos. Deste xeito, a inhibición das xiberelinas por parte do PBZ promoveu a súa expresión comparada cos tratamentos de corte, e tamén aumentou a expresión con respecto ao T0, mais dunha forma non significativa a nivel estatístico.




Figura 37. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *CsRAP2.3*. As letras maiúsculas indican diferenzas estatisticamente significativas do punto temporal e as minúsculas as diferenzas entre os tratamentos dentro de cada tempo.

4.4.2 Tratamentos con etileno en P2C

Trala análise dos datos obtidos nos experimentos de transcritómica en castiñeiro escolléronse determinados xenes en función da súa expresión diferencial para validar, mediante a qPCR, os resultados previamente obtidos.




Figura 38. Número de *counts* obtidos nos experimentos de transcritómica en función do replicado e tratamento para os xenes seleccionados.

Para confirma-la expresión diferencial dos xenes e os efectos dos moduladores do etileno durante o proceso de enraizamento adventicio analizáronse xenes relacionados coa síntese e sinalización do etileno (*CsACS1-like, CsACO1-like, CsRAP2.12, CsERF3, CsEIN2*), coas auxinas (*CsPIN1* e *CsIAA29*) e xenes relacionados co estado epixenético do material que poden interferir nos mecanismos da indución do enraizamento adventicio en adultos (*CsHDA14* e *CsJMJ30*). Estas análises realizáronse en material de P2C co ARN extraído das bases ao final do ciclo de multiplicación (T0) ou tras tratamentos con AIB 25 µM suplementado con ACC 30 µM ou $AgNO_3$ 30 µM en dous puntos temporais (24 h ou 120 h).

Os tratamentos con AIB e con AIB suplementado co inhibidor da acción do etileno, $AgNO_3$ diminuíron a expresión dos xenes relacionados coa síntese de etileno, *CsACS1-like* e *CsACO1-like*, ás 24 h. O patrón contrario foi observado nos tratamentos de AIB suplementados con ACC, que aumentou a expresión destes xenes tras 24 horas (Fig. 39). Ás 120 h xa non se detectaron diferenzas entre ningún dos tratamentos, que volvían a ter un patrón de expresión similar entre eles e semellante ao do control no caso da *CsACO1-like*. No caso da *CsACS1-like* a inhibición producida polo AIB e pola combinación de AIB + $AgNO_3$ tamén se esvaecera mentres que a indución producida pola adición de ACC ao medio continuaba ao cabo destes cinco días. Estes datos suxiren a existencia dun ciclo de retroalimentación positiva do ACC na súa propia síntese polo que a súa adición no medio para incrementarao no curto prazo.




Figura 39. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *CsACS-like* (A) e *CsACO1-like* (B). As letras indican diferenzas estatisticamente significativas entre as mostras (p-valor < 0,05).

Para profundar na caracterización das respostas ao etileno, analizáronse tamén a expresión do *CsEIN2*, do *CsRAP2.12* e do *CsERF3* (Fig. 40); xenes relacionados coa sinalización do etileno. O *CsEIN2*, un dos xenes centrais que modula o control da expresión xénica en resposta ao etileno, amosou diferenzas significativas ante os diversos tratamentos. O tratamento con AIB por si mesmo non foi quen de modificar en ningún sentido a expresión de *CsEIN2*. O AIB + $AgNO_3$ si causou unha diminución na súa expresión tanto ás 24 como ás 120 horas despois do tratamento, polo que o nitrato de prata inhibe a sinalización do etileno de xeito duradeiro. Ao contrario, a adición do ACC no medio aumentou no curto prazo, ás 24 horas, a expresión desta ruta de sinalización. Non houbo ningún cambio na expresión no caso do factor de transcrición *CsRAP2.12* en ningún dos puntos temporais nin como resposta a ningún dos tratamentos aplicados. Diferente é o caso do *CsERF3* que non amosou diferenzas estatísticas

USC DE COMPOSTELA

aos cinco días mais si ás 24 h onde o tratamento de AIB + ACC aumentou a súa expresión mentres que o tratamento contrario de AIB + $AgNO_3$ a inhibiu. Isto axuda a confirma-lo papel represor do nitrato de prata na acción do etileno, da mesma forma que a inhibición de *CsEIN2*.




Figura 40. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *CsEIN2* (A), *CsERF3* (B) e *CsRAP2.12* (C). As letras indican diferenzas estatisticamente significativas entre as mostras (p-valor < 0,05).

En base aos resultados da análise transcritómica e ao papel das auxinas no proceso de enraizamento adventicio foron analizados dous xenes relacionados coa auxina (Fig. 41), o *CsPIN1* e mailo *CsIAA29*. Na expresión deste último xene non se detectou ningunha modificación nin a respecto do tratamento ou do tempo. No caso do *CsPIN1*, que codifica un transportador das auxinas si que se produce, tanto ás 24 horas como ás 120, unha promoción tanto por parte do tratamento con AIB e, en maior medida, por parte do tratamento con AIB + $AgNO_3$. Polo tanto, o etileno parece inhibi-lo enraizamento e o desenvolvemento radicular dos tecidos adultos de castiñeiro a través da súa relación coas auxinas, especialmente a través do seu transporte.




Figura 41. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *CsPIN1* (A) e *CsIAA29* (B). As letras indican diferenzas estatisticamente significativas entre as mostras (p-valor < 0,05).

Tamén foron analizados dous xenes relacionados coas respostas epixenéticas; o *CsHDA14* e o *CsJMJ30* (Fig. 42). A expresión de *CsHDA14*, unha histona desacetilase, non amosa diferenzas estatisticamente significativas entre os tratamentos en ningún dos puntos temporais analizados. Cousa diferente sucede na expresión de *CsJMJ30* que, tanto ás 24 horas como aos cinco días, amosaron un comportamento similar. Nos dous puntos temporais a acción do ACC promoveu a expresión desta demetilase de histonas, que foi inhibido pola acción do AIB + $AgNO_3$. Estas tendencias modéranse aos cinco días, mais permanecen as diferenzas estatisticamente significativas, polo que se pode asegurar que estas modificacións do estado epixenético son prolongadas no tempo.




Figura 42. Logaritmo binario da taxa de cambio na expresión do xene *CsHDA14* (A) e *CsJMJ30* (B). As letras indican diferenzas estatisticamente significativas entre as mostras (p-valor < 0,05).

Unha vez obtidos os datos da qPCR as taxas de cambio na expresión dos xenes seleccionados foron comparadas coas calculadas durante os experimentos de transcritómica. Tras unha análise de correlación entre ambos valores obtivéronse valores de correlación por riba de 0,8 que suxire que os datos obtidos nos experimentos de transcritómica se axustan aos valores reais de expresión dos xenes nos tecidos. Polo tanto podemos asumir que as taxas de cambio producidas durante os experimentos de transcritómica se corresponden de forma bastante axustada coa realidade (Fig. 43).




Figura 43. Gráfico de correlación entre as taxas de cambio preditas pola transcritómica e as obtidas na qPCR.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

5. DISCUSIÓN

5.1 Substitución do agar e sacarosa de laboratorio por alternativas comerciais

A mellora e abaratamento dos protocolos de multiplicación e enraizamento *in vitro* é chave para producir plantas de forma masiva dun xeito competitivo mais tendo conta de non reduci-la calidade dos exemplares producidos. Para acadar este obxectivo foron avaliados os custos dos medios de cultivo e analizados cales deles tiñan un substituto máis barato e que non producise desordes no desenvolvemento dos rebentos. Deste xeito decidiuse substituí-la fonte de carbono e mailo axente xelificante por alternativas máis baratas producidas localmente. Estudos previos amosaron taxas de aforro que variaron entre o 58,7%, cando o agar de laboratorio foi substituído por Isubgol e a sacarosa por azucre (Agrawal *et al.*, 2010), e o 86,4% cando se empregou Sago como axente xelificante (Saraswathi *et al.*, 2016). No presente estudo, o cambio de sacarosa por azucre comercial e a substitución de agar fornecido por empresas de material de laboratorio por agar comercial de produción local rebaixaron os custos por litro de medio de cultivo nun 82%, un valor comparábel ás mellores alternativas publicadas previamente.

Os efectos da substitución da sacarosa como fonte de carbono por azucre comercial xa se comprobaron durante a micropropagación de ananás en medio líquido (Dutta *et al.*, 2013) ou na propagación de pachulí (Swamy *et al.*, 2010) ou pataca (Demo *et al.*, 2008) en medio semi-sólido. No presente traballo obtivéronse resultados similares aos de estudos con especies non leñosas (Kuria *et al.*, 2008; Swamy *et al.*, 2010), sen cambios substanciais nin na fase de multiplicación nin nos parámetros avaliados durante o enraizamento, cunha calidade similar dos explantes e da arquitectura radicular ao longo de tódolos tratamentos. Tamén apoian estes achados os resultados obtidos durante o enraizamento doutras especies leñosas coma o sarandí ou *Balanites aegyptica* (Gour e Kant, 2011), nas que tampouco houbo mudanzas substanciais a nivel fenotípico trala substitución da sacarosa por azucre comercial.

A substitución da sacarosa por azucre comercial é relativamente intuitiva xa que, segundo a regulación europea, o azucre comercial ten que ter un contido en sacarosa pura igual ou superior ao 99,5% (Consello da Unión Europea, 2002; Parlamento Europeo e Consello da Unión Europea, 2013). No caso do axente xelificante a procura dun substituto acaído xa é máis complexa e adoitan usarse diferentes substancias para intentar substituí-lo agar do medio, principalmente amidón (Martin-Gordo *et al.*, 2012). A pesar de que os substitutos máis comúns son axentes xelificantes baratos e abundantes como a goma *guam* ou o *Isubgol*, neste estudo usouse agar comercial de produción local. Este agar ten a vantaxe de ter unha composición similar á do agar específico de laboratorio ao ser producido a partir da mesma división de alga que o agar de laboratorio (*Rodophyta*). En estudos realizados en pataca (Kuria *et al.*, 2008) ou

USC
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

en *Vainilla planifolia* (Mengesha *et al.*, 2012) nos que o agar mudaba por amidón de mandioca ou de falsa-bananeira, ou trala substitución do agar por *Isubgol* durante a propagación de *Dendrobium chrysotoxum* (Jain e Babbar, 2005), do tabaco (Ozel *et al.*, 2008) ou do pastel dos tintureiros (Saglam e Cifici, 2010), a presenza destes compostos no medio de cultivo aumentaba o número de rebentos en comparanza cos medios con agar de laboratorio. Tiráronse resultados similares en especies leñosas como arandeira (Clapa *et al.*, 2008) ou *Crataeva nurvala* (Jain e Babbar, 2006) cando foron cultivados en medios xelificados con *Isubgol* ou goma *guam*, respectivamente. Outros parámetros como o número de novas follas desenvolvidas durante o ciclo de multiplicación foron analizados noutros estudos e non foron atopadas diferenzas notábeis entre os diferentes axentes xelificantes (Agrawal *et al.*, 2010; Ullah *et al.*, 2015). Por outra banda, en experimentos levados a cabo en lombulwa (*Uapaca kirkiana*), espiñeiro de Angola (Maliro e Lameck, 2004) ou bananeira (Buah, 2014; Saraswathi *et al.*, 2016) si que se observou un efecto positivo neste parámetro cando os axentes xelificantes, como a fariña de mandioca ou o sagu foron empregados en combinación con agar de laboratorio. Nos experimentos levados a cabo durante a presente tese non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas en ningunha das variábeis analizadas durante a fase de proliferación. Isto confirma os resultados previos obtidos por outros autores tanto en especies leñosas como non leñosas (Babbar e Jain, 1998; Jain e Babbar, 2006; Clapa *et al.*, 2010; Raina e Babbar, 2011).

Neste traballo tampouco se acharon diferenzas na capacidade de enraizamento nin na calidade dos sistemas radiculares de castiñeiro ou bidueiro tralo troco do agar e do azucre de laboratorio polas súas alternativas comerciais. Estes resultados están en liña cos obtidos ben para especies herbáceas como o tabaco (Ozel *et al.*, 2008) ou ben para leñosas como o brinco de viúva (Babbar e Jain, 1998) ou bananeira (Saraswathi *et al.*, 2016). Ao usar compostos alternativos de menor custo promoveuse a lonxitude das raíces en especies no caso de cúrcuma (Tyagi *et al.*, 2007) ou en especies leñosas (Babbar *et al.*, 2005) mentres que o uso de *Isubgol* como axente xelificante produciu efectos negativos nesta variábel (Ullah *et al.*, 2015). No caso dos experimentos levados a cabo nesta tese non se atoparon diferenzas na lonxitude das raíces, en liña do observado en estudos previos con outras especies (Ozel *et al.*, 2008; Raina e Babbar, 2011). Respecto do número de raíces formadas, o cambio da sacarosa por azucre común tivo un efecto negativo neste parámetro durante a micropropagación de pataca (Demo *et al.*, 2008). Ao substituí-lo agar por *Isubgol* durante a multiplicación da bananeira (Buah, 2014) ou ao combinalo con amidón no cultivo *in vitro* de cúrcuma (Agrawal *et al.*, 2008) aumentaba o número de raíces producidas, un parámetro que non se modificou durante os experimentos aquí presentados en castiñeiro e bidueiro. Deste xeito, a substitución dos compostos específicos de laboratorio por alternativas comerciais de produción local é un método efectivo para asegura-la súa dispoñibilidade e para abarata-los protocolos de micropropagación de castiñeiro e bidueiro.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2 Efecto da modificación da concentración de AIB exóxeno durante o enraizamento

A adición de auxinas é necesaria para o enraizamento do castiñeiro e mailo cambio na concentración engadida de auxinas pode altera-la calidade do sistema radicular. Polo tanto, é preciso atopa-la concentración de auxinas que asegure un correcto equilibrio entre un enraizamento axeitado e un estado óptimo das plantas. O aumento da concentración de AIB mellorou o número de raíces e, tras fixa-la concentración óptima en 7,5 mM, un aumento na cantidade de AIB diminuíu a porcentaxe de enraizamento en caqui (Hejazi *et al.*, 2018). Unha diminución de AIB exóxeno por debaixo dun limiar podería levar a unhas menores taxas de enraizamento e a unha arquitectura radicular de peor calidade. Porén, nos nosos experimentos de enraizamento con P2Rb atopamos que unha diminución do AIB de até 10 veces sobre o nivel engadido inicialmente (de 25 μM até os 2,5 μM) non reduce os parámetros relacionados co enraizamento mentres que si aumenta a calidade xeral do rebento. En P2C si se observa unha baixada nos niveis de enraizamento cando se reduce á metade a cantidade de auxina engadida no medio. O efecto contrario tamén se observou, cun menor enraizamento tras dobra-la cantidade de AIB no medio de enraizamento (dende os 25 μM até os 50 μM). Efectos similares se atoparon na árbore de nim (Gehlot *et al.*, 2015) ou pexegueiro (Park *et al.*, 2017), nos que un nivel insuficiente de auxinas non produciu a máxima porcentaxe posíbel de rebentos enraizados e un nivel excesivo de auxinas no medio produciu un efecto tóxico que limitou o enraizamento.

Na liña xuvenil, P2Rb, a diminución da cantidade de AIB levou aparellada unha redución similar nas taxas de formación de calo e na necrose apical. Un aumento no AIB no medio de enraizamento aumentou a incidencia de necrose apical en rebentos de roseira (Podwyszyńska e Goszczyńska, 1998), pereira (Thakur e Kanwar, 2011) ou salgueiro tarraconense (Amo-Marco e Lledo, 1996). En castiñeiro demostrouse que a adición de citoquinina no ápice do rebento reducía a necrose apical (Vieitez *et al.*, 1989). O agravamento dos síntomas co aumento do AIB ou o seu alivio após a adición de BA no medio suxire que a necrose apical pode ser resultado da modificación no balance auxina/citoquinina. Por iso, unha redución do AIB no medio de enraizamento pode ser unha estratexia para diminuír este problema sempre e cando non comprometa a calidade do sistema radicular. No caso do calo obtivéronse resultados similares en pexegueiro (Park *et al.*, 2017), laranxeira (Hu *et al.*, 2017) ou maceira (Welander e Snygg, 1987). En todas estas especies, ao igual que no castiñeiro, unha elevación na concentración de auxinas aumenta a formación de calo. De igual modo que na necrose apical a modificación da razón entre auxinas e citoquininas podería se-lo mecanismo subxacente deste fenómeno (Ikeuchi *et al.*, 2013). Polo tanto, a comprensión dos efectos da modificación do balance entre auxinas e citoquininas neste proceso pode axudar a optimiza-los niveis de enraizamento á vez de mellora-la saúde xeral do rebento. En P2C non se observou esta baixada nos niveis de necrose nin na cantidade de calo formado; é posíbel que unha meirande redución de AIB no medio de enraizamento conseguise mellorar estes parámetros mais a costa dunha menor cantidade de rebentos enraizados, polo que esa mellora non sería realmente funcional.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.3 O transporte polar de auxinas é necesario para un correcto enraizamento

O ácido N-1-naftil-talámico (NPA) é unha molécula capaz de inhibi-lo transporte polar de auxinas. Aínda que o modo de actuación concreto non está claro de todo existen varias explicación posíbeis (Teale e Palme, 2018). Diversas familias de proteínas que transportan as auxinas (Geisler, 2021) poden ser obxecto da acción do NPA. De entre estas familias, o transporte polar de auxinas está moi vencellado á acción das proteínas PIN, transportadores transmembrana que serven como saída das auxinas da célula. Existen evidencias da inhibición específica da proteína PIN1 por parte do NPA para modifica-lo transporte polar de auxinas (Teale *et al.*, 2021); aínda que tamén poden unirse a outros membros da familia das proteínas PIN para bloquea-la súa actividade (Abas *et al.*, 2021). Isto é importante porque a actividade das proteínas PIN é precisa para xera-los máximos locais de auxinas necesarios durante os primeiros estadios do enraizamento adventicio en oliveira (Velada *et al.*, 2020) e maceira (Guan *et al.*, 2020).

Nos experimentos realizados en castiñeiro durante o desenvolvemento desta tese a adición de NPA durante a incubación dos rebentos diminuíu tanto a porcentaxe de enraizamento como a lonxitude e o número das raíces dun xeito dependente da dose, así como tamén atrasou a emerxencia das raíces. O transporte polar de auxinas é necesario para o enraizamento de diferentes especies e a súa inhibición por medio da adición de NPA reduciu as taxas de enraizamento adventicio en petunia (Ahkami *et al.*, 2013) e tomate (Guan *et al.*, 2019) ou tamén en especies arbóreas como o eucalipto (Negishi *et al.*, 2014), o piñeiro taeda (Diaz-Sala *et al.*, 1996), a maceira (Tian *et al.*, 2023) ou o carballo (Vidal *et al.*, 2003). En viña tamén se atopou unha inhibición do enraizamento dependente da dose de NPA aplicada (Chang *et al.*, 2022).

Trala inhibición do transporte polar de auxinas non só houbo menos rebentos que formaran raíces adventicias senón que deles emerxeron un menor número de raíces. Reducións similares se atoparon tralo uso de NPA durante o enraizamento en especies herbáceas como en tremozo branco (Lopez Nicolas *et al.*, 2004), arroz (Xu *et al.*, 2005), petunia (Ahkami *et al.*, 2013) ou *Arabidopsis* (Mauriat *et al.*, 2014), mais tamén en especies leñosas como o carballo (Vidal *et al.*, 2003), ou piñeiro taeda (Diaz-Sala *et al.*, 1996). Ademais as raíces formadas non só son menos ao inhibi-lo transporte polar de auxinas, tamén son máis curtas, polo que un correcto transporte das auxinas é necesario para a elongación radicular. Así se demostrou en tremozo branco (Lopez Nicolas *et al.*, 2004), tomate (Guan *et al.*, 2019), *Arabidopsis* (Sassi *et al.*, 2012; Wang *et al.*, 2021b) ou petunia (Ahkami *et al.*, 2013). En especies forestais este efecto está menos estudado mais si se demostrou unha redución da lonxitude das raíces tralo tratamento dun híbrido de bidueiro con NPA (Yang *et al.*, 2015b) e tamén se pode apreciar nas fotos de eucaliptos presentadas por Negishi (Negishi *et al.*, 2014) aínda que non se menciona este efecto ao longo do seu traballo. As raíces que se formaron durante o enraizamento do castiñeiro con NPA emerxeron máis tarde, cunha T50 que pasou dos 8 aos 17 días, é dicir, máis que duplicou o seu valor con respecto ao control con AIB. Resultados similares foron obtidos en tomate (Guan *et al.*, 2019) e en diferentes especies leñosas tais como o *Pinus taeda* (Diaz-Sala *et al.*, 1996; Greenwood *et al.*, 2001) ou álamo híbrido (Mauriat *et al.*, 2014).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tódolos castiñeiros enraizados en medios cunha concentración de AIB 25 μM produciron calo, mais ao baixar esta cantidade até os 2,5 μM a taxa de calo diminuíu até o 25%. Coa adición de NPA 100 μM no medio de enraizamento con AIB 2,5 μM non só se inhibiu por completo a formación de raíces senón que tamén aumentou a taxa de formación de calo até o 100%. Debido á falta de estudos específicos sobre a formación de calo e á desatención que recibiu este parámetro nos outros estudos nos que se empregou NPA para inhibi-lo transporte polar de auxinas o efecto deste composto no desenvolvemento do calo non está definido. O que si parece é que a combinación de auxinas con NPA aumenta a produción de calo en *Pinus taeda* (Greenwood *et al.*, 2001) ou *Selaginela kraussiana* (Spencer *et al.*, 2023) probabelmente debido á acumulación da auxina exóxena aplicada na base do rebento.

Estes experimentos demostran o papel imprescindíbel que xoga o transporte polar das auxinas non só na capacidade dos rebentos de castiñeiro de formar raíces senón tamén no correcto desenvolvemento do sistema radicular.

5.4 Efecto diferencial das xiberelinas exóxenas sobre o enraizamento adventicio

Nos experimentos realizados en castiñeiro xuvenil, P2Rb, un aumento da concentración de xiberelinas levou a unha menor taxa de enraizamento até que, nos enraizamentos con GA_3 40 μM o enraizamento foi case inexistente a pesar da presenza de AIB no medio. Estes resultados observáronse en P2Rb mais non en P2C, suxerindo que os procesos de indución do enraizamento adventicio varían dependendo do estado de maduración do material.

A pesar do efecto promotor do enraizamento observado en carballo (Eshed *et al.*, 1996) e cerdeira (Ford *et al.*, 2002) tralo uso de xiberelinas, este regulador do crecemento presenta normalmente a tendencia contraria. A adición exóxena de GA_3 tamén produciu unha redución do enraizamento adventicio en álamo (Busov *et al.*, 2006) ou en piñeiro de repoboación (Pizarro e Díaz-Sala, 2020). Liñas transxénicas de *Arabidopsis* e álamo que sobre-expresan *AtGA20ox1*, un xene chave na biosíntese de xiberelinas, vén alterado o transporte polar de auxinas e teñen unha menor capacidade de formar novas raíces adventicias (Mauriat *et al.*, 2014), o que apoia a hipótese de que as xiberelinas modulan o enraizamento a través da inhibición do transporte de auxinas (Li *et al.*, 2018). Outra liña de álamo que sobre-expresa a histona desacetilase *PtHDT902* e promove a síntese de xiberelinas amosa unha menor taxa de enraizamento (Ma *et al.*, 2020). Así como a sobre-expresión de xiberelinas ou a súa aplicación exóxena causa a inhibición do enraizamento adventicio o silenciamento de *GA2ox*, implicado na desactivación das xiberelinas, diminúe a biomasa radicular en arroz (Lo *et al.*, 2008) ou álamo (Gou *et al.*, 2011). A diminución da síntese de xiberelinas mediante a acción do PBZ tamén incrementou a taxa de enraizamento en especies como a goiaba (Qadri *et al.*, 2018) ou a oliveira (Salari *et al.*, 2017). Nos experimentos levados a cabo en castiñeiro durante a presente tese a inhibición das xiberelinas por parte do PBZ foi quen de promove-lo enraizamento adventicio incluso en ausencia de auxinas, consideradas até entón condición necesaria para desencadear este proceso. Un efecto similar, aínda que con menores taxas de enraizamento que no castiñeiro, foi descrito recentemente para *Rubus brasiliensis* (Bueno *et al.*, 2021). No noso sistema experimental a

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

adición de NPA ao medio de enraizamento con PBZ inhibiu por completo o enraizamento, polo que o transporte polar de auxinas é preciso para a promoción do enraizamento adventicio mediado polo PBZ. Isto indica que o enraizamento espontáneo do castiñeiro pode estar reprimido polo efecto das xiberelinas endóxenas sobre o transporte polar de auxinas, o que confirmaría a hipótese de que a inhibición do enraizamento producida polas GAs se debe á modulación das proteínas PIN (Mauriat *et al.*, 2014; Li *et al.*, 2018).

Amais dunha inhibición da taxa de enraizamento o número de raíces formado en cada rebento tamén foi menor. Isto parece se-la tendencia xeral xa que sucede o mesmo en especies herbáceas como o tabaco (Niu *et al.*, 2013) ou leñosas ben trala adición de xiberelinas exóxenas en álamo (Busov *et al.*, 2006) ou piñeiro de repoboación (Pizarro e Díaz-Sala, 2020). De xeito complementario a inhibición de xiberelinas por medio do PBZ aumentou o número de raíces primarias en rebentos de maceira (Kepenek e Karoğlu, 2011).

Se ben o número de raíces é menor nos tratamentos con xiberelinas espérase que estas sexan máis longas xa que esta hormona se asocia coa promoción do mersitemo radicular e coa elongación das raíces (Achard *et al.*, 2009; Rizza *et al.*, 2017). Nas raíces obtidas no presente traballo si se observou esta tendencia ao igual que xa se tiña descrito noutras especies como *Arabidopsis* (Tan *et al.*, 2019), arroz (Qin *et al.*, 2022) ou álamo (Ma *et al.*, 2020). Porén hai outras especies onde as xiberelinas teñen efectos moito menos marcados no crecemento radicular (Ramon *et al.*, 2021) ou mesmo efectos negativos (Fonouni-Farde *et al.*, 2019). Outro efecto que se observou no experimento é que as raíces formadas en medio suplementado con xiberelinas eran máis finas que as raíces control e que as formadas en medio con PBZ estaban máis engrosadas, a pesar de que este efecto non se cuantificou de ningunha forma e só foi unha descrición *de visu*. Este fenotipo ten sentido á luz do efecto das xiberelinas en diversos cultivos de tubérculo como a pataca doce (Singh *et al.*, 2019) ou xinsén menor (Zhang *et al.*, 2021a), onde un aumento das xiberelinas produce lignificación e prevén do cambio de raíz a órgano de almacenamento radicular. Deste xeito, a adición de xiberelinas aumentaría a ratio GA/ABA e atrasaría a formación de tubérculos (Chen *et al.*, 2022). A pesar de que as raíces de castiñeiro non forman tubérculos é posíbel que o mecanismo subxacente que regula negativamente a formación de tubérculos poida ser común co fenotipo observado nos nosos experimentos.

5.5 Efecto diferencial do etileno na calidade do sistema radicular tralo cambio de fase

Debido ao papel predominante do etileno durante o cambio de fase fixéronse experimentos de enraizamento con promotores e inhibidores da acción do etileno tanto en P2Rb como en P2C. Nos rebentos xuvenís non houbo cambios estatisticamente significativos entre os tratamentos. Por outra banda, a modulación do etileno tivo importantes consecuencias na resposta fisiolóxica dos tecidos adultos, entre os que se inclúen a taxa de enraizamento, o número de raíces por rebento enraizado e a lonxitude media das raíces. Isto parece indicar que o mecanismo de indución do enraizamento varía en función do estado ontoxenético do material, do mesmo xeito que se observou nos enraizamentos con xiberelinas.

No presente estudo, a porcentaxe de enraizamento da liña P2C diminuíu trala aplicación do ACC, un precursor do etileno. En liña con estes resultados o etileno xa amosou ser un

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inhibidor do enraizamento adventicio en especies leñosas como maceira (Ma *et al.*, 1998), pexegueiro (Park *et al.*, 2017), eucalipto (Kilkenn *et al.*, 2012) ou follas de *Arabidopsis* (Li *et al.*, 2020). Así e todo, o etileno non é un inhibidor universal do enraizamento adventicio e seu efecto sobre este proceso parece ser altamente dependente da especie xa que é promotor do enraizamento en especies como a petunia (Druege *et al.*, 2014), no caravel de defunto (Jin *et al.*, 2017), no cogombro (Deng *et al.*, 2022) ou en especies leñosas tales como a laranxeira (Mendes *et al.*, 2011) ou o *Pinus thunbergii* (Mori *et al.*, 2011). Tamén o número de raíces medio se viu reducido polo tratamento con ACC, un resultado que coincide cos obtidos en guindeira (Sarropoulou *et al.*, 2016), papaia do mato (Gallo *et al.*, 2015), maceira (Bai *et al.*, 2020) ou en follas de *Arabidopsis* (Li *et al.*, 2020) a pesar de que no caravel de defunto (Jin *et al.*, 2017), a petunia (Druege *et al.*, 2014), o cogombro (Lyu *et al.*, 2021) ou a laranxeira (Mendes *et al.*, 2011) se observase a tendencia contraria.

O etileno tamén tivo un efecto inhibidor no alongamento das raíces formadas en castiñeiro adulto. Resultados similares se obtiveron en experimentos levados a cabo en especies como *Arabidopsis* (Achard *et al.*, 2003; Růžička *et al.*, 2007), arroz (Ma *et al.*, 2013; Yang *et al.*, 2015a), grelo (Lemaire *et al.*, 2013) ou maceira (Bai *et al.*, 2020), nas que a adición de ACC reduciu a lonxitude das raíces. Amais, en *Arabidopsis*, o etileno media a inhibición da elongación radicular como resposta ao estrés alcalino (Li *et al.*, 2015). Do mesmo xeito que a taxa de enraizamento ou o número de raíces o efecto do etileno sobre a lonxitude das raíces non é aplicábel de xeito automático a tódolos e depende de moitos factores. Así, a pesar de que a adición de ACC exóxeno promoveu o alongamento das raíces en arroz, a modulación dos niveis de expresión de *ERF3* – un factor de resposta ao etileno (Müller e Munné-Bosch, 2015) – modificou a lonxitude da raíz principal nesta especie. Tamén en arroz, liñas transxénicas que sobre-expresaban o *ERF3* tiñan unha meirande lonxitude da raíz mentres que as liñas cunha menor expresión de *ERF3* presentaban o patrón contrario (Zhao *et al.*, 2015). Este efecto sobre a lonxitude da raíz tamén se describiu en especies como a laranxeira (Mendes *et al.*, 2011).

A incapacidade dos tratamentos con AIB de xerar raíces secundarias demostra que o etileno endóxeno é capaz de impedi-la súa emerxencia en P2C. A inhibición da formación de raíces laterais por causa do etileno xa se describiu en *Arabidopsis* (Negi *et al.*, 2008; Park *et al.*, 2018) e tomate (Negi *et al.*, 2010). O tratamento co nitrato de prata, que reprime a acción do etileno, non só foi quen de aumenta-las taxas de enraizamento, o número de raíces e o alongamento radicular senón que foi o único tratamento capaz de producir raíces secundarias, o que indica unha mellora na calidade do sistema radicular. A formación de raíces laterais está relacionada co transporte de auxinas (Casimiro *et al.*, 2001; Jing e Strader, 2019) polo que o efecto promotor do $AgNO_3$ neste proceso permite intuír unha relación negativa entre o etileno e o transporte de auxinas no castiñeiro adulto, superada pola acción do nitrato de prata.

Deste xeito, o etileno diminúe a calidade do sistema radicular en tecidos adultos de castiñeiro. Porén, o efecto desta hormona no enraizamento adventicio nunca fora analizado en función do estado ontoxenético do material en especies leñosas. En *Arabidopsis* observouse que a sinalización de etileno era máis activa nas follas vellas, feito que foi ligado a unha menor capacidade de rexeneración *de novo* das raíces (Li *et al.*, 2020). Polo tanto, a influencia do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

etileno nos procesos de xeración de raíces adventicias deben analizarse tendo tamén en conta a súa relación coa idade da planta.

5.6 Relación do estrés oxidativo e a capacidade de enraizamento adventicio

Numerosos estudos indican un rol positivo do H_2O_2 na formación de raíces adventicias en especies herbáceas como poden se-lo feixón da China (Li *et al.*, 2017), caravel de defunto (Liao *et al.*, 2009), liño (Takáč *et al.*, 2016) ou crisantemo (Liao *et al.*, 2010) e tamén en especies leñosas como a oliveira (Sebastiani e Tognetti, 2004) ou en híbridos de amendoeira e pexegueiro (Zilkah *et al.*, 2006). Este efecto do H_2O_2 é, en moitas ocasións, dependente da dose co que o enraizamento aumenta de forma proporcional ao H_2O_2 engadido (Kora e Bhattacharjee, 2020). Así sucedeu por exemplo en experimentos realizados con crisantemo (Liao *et al.*, 2010). No caso dos experimentos que se realizaron no castiñeiro nesta tese só se probou unha concentración de H_2O_2 mais durante diferentes tempos de aplicación o que pode ser considerado un efecto análogo á mudanza da dose en si xa que a planta consumirá o composto ao longo do tempo ao engadir concentracións capaces de satura-la catalase. Asumindo esta analoxía, o aumento da dose efectiva na planta, expresada a través da duración do tratamento, tamén é un factor importante xa que a maior tempo de tratamento maior foi a taxa de enraizamento obtido.

En bérberis xaponés (Tehranifar *et al.*, 2014), milgrandeira (Sarrou *et al.*, 2014), louro pardo (Silva *et al.*, 2022) ou oliveira (Sebastiani e Tognetti, 2004) observouse un efecto sinerxético entre o H_2O_2 e mailas auxinas, con mellores taxas de enraizamento ao combinárense ambos tratamentos. Isto contrasta cos resultados obtidos na liña P2Rb onde unha combinación do H_2O_2 co AIB amosou unha diminución estatisticamente significativa nas taxas de enraizamento así como na lonxitude das raíces formadas. En liño atopouse un comportamento similar ao observado en castiñeiro, o que indica que entre o H_2O_2 e o AIB existe un balance homeostático necesario para o desenvolvemento do enraizamento adventicio (Takáč *et al.*, 2016).

En caravel de defunto a aplicación de H_2O_2 estimulou os niveis endóxenos de calcio e calmodulina, que actúan como moléculas de sinalización do H_2O_2 no enraizamento (Liao *et al.*, 2012). A adición de calcio é unha estratexia para a redución da necrose apical (Teixeira da Silva *et al.*, 2020) polo que o aumento nos niveis deste mineral trala aplicación de H_2O_2 pode se-lo mecanismo polo que se reduce esta sintomatoloxía nos rebentos de castiñeiro tratados con H_2O_2.

Tamén se observou que o tratamento con H_2O_2 eliminou por completo a formación de calo nos rebentos de castiñeiro. Sábese que o H_2O_2 eleva o nivel endóxeno de auxinas (Takáč *et al.*, 2016) e que tamén pode reprimi-la síntese de citoquininas (Pérez *et al.*, 2021). Desta forma, o H_2O_2 pode modifica-lo balance entre auxinas e citoquininas para evita-la formación de calo, producido normalmente por un exceso desta última hormona (Vieitez *et al.*, 1989). O efecto do H_2O_2 sobre este balance hormonal xa foi suxerido noutros procesos como o desenvolvemento das xemas apicais (Chen *et al.*, 2016).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.7 Efecto das difenil-ureas sobre calidade dos rebentos durante o enraizamento

Os derivados da urea foron descritos como coadxuvantes das auxinas durante o proceso de enraizamento adventicio en maceira (Ricci *et al.*, 2006) e alcaparreira (Carra *et al.*, 2012). En concreto, a presenza de difenil-ureas (MDPUs) promoveu o enraizamento adventicio en piñeiro de repoboación (Ricci *et al.*, 2008) e en maceira cando as concentracións de AIB non eran as óptimas para desencadear ese proceso (Ricci *et al.*, 2003). Este efecto non se observou nos rebentos de castiñeiro ou carballo durante os experimentos conducidos na presente tese. A pesar de non mellora-lo sistema radicular o uso de 3,4-MDPU axudou a mellora-la calidade xeral dos explantes enraizados, cunha redución do calo e un maior número de rebentos capaces de retoma-lo crecemento en caso de necrose apical, o que podería implicar unha meirande capacidade de supervivencia na fase de aclimatación.

O modo de acción dos derivados da urea durante o enraizamento adventicio parece estar ligado aos gradientes de auxina ou da súa distribución en células específicas que formarán o primordio radicular e inhibir así a formación de calo (Brunoni *et al.*, 2014). Non obstante este efecto é dependente tanto da dose do composto como da auxina. A presenza de 3,4-MDPU reduciu tamén os síntomas de necrose apical e aumentou o re-emprendemento do crecemento. A necrose apical foi relacionada en maceira cun baixo nivel de hormonas endóxenas (Kataeva *et al.*, 1991) e parece estar asociada, en concreto, a distribución e transporte das citoquininas (Bairu *et al.*, 2011). Deste modo, os derivados da urea poden influír no balance de auxinas/citoquininas o que permite que as auxinas marquen un máximo local nas células iniciadoras da raíz ao tempo que facilitan o transporte das citoquininas até o ápice nun sistema aínda por definir completamente (Durán-Medina *et al.*, 2017). Isto explicaría a un tempo a falta de calo, que se considera un sumidoiro de citoquininas (Vieitez *et al.*, 1989) e o control da necrose apical producido pola acción desta hormona (Teixeira da Silva *et al.*, 2020).

5.8 O calcio é necesario para o enraizamento adventicio do castiñeiro

O calcio demostrou ser un mineral necesario para o enraizamento e o seu secuestro impediu a formación de raíces adventicias en híbridos de álamo tremedor (Bellamine *et al.*, 1998) e máis en cogombro (Lanteri *et al.*, 2006; Niu *et al.*, 2017). Deste xeito, o calcio e a calmodulina aumentan o número de raíces formadas en caravel de defunto, e o seu bloqueo por medio do EGTA reduce estes efectos (Liao *et al.*, 2012). Porén, o papel máis destacado do calcio no desenvolvemento radicular atópase no alongamento das raíces. A acción do calcio favorece polo xeral o crecemento da raíz primaria (Zhang *et al.*, 2020a) e axentes quelantes como o EGTA reducen a calidade do sistema radicular tralo bloqueo da acción do calcio. Isto sucede en especies como o tomate (Qi *et al.*, 2022) ou laranxeira aceda da china (Wu *et al.*, 2014b). A necesidade do calcio na adquisición da competencia para o enraizamento foi confirmado polos nosos resultados, onde o secuestro do calcio por medio do EGTA reduciu a cero a taxa de enraizamento en material adulto. En exemplares adultos de especies leñosas hai un aumento do contido de calcio (Haffner *et al.*, 1991), polo que o calcio non é suficiente por si mesmo, a pesar de ser preciso para a promoción do enraizamento adventicio en exemplares adultos de castiñeiro.

Hasenstein e Evans demostraron que o calcio é un contra-ión das auxinas (Hasenstein e Evans, 1988) polo que o efecto promotor do calcio sobre o enraizamento adventicio pode deberse á súa promoción do transporte polar de auxinas. Porén, o calcio por si mesmo non é quen de asegura-lo enraizamento de castiñeiro adulto xa que, a pesar de que o contido en AIA é maior en adultos ca en exemplares xuvenís, ningunha das dúas liñas – nin a adulta nin a xuvenil – tiña uns niveis suficientes de auxina sen un tratamento de AIB exóxeno (Ballester *et al.*, 1999).

5.9 Efecto dun bio-estimulante do enraizamento

Existen fungos endófitos que promoven o desenvolvemento vexetal e o enraizamento adventicio. Tal é o caso, por exemplo, de *Piriformospora indica* que aumenta o número e a lonxitude das raíces adventicias do xeranio ou da flor de Nadal (Druege *et al.*, 2007). Deste coñecemento sobre o efecto dos fungos ou bacterias endófitas sobre o desenvolvemento das raíces xurde o Charkor, un extracto acuoso-alcólico dos fungos endófitos simbióticos das raíces do xinsén.

No noso sistema experimental observouse que o Charkor tiña unha resposta similar tanto na liña xuvenil como na liña adulta. Tan só houbo diferenzas na taxa de enraizamento, que si se veu moderadamente promovida no P2C. Do mesmo xeito que no tratamento con xiberelinas, a utilización dun método de enraizamento óptimo con AIB pode estar ocultando un posíbel efecto promotor do enraizamento en P2Rb. En P2C si se atopou un lixeiro efecto positivo na taxa de enraizamento adventicio, resultado similar ao obtido en pereira (Dimitrova e Berova, 2020) ou en terebinto (Nacheva *et al.*, 2019). En ámbalas dúas liñas o suplemento do medio de enraizamento con Charkor aumentou o número de raíces, mais diminuíu o seu tamaño medio. Estas tendencias observáronse en pereira (Dimitrova e Berova, 2020) cunhas raíces máis curtas e numerosas, até a metade de longas que as obtidas no tratamento control.

Non se sabe cal é a composición exacta deste composto, mais é probábel que os endófitos dos que se compón o extracto acuoso sexan produtores de auxinas xa que esta capacidade é coñecida en numerosos fungos (Suebrasri *et al.*, 2020; Sarkar *et al.*, 2021) e bacterias (de Andrade *et al.*, 2023). Deste xeito, a acción do Charkor probabelmente se deba á adición de diversos tipos de auxinas ao medio, que se combinan co AIB utilizado no medio de enraizamento. Nos experimentos de P2C antes presentados observouse que un aumento da concentración de AIB exóxeno pode reduci-la calidade do sistema radicular polo que, de ser certa a hipótese de que a acción do Charkor se alicerza na produción de auxinas, é plausíbel supoñer que as auxinas producidas polos fungos dos que se compón o Charkor probabelmente serían AIA ou ANA.

5.10 Implicacións xerais do enraizamento adventicio do castiñeiro

Tomados en conxunto os efectos observados nos experimentos de enraizamento a nivel fisiolóxico, o efecto atopado máis destacábel foi o efecto contraditorio que teñen algúns reguladores do crecemento antes e despois do cambio de fase. Se ben a adición de auxinas é necesaria para o enraizamento dos rebentos sexa cal for o estado ontoxenético do material

USC DE SANTIAGO

vexetal, as xiberelinas son limitadoras do enraizamento no material xuvenil mentres que o etileno limita a calidade do enraizamento mais só após o cambio de fase. Na liña P2Rb o calcio pode se-lo modo en que as xiberelinas, a pesar de diminuíren as taxas de enraizamento, promoven a elongación radicular (Okada *et al.*, 2017). Tamén pode se-lo incremento dos niveis de calcio o que promove un incremento do enraizamento trala adición de H_2O_2 (Han *et al.*, 2015), composto que tamén pode aumenta-lo enraizamento adventicio por medio da represión da síntese de xiberelinas (Li *et al.*, 2017). Deste xeito o H_2O_2 tería dúas vías de promoción do enraizamento, pode que sinerxéticas entre elas. Por outra banda, na liña P2C o calcio parece ser preciso para a formación de raíces adventicias, aínda que non ser condición suficiente para producilas, mentres que o etileno limitaría este proceso, coas xiberelinas xogando un papel menos determinante nos procesos de enraizamento do material adulto. Os experimentos con NPA e PBZ, con EGTA e maila acción promotora do enraizamento do $AgNO_3$ demostraron que non soamente as auxinas son necesarias para o enraizamento, senón que máis importante aínda é asegura-lo mantemento do seu transporte polar (Strader *et al.*, 2009) independentemente do estado ontoxenético dos tecidos.

Máis aló do enraizamento, a mellora na saúde xeral dos explantes e na calidade do sistema radicular producida durante diversos experimentos – coa redución na concentración do AIB, coa adición de 3,4-MDPU ou coa adición de H_2O_2 – parece descansar sobre a modificación do balance entre as auxinas e as citoquininas.

Polo tanto, ademais dos efectos das xiberelinas – no material xuvenil – e do etileno – nos tecidos adultos – parecen ser factores chave no desenvolvemento de raíces adventicias tanto antes como despois do cambio de fase o transporte polar de auxinas, a acción do calcio e mailo balance entre auxinas e xiberelinas. Deste xeito, é preciso profundar no coñecemento destes factores e, sobre todo, estuda-los procesos que suceden durante o cambio de fase – probabelmente a través da acción dos miRNAs e de modificacións epixenéticas – para dilucidar que leva ás xiberelinas a perde-lo seu papel dominante en favor da regulación mediada polo etileno no enraizamento adventicio do castiñeiro.

5.11 Análise transcritómica da resposta dos rebentos ao corte

É sabido que o efecto do corte é un dos precursores na indución do enraizamento adventicio. Ademais, no sistema de enraizamento adventicio estabelecido para o castiñeiro, o corte é unha acción ineludíbel xa que é precisa a eliminación do calo basal para facilita-la absorción das auxinas e doutros compostos. Polo tanto, o elemento de corte vai estar sempre presente na indución do enraizamento nesta especie. Cómpre por tanto compara-los procesos xenéticos que se desencadean como resposta ante o estrés do corte. Para avaliar estes efectos compáraronse os transcritos expresados após o corte e cotexáronse cos expresados á fin do ciclo de multiplicación, antes do tratamento de corte. Ademais, diversos traballos suxiren que o corte é un estrés necesario para a indución de raíces adventicias en diferentes especies (da Costa *et al.*, 2013; Druege *et al.*, 2019) xa que pode levar a un aumento nos niveis de auxina endóxena (De Klerk *et al.*, 2011). Entre os xenes que se expresan de xeito diferencial como resposta ante o

USC DE COMPOSTELA

corte atópanse varios relacionados co etileno. Están promovidos xenes involucrados na súa síntese, como o *ACO1*, diferentes membros da ruta de sinalización, como o *EIN3* e membros da familia *ERF* e da subfamilia *RAP2* coñecidos por seren inducidos como resposta ante factores causantes de estrés abiótico como o corte (Savatin *et al.*, 2014; Moore *et al.*, 2022). Ademais dos xenes relacionados co etileno tamén se viu promovida a expresión de *O zeatin O-glucosyltransferase-like*, un xene implicado na síntese de zeatina. Esta citoquinina é promotora da división celular, polo que a súa activación tralo corte pode se-lo factor determinante na proliferación celular que dá lugar á formación do calo (Ikeuchi *et al.*, 2017; Chang *et al.*, 2023). Exprésanse tamén diferentes xenes implicados na biosíntese de monolignol, a molécula na que se alicerza a síntese de lignina así como diferentes membros da familia das peroxidases (Minibayeva *et al.*, 2009) e das lacases, relacionadas coa oxidación do monolignol para formaren lignina (Liu, 2012). Relacionado coa lignificación tamén se detectou nesta tese a expresión do factor de transcrición *MYB63-like* (Zhou *et al.*, 2009) polo que cabe espera-la formación dun calo lignificado como resposta ao estrés producido polo corte (Gao *et al.*, 2023), condición que diminúe a capacidade dos rebentos para formar raíces adventicias (Chang *et al.*, 2023). Así, o tratamento de corte promove unha serie de mecanismos relacionados coa defensa da planta ante a aplicación do estrés e podería aumenta-la sensibilidade dos tecidos a sinais indutoras e predispo-la planta cara unha resposta morfoxenética.

Ademais da activación de xenes directamente relacionados co estrés tamén se atoparon sobre-expresados xenes codificadores dos transportadores da familia de proteínas *NRT1/PRT FAMILY (NPF).* Das tres proteínas NPF detectadas, a NPF 3.1 foi previamente relacionada co transporte das xiberelinas (David *et al.*, 2016; Tal *et al.*, 2016). Entre os transcritos sobre-expresados está o *zinc finger protein GIS2*, un factor de transcrición relacionado coa formación de tricomas, estruturas que xa demostraron ser promovidas como resposta a diferentes tipos de estrés como é o corte (Castro-Camba *et al.*, 2022b; Cunha *et al.*, 2023). A formación de tricomas, polo tanto, está relacionada *zinc finger protein GIS2* que se activa pola acción das xiberelinas (Zhou *et al.*, 2012). Deste xeito, a expresión diferencial de *NPF* e do *GIS2* parecen indicar unha maior acción das xiberelinas. Polo tanto, é posíbel que entre os efectos do corte se tope un aumento da acción das xiberelinas e, á luz dos resultados observados nos experimentos de enraizamento con GA_3, unha inhibición da capacidade de enraizamento dos rebentos xuvenís. Mais non só a acción das xiberelinas, senón tamén a síntese doutras moléculas represoras do enraizamento como a espermina (Tonon *et al.*, 2001) ou o GABA se sobre-expresaron após o corte no sistema aquí analizado. No caso do GABA, unha molécula represora do enraizamento adventicio (Xie *et al.*, 2020; Pei *et al.*, 2022), existe evidencia da súa acumulación tralo corte como estratexia das plantas para loitar contra o estrés (Bown e Shelp, 2016; Scholz *et al.*, 2017) o que vén a confirma-los efectos aquí expostos.

Por outra banda, tamén aparecen expresados xenes que, *a priori*, estarían relacionados cunha promoción do enraizamento e do desenvolvemento radicular. Entre eles destacan a proteína PIN-LIKES 3-like, que codifica unha proteína transportadora das auxinas, diversos membros da família das glutatión S-transferases, implicadas na formación de raíces laterais (Jiang *et al.*, 2010) ou o *LOB domain-containing protein 16* de resposta a auxina (Grimplet *et*

al., 2017), relacionado coa formación de raíces adventicias (Lee *et al.*, 2019), raíces laterais (Schiessl *et al.*, 2019), mais tamén coa formación de calo (Zhang *et al.*, 2020b). Polo tanto, estes datos parecen indica-la expresión previa de xenes precisos para o desenvolvemento radicular unha vez os tecidos sexan expostos aos tratamentos indutores.

Após o corte, polo tanto, parecen expresarse familias implicadas en diferentes rutas biolóxicas con potencial tanto para promover como para inhibi-lo enraizamento adventicio. Deste xeito, a comprensión das rutas implicadas permite a súa modificación para inclina-lo balance cara o enraizamento ou cara a formación de calo. O corte parece entón ser un paso necesario para a des-diferenciación e a entrada a novas rutas morfoxenéticas. A pesar de non ser suficiente para que os tecidos sexan competentes para o enraizamento adventicio, o corte predisponos para acadar esta capacidade ante o estímulo das auxinas, a pesar de que o material xuvenil e adulto pode diferir nos elementos precisos para adquirir esta capacidade.

Porén, os cambios na expresión xénica producidos polo corte poden variar tralo cambio de fase, e iso pode dar lugar ó pulo ou represión da expresión de xenes que modifiquen as respostas posteriores ante as auxinas. Así, comparáronse os xenes expresados tralo tratamento de corte en material adulto cos expresados baixo este tratamento en material xuvenil. Entre os xenes promovidos polo cambio de fase atópanse factores de resposta ao etileno ou diversos xenes implicados na síntese de monolignol. Polo tanto, do mesmo xeito que ao compara-lo tratamento do corte co estado da planta no tempo 0, isto parece apuntar a unha maior lignificación dos tecidos e unha maior cantidade de xenes de resposta ao estrés. Ademais destes xenes tamén se corroboraron os datos de Vielba *et al* (Vielba *et al.*, 2022) ao identificar tamén *ABSCISIC ACID-INSENSITIVE 5-like protein 3* e diferentes membros da familia de factores de transcrición MADS-box o que confirma que tanto o ABA como os MADS-box reprimen as respostas morfoxenéticas e alicerzan a perda de competencia para a formación de raíces adventicias após o cambio de fase.

5.12 Xenes expresados de xeito diferencial tralo tratamento do castiñeiro xuvenil con xiberelinas

Nos experimentos realizados ao longo da presente tese observouse unha redución na competencia para a formación de raíces adventicias en material xuvenil trala adición de xiberelinas no medio de enraizamento. Os poucos rebentos que foron quen de enraizar formaron menos raíces pro máis longas. A inhibición das xiberelinas endóxenas co PBZ, sen presenza de auxinas no medio, foi quen de promove-lo enraizamento adventicio, con raíces máis curtas e sen raíces secundarias. Porén, aínda que non se aplicasen auxinas directamente no medio de cultivo, experimentos con NPA demostraron que a promoción do enraizamento adventicio causado polo PBZ é dependente do transporte polar de auxinas. Sábese polo tanto que o PBZ e o AIB son suficientes para promove-la formación de raíces adventicias e pódese supoñer que ámbolos dous procesos actúan a través do transporte polar de auxinas. Por iso, para dilucida-los xenes implicados na adquisición desta competencia, os DEGs que se expresaban de forma conxunta nos tratamentos con AIB e con PBZ comparáronse co estado da planta após o corte, que é condición necesaria mais non suficiente para o enraizamento. Entre estes xenes comúns

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

destacaron dous xenes relacionados coas auxinas: o *Cs22D-like* e mailo *probable auxin efflux carrier component 1b*. O *Cs22D-like* foi recentemente identificado como un xene da familia dos *AUX/IAA* que media en diversos procesos biolóxicos como a floración (Xu *et al.*, 2016a) ou a frutificación (Su *et al.*, 2021) mais a súa función concreta ou modo de actuación aínda está por esclarecer. No caso do *probable auxin efflux carrier component 1b* é un xene implicado na síntese dun compoñente da proteína PIN1, un transportador de auxinas relacionado coa indución de raíces en especies leñosas como a papaia (Estrella-Maldonado *et al.*, 2016) ou a oliveira (Velada *et al.*, 2020). Tralos tratamentos con AIB ou PBZ tamén se identificaron outros xenes relacionados con hormonas como a *zeatin O-glucosyltransferase-like*, que se identificou no meristema radicular e nos primordios de raíces laterais (Shang *et al.*, 2016), ou a *basic form of pathogenesis-related protein 1-like*, relacionada coa resposta ante o ácido salicílico (Gu *et al.*, 2002). O ácido salicílico demostrou promove-lo enraizamento adventicio e o número de raíces formadas mentres que diminuía a súa lonxitude (Bagautdinova *et al.*, 2022) por medio da modificación na distribución de auxinas (Pasternak *et al.*, 2019).

A pesar de que o AIB e o PBZ foron quen de induci-lo enraizamento adventicio, o tratamento con AIB mostrou un meirande número de primordios radiculares desenvolvidos. Por iso, os DEGs observados nas mostras tratadas con AIB ao se compararen cos producidos polo PBZ, para desentraña-los xenes chave na promoción dun maior número primordios radiculares. Entre os xenes expresados de xeito diferencial identificáronse xenes relacionados coa síntese e a sinalización do etileno, como o *RAP2.12*. A promoción dos xenes de sinalización do etileno xa se observou durante a fase de indución do enraizamento do té e o factor de transcrición *RAP2.12* parece estar implicado na des-diferenciación e na re-diferenciación da raíz nesta especie (Gao *et al.*, 2019). No estudo previo de Valladares *et al*. (Valladares *et al.*, 2020) non se observou variación algunha na expresión do *RAP2.12* ante o estímulo con auxinas. Así, no castiñeiro, este factor de transcrición podería estar sendo promovido pola acción das xiberelinas, como sucede noutros procesos do desenvolvemento (Marín-de La Rosa *et al.*, 2014). Tamén se expresaron de xeito diferencial diversos xenes de resposta a auxinas como o *probable indole-3-acetic acid-amido synthetase GH3.1*, implicado na homeostase desta hormona (Staswick *et al.*, 2005) ou varios membros da familia *AUX/IAA*, que actúan inhibindo a transcrición de xenes activados polos ARF (Luo *et al.*, 2018). Entre os xenes da familia *AUX/IAA* detectáronse o comentado *Cs22D* ou o *IAA27*, relacionado cunha meirande cantidade de raíces adventicias en maceira (Zhao *et al.*, 2022a). Pola contra, tamén se detectou a expresión de *IAA9* e *IAA17*, que reducen a capacidade de enraizamento de *Arabidopsis* (Lakehal *et al.*, 2019). Amais dos xenes directamente relacionados coa acción hormonal foron identificados outros xenes, como os implicados na formación de ascorbato, que ao ser aplicado sobre estacas de buganvílea menor amosou un maior número de raíces adventicias desenvolvidas. Tamén se atopou unha promoción da expresión do factor de transcrición *MYB114-like*, que fora relacionado co enraizamento adventicio inducido polo estrés oxidativo (Li *et al.*, 2017) e do *LOB domain-containing protein 16*, unha proteína relacionada co inicio do desenvolvemento de raíces adventicias (Liu *et al.*, 2018b) e aumento do seu número e lonxitude en maceira (Zhao

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

et al., 2022a). Houbo tamén un aumento na expresión do *cyclin-D3-3-like*, un xene implicado na división celular e na elongación das raíces (Wang e Ruan, 2013).

A acción das xiberelinas reduciu o número de rebentos con capacidade de enraizar mais produciu raíces máis longas. Por conseguinte, estudáronse os xenes expresados de xeito diferencial entre as mostras tratadas con AIB + GA_3 en comparanza coas tratadas só con AIB, que produciu raíces máis curtas. Deste xeito identificáronse as familias de xenes implicadas na elongación radicular como consecuencia da adición de xiberelinas. O tratamento con xiberelinas promoveu a expresión de dúas pectato liases, coñecidas pola súa capacidade para a degradación da pectina (Uluisik e Seymour, 2020). Así, as xiberelinas poden causa-la debilitación da parede celular ou desestabiliza-la formación de nova parede, o que permite a elongación das raíces. Por outra banda detectouse a expresión diferencial de *probable cinnamyl alcohol dehydrogenase 1*, un promotor da lignificación das raíces e inhibidor do crecemento radicular (Lima *et al.*, 2013; Salvador *et al.*, 2013). Deste xeito, a acción das xiberelinas pode promove-la elongación das raíces degradando a pectina da parede celular e a un tempo pode promove-la lignificación para evita-la completa desaparición da mesma e asegura-la integridade do sistema vascular da raíz, nun balance entre degradación e lignificación. Tamén se viu promovida a expresión do *cyclin-D3-3-like*, un xene implicado no ciclo e máis na división celular que xa se detectara na comparanza entre o tratamento con AIB e o tratamento con PBZ polo que esta ciclina pode estar implicada na promoción da elongación radicular mediada polas xiberelinas.

As xiberelinas promoveron a expresión de diversos xenes relacionados coa nutrición mineral como foron o *potassium transporter 5-like* ou o probable *calcium-binding protein CML13*, relacionados co transporte do potasio e a sinalización do calcio, respectivamente. Esta modulación da acción dos minerais pode ter efectos no desenvolvemento da raíz xa que tanto o potasio (Tahir *et al.*, 2021) como o calcio (Hepler, 2005) teñen un efecto positivo sobre o enraizamento adventicio e o crecemento das raíces formadas. Diversos membros dos xenes que codifican a familia das glutatión-transferases foron tamén expresados de xeito diferencial trala adición de xiberelinas. Esta pode ser unha vía pola cal as xiberelinas aumentan a lonxitude das raíces (Espunya *et al.*, 2006). O uso de xiberelinas en combinación con AIB tamén produciu unha expresión diferencial dos xenes relacionados coa síntese de espermidina. Noutras especies como o repolo de Kerguelen (Hummel, 2002) ou o piñeiro de Virxinia (Tang e Newton, 2005) a espermidina promoveu unha maior división celular que conduciu a unha elongación da raíz primaria. Estes resultados suxiren que as xiberelinas tamén poden impulsa-la elongación radicular por medio dun aumento na expresión deste tipo de poliaminas, unha sinerxía xa demostrada noutros procesos biolóxicos como o desenvolvemento floral (Xu *et al.*, 2022).

Con respecto a xenes implicados na sinalización e transporte hormonal, a adición de xiberelinas no medio con AIB aumentou a expresión de xenes relacionados coas auxinas tales como o *auxin-responsive protein SAUR21*, un membro da familia SAUR, e SAUR19 implicada nunha maior lonxitude das raíces producida por unha promoción da expansión celular (Spartz *et al.*, 2012) ou o *auxin-responsive protein IAA14*, que explicaría a menor cantidade de raíces

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

laterais tralo tratamento con xiberelinas (Fukaki *et al.*, 2005). Pola contra, tamén parece estar inducida a expresión do importador de auxinas *LAX3*, implicado na promoción deste tipo de raíces (Swarup *et al.*, 2008) polo que é posíbel que este transportador de auxinas se sobre-exprese para intentar transportar unha meirande cantidade desta hormona para promove-las raíces laterais e para desactiva-la proteína represora IAA14. A adición de xiberelinas no medio de enraizamento tamén induce a expresión da *gibberellin 2-beta-dioxygenase 1*, o que indica que a presenza deste regulador do crecemento desata a existencia dun mecanismo de retroalimentación que limita os efectos desta hormona (Liu *et al.*, 2021).

5.13 Análise dos xenes expresados de xeito diferencial ante a inhibición do etileno en castiñeiro adulto

Durante os experimentos realizados con etileno observouse que esta hormona reducía a capacidade de formar raíces adventicias e maila calidade do sistema radicular en material adulto de castiñeiro mentres que na liña xuvenil non se apreciou ningún efecto a nivel fisiolóxico. Neste caso compáraronse os tratamentos de AIB co corte, para identifica-los xenes implicados na formación de raíces adventicias relacionados coa auxina. A adición de AIB no medio de cultivo ocasionou un aumento na expresión do xene que codifica o transportador de auxinas PIN1, o que pode favorece-lo enraizamento adventicio por dúas vías; pola propia acción das auxinas (Liu *et al.*, 2014a) e polo aumento na biosíntese de flavonoides que se observa após o tratamento con auxinas (Kurepa *et al.*, 2023) e que aumenta o enraizamento en *Eucalyptus* (Di Battista *et al.*, 2019) ou oliveira (Denaxa *et al.*, 2020). As auxinas aumentan tamén a expresión de diversas glutatión-transferases que parecen estar implicadas no desenvolvemento radicular por medio da regulación das proteínas PIN (Koprivova *et al.*, 2010). Acompañando a esta promoción do sistema radicular desátanse potenciais bucles de retroalimentación para limita-la acción da auxina, cuxo transporte é reprimido pola acción dos flavonoides (Kurepa *et al.*, 2023), e tamén para a desactivación da propia síntese de flavonoides producida pola acción de *MYB4-like* (Wang *et al.*, 2020). Porén, tamén parece estar expresado, probabelmente como consecuencia do corte previo ao tratamento con auxina, o RAP2.3, un factor de transcrición relacionado co etileno. Tralos resultados observados nos experimentos de enraizamento pódese suxerir que a promoción de factores de transcrición relacionados con esta hormona está a limita-la calidade do enraizamento.

Os xenes sobre-expresados ao compara-las mostras pre-tratadas con STS coas non pre-tratadas antes do traamento con auxina dá conta dos xenes que permiten mellora-la calidade do sistema radicular, cunha meirande cantidade de raíces, máis longas e coa presenza de raíces secundarias. Entre os xenes reprimidos polo etileno e que estarían relacionados coa mellora da calidade das raíces atópanse o *ABC transporter G family member 11-like*, un transportador exportador que foi relacionado co desenvolvemento vascular (Le Hir *et al.*, 2013), a glutatión-transferase, ou represor da transcrición MYB6. O MYB6 inhibe en álamo a formación da parede celular secundaria (Wang *et al.*, 2019). É sabido que a parede celular secundaria se forma unha vez cesa a expansión celular dos tipos celulares especializados (Zhong *et al.*, 2019) polo que a súa inhibición por medio de MYB6 indica que o STS permite a expansión celular e,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

polo tanto, sería unha das formas nas que a inhibición do etileno participa na elongación das raíces que se observou a nivel fisiolóxico. Amais destes tamén destacan xenes implicados na síntese de ácido ascórbico, que estimula o enraizamento (de Cabo *et al.*, 1996), a elongación radicular e a organización do centro quiescente (Bilska *et al.*, 2019). Tamén aparecen sobre-expresados xenes implicados na síntese de flavonoides, un *probable calcium-binding protein CML41* que impulsa a acción do calcio para mellora-lo enraizamento adventicio (Niu *et al.*, 2017) e tamén o transportador do amonio *ammonium transporter 2-like*, que demostrou ser necesario para o desenvolvemento das raíces e a formación de raíces secundarias (Hao *et al.*, 2020; Amghar *et al.*, 2021). Trala inhibición da acción do etileno coa aplicación de tiosulfato de prata, detectouse a expresión diferencial de *DNA (cytosine-5)-methyltransferase CMT3-like*, unha metiltransferase que está implicada no silenciamento epixenético (Pavlopoulou e Kossida, 2007; Deng *et al.*, 2016). Isto suxire que, ademais da inhibición física por parte dos ións de prata, o STS pode reprimi-los xenes inducidos pola acción do etileno mediante a modificación do estado epixenético.

5.14 Efecto das xiberelinas no enraizamento e na expresión xénica en P2Rb

Nas análises levadas acabo durante esta tese caracterizáronse xenes relacionados coa acción das auxinas, como por exemplo a expresión diferencial do xene *Cs22D-like*. Este xene fora identificado en diversos estudos de transcritómica mais até o de agora as súas funcións non están dilucidadas. A tal hora a expresión deste xene foi descrita durante o proceso de desenvolvemento do froito en cogombro (Su *et al.*, 2021) ou albaricoqueiro (Manganaris *et al.*, 2011), durante a maduración da flor de piñón manso (Xu *et al.*, 2016a), como resposta ante o estrés biótico (Ortiz *et al.*, 2019) ou abiótico (Krishnamurthy *et al.*, 2017) e participando na embrioxénese somática de eucalipto (Xiao *et al.*, 2020). Así, a expresión deste xene foi recentemente relacionada coa adquisición da capacidade de enraizamento (Fu *et al.*, 2023) e no desenvolvemento das raíces (Wu *et al.*, 2021). A expresión deste xene en rebentos de castiñeiro tratados con AIB foi superior á expresión dos tratados con PBZ, e a expresión dos rebentos tratados con PBZ foi superior á dos rebentos que só sufriron o estrés do corte A nivel fisiolóxico observouse que os rebentos tratados con PBZ acadaron taxas de enraizamento do 40% e os tratados con AIB enraizaron no 100% dos casos. O aumento da expresión tralo tratamento con AIB foi observado recentemente en maceira (Meng *et al.*, 2019). Ademais, esta correlación directa da expresión do xene coa porcentaxe de enraizamento suxire unha promoción do enraizamento mediada polo nivel de expresión do *Cs22D-like*. A caracterización do *Cs22D-like* como un membro dos *AUX/IAA* en conxunto cos datos fisiolóxicos obtidos indica que, en presenza de auxina, o *Cs22D-like* bloquea a expresión de xenes implicados na represión do enraizamento por parte das xiberelinas endóxenas o que mellora a formación de raíces. Por outra banda, tamén se analizou a expresión do *LOB domain-containing protein 16*, un xene implicado na indución de raíces adventicias e laterais así como na formación do calo basal (Liu *et al.*, 2018b; Zhang *et al.*, 2020b). Así, os niveis de expresión aumentaron tanto no tratamento con AIB como no tratamento AIB + GA_3 en comparación cos rebentos cortados e sen tratar, mais non houbo diferenza de expresión entre os rebentos tratados con AIB e os rebentos nos

USC DE COMPOSTELA

que se aplicaron xiberelinas. Isto contrasta cos resultados obtidos en papaia, onde o tratamento con GA_3 aumentou tanto a formación de raíces laterais como a expresión de *LOB16* (Zhou *et al.*, 2023b). O xene *LOB16* co-exprésase co *LAX3* (Lee *et al.*, 2015), un importador de auxinas inducido polas xiberelinas segundo os datos obtidos da transcritómica. Deste xeito, a pouca cantidade de raíces laterais desenvolvidas nos rebentos de castiñeiro tratado con AIB + GA_3 suxire que o *LOB16* non é a vía principal de desenvolvemento de raíces laterais nesta especie. Destaca que, para ámbolos dous xenes, tanto o efecto promotor do PBZ sobre o *Cs22D* como o efecto inhibidor das xiberelinas sobre a expresión do *LOB16* se acentúan nas 72 h, polo que as xiberelinas poderían actuar durante a fase de iniciación das raíces.

Tralas análises transcritómicas identificáronse diferentes xenes relacionados coa acción das xiberelinas. Un deses xenes foi o *GID1b*, un xene que codifica un receptor de xiberelinas (Ueguchi-Tanaka *et al.*, 2008). O outro xene analizado foi o *GID2*, implicado na degradación das proteínas DELLA como fase da sinalización de xiberelinas (Sasaki *et al.*, 2003; Gomi *et al.*, 2004). Ámbolos dous xenes seleccionados foron analizados nos rebentos tratados con AIB, con AIB + GA_3 e con PBZ e a súa expresión foi comparada coa dos rebentos control sen suplemento hormonal. Deste xeito, observouse que o tratamento con xiberelinas diminuíu a expresión do receptor das xiberelinas *GID1b* con respecto ao tratamento con AIB, un resultado que coincide cos obtidos en *Arabidopsis* (Middleton *et al.*, 2012). Tamén se observou unha inhibición do *GID1b* a respecto do tratamento de corte, máis esta só foi estatisticamente significativa ás 72 h. De xeito contrario, a inhibición das xiberelinas por parte do PBZ produciu un aumento na expresión deste xene, do mesmo xeito que ocorreu en *Pinus tabuliformis* (Du *et al.*, 2017). Ámbolos dous resultados foron confirmados en experimentos con tomate (Illouz-Eliaz *et al.*, 2019) o que suxire a existencia dun bucle de retroalimentación que favorece a expresión dos receptores de xiberelinas ante a falta desta hormona e unha baixada na súa expresión como resposta ante o exceso de hormona. Unha vez as xiberelinas son detectadas por un receptor, estas adoitan actuar a través da degradación das proteínas DELLA, que en condicións normais reprimirían a resposta ante esta hormona (Castro-Camba *et al.*, 2022a). Un factor chave da degradación das proteínas DELLA mediada polas xiberelinas é o GID2, unha proteína con caixa F que fai parte do complexo SCF E3, encargado desta eliminación (Gomi *et al.*, 2004). Isto suxire que un aumento no contido de xiberelinas debería levar a un aumento da expresión dos niveis de GID2 ou podería desatar un bucle de retroalimentación como o observado no caso do receptor GID1b. Este sistema de retroalimentación foi descrito a partir de estudos transcritómicos levados a cabo en soxa (Han *et al.*, 2020b), tomate (Tang *et al.*, 2015) ou *Chimonanthus praecox* (Zhu *et al.*, 2022). Porén, nos datos obtidos durante a presente tese a expresión do xene *GID2* foi constante ao longo dos diferentes tratamentos e durante os diversos tempos. Esta ausencia de flutuacións na expresión do *GID2* trala adición de GA_3 ou trala súa inhibición por PBZ indican a existencia dun modelo de sinalización das xiberelinas independente da proteína GID2 e da degradación das proteínas DELLA. Isto viría a confirma-la hipótese proposta por Ueguchi-Tanaka para o arroz (Ueguchi-Tanaka *et al.*, 2008) e apoiada tamén nos estudos realizados en lirio dos finados (Zhu *et al.*, 2016). Este modo de actuación tamén corroboraría os cambios observados na expresión do receptor GID1b xa que é este

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

receptor o que parece mediar na sinalización das xiberelinas nesta ruta non proteolítica, que non precisa da degradación das proteínas DELLA (Hauvermale *et al.*, 2014).

A relación entre as xiberelinas e o etileno é complexa, mais no caso das raíces estas dúas hormonas parecen ter un comportamento antagónico (Castro-Camba *et al.*, 2022a). Nas análises levadas a cabo nos rebentos da liña de castiñeiro P2Rb analizouse a expresión do factor de resposta ao etileno *RAP2.3* nas mostras tratadas con PBZ ou sen tratar. Observouse que a inhibición das xiberelinas por medio do PBZ sempre producía niveis de expresión superiores aos dos rebentos non tratados. A proteína RAP2.3 está implicada na inhibición do óxido nítrico (León *et al.*, 2020), unha molécula que está implicada na diminución da elongación radicular a pesar da acción das xiberelinas (Wu *et al.*, 2014a). Os rebentos enraizados con PBZ teñen unha lonxitude menor que aqueles enraizados con AIB ou con AIB + GA_3 mais son quen de se desenvolver a pesar da inhibición das xiberelinas, que xogan un importante papel na elongación radicular. Á luz dos resultados observados, a elongación das raíces formadas nos rebentos tratados con PBZ pode ser causada non pola acción das xiberelinas senón pola inhibición do óxido nítrico producida pola activación de RAP2.3.

5.15 Efecto do etileno no enraizamento e na modulación xénica en P2C

Os resultados obtidos no presente estudo suxiren que a sinalización do etileno está implicado na represión do enraizamento adventicio de material adulto de castiñeiro. A adición de compostos que aumentan o contido en etileno influenciaron directamente os xenes de sinalización e síntese de etileno. Os rebentos de P2C tratados con ACC, un precursor do etileno, amosaron un incremento significativo na expresión tanto do *CsACS1-like* e do *CsACO1-like* ao tempo que diminuía o enraizamento neste material. O ACC desatou un sistema de retroalimentación positivo na expresión de *CsACS1-like* que durou a lo menos cinco días desde o inicio do tratamento. Este xene codifica unha enzima que cataliza a conversión da S-adenosil-l-metionina (SAM) en ACC, que se transformará en etileno grazas á acción da enzima *ACO*. Así, en rebentos maduros, o ACC induce un incremento na súa propia síntese. A existencia destes bucles de retroalimentación positiva xa foi descrita noutras especies (Choudhury *et al.*, 2008; Vandenbussche *et al.*, 2012). Recentemente, diversos estudos suxiren que o ACC podería formar parte de rutas de sinalización por si só, non só polo seu papel como precursor do etileno. Esas rutas descritas están relacionadas con procesos de desenvolvemento e respostas ao estrés, para as que se suxiren posíbeis transportadores de ACC (Polko e Kieber, 2019). Porén, o efecto do ACC na expresión dos xenes de biosíntese de etileno suxire que debe se-la ruta do etileno a empregada polo ACC no noso sistema.

Por outra parte, tanto o tratamento con AIB como o tratamento con AIB + $AgNO_3$ reducen a expresión dos xenes relacionados coa síntese do etileno, nomeadamente ás 24h, o que indica que un menor contido de etileno mellora a respostas relacionadas co enraizamento en rebentos adultos, polo que xoga un importante papel durante a fase de indución. A expresión do xene *CsEIN2*, un compoñente que se atopa na cerna da sinalización do etileno, modificouse en función dos tratamentos, cunha maior expresión nas mostras con meirande cantidade de etileno

e cunha menor expresión baixo os tratamentos que inhibiron a acción do etileno. O *EIN2* modula a actividade dos factores de transcrición de resposta ao etileno (ERFs). No noso sistema experimental os niveis do ARNm de *CsEIN2* estiveron claramente relacionados coas respostas rizoxénicas dos rebentos adultos xa que a inhibición da sinalización do etileno, e polo tanto a baixada na expresión de *CsEIN2* induciu un sistema radicular máis desenvolvido. En *Arabidopsis*, o tratamento con ACC + AIB reduciu o número de raíces adventicias formadas, coa interacción antagónica entre o *AtEIN2* e o xene *AtCOI1* de sinalización dos xasmonatos como resposta ao AIB (Betti *et al.*, 2019). Amais, o *EIN2* tamén parece controla-los xenes relacionados co etileno inducindo a acetilación das histonas, o que aumenta a rapidez da regulación transcricional (Zhang *et al.*, 2017). Os nosos datos apoian esta idea dun control rápido e dinámico xa que o *CsERF3* amosou un patrón de expresión paralelo ao do *CsEIN2*. Porén, outros estudos, ao contrario dos nosos resultados, amosan que o *ERF3* ten un papel promotor da formación de raíces adventicias en especies como álamo a través do seu vencello coa sinalización das auxinas (Trupiano *et al.*, 2013; Wang *et al.*, 2022b). O factor de transcrición *RAP2.12* pertence ao grupo VII de ERFs e a súa actividade está ligada a respostas específicas ante o estrés oxidativo ou a condicións de baixo nivel de oxíxeno (Papdi *et al.*, 2015; Gasch *et al.*, 2016) e, en consecuencia, regulan o crecemento das raíces baixo estas condicións (Eysholdt-Derzsó e Sauter, 2017). Este factor de transcrición foi relacionado coa inhibición das raíces laterais en *Arabidopsis* (Shukla *et al.*, 2019) mentres que en castiñeiro non se atopou ningunha diferenza de expresión, o que confirma os resultados obtidos por Valladares *et al*. (Valladares *et al.*, 2020). Isto permite descarta-lo *RAP2.12* como o factor polo cal o etileno reprime a formación de raíces laterais.

O etileno e as auxinas, chaves na indución do enraizamento adventicio, interactúan en diversos procesos a varios niveis. O etileno parece influír no transporte das auxinas a través da modificación dos transportadores de auxinas (Veloccia *et al.*, 2016), imprescindíbeis para a formación de gradientes auxínicos que desencadeen o enraizamento (Li, 2021). A inhibición da acción do etileno tralo tratamento con AIB + $AgNO_3$ induciu a expresión do transportador *CsPIN1* ás 24 h de forma moito máis acusada que a indución producida polo AIB. A actividade dos transportadores PIN é crucial nos primeiros pasos do enraizamento adventicio como se observou, por exemplo, en maceira e té (Guan *et al.*, 2020; Hu *et al.*, 2023). Noutros sistemas experimentais o etileno tamén parece influencia-los procesos de rexeneración a través da modificación da distribución de auxinas, como no tomate de árbore (Neves *et al.*, 2023). Deste xeito o etileno, que parece bloquea-lo transporte de auxinas en tecidos maduros de castiñeiro, impide a formación do gradiente de auxinas necesario para a indución das raíces. As AUX/IAA son proteínas de sinalización das auxinas que actúan como represoras dos Factores de Resposta a Auxina para modula-la súa actividade (Li *et al.*, 2016). O *CsIAA29* parece estar implicado no desenvolvemento do sistema radicular de *Arabidopsis* (Tang *et al.*, 2022). Porén, en castiñeiro non se observou ningunha diferencia estatisticamente significativa entre os tratamentos en ningún tempo de aplicación.

Como se mencionou previamente, o *EIN2* pode actuar influíndo na acetilación das histonas. Así, o etileno podería bloquea-lo enraizamento do P2C mediante mecanismos epixenéticos. A

HDA14, unha histona desacetilase que incrementa a accesibilidade do ADN á maquinaria transcricional, non amosou diferenzas estatisticamente significativas entre as mostras tratadas independentemente do tempo no que se realizasen as análises. Isto concorda con estudos previos onde a acción do etileno non foi quen de inducir cambios na expresión desta desacetilase (Zhou *et al.*, 2005). Por outra banda, a expresión do *CsJMJ30* foi claramente influenciada polo etileno, con maior expresión nos explantes tratados con ACC e unha marcada inhibición tralo tratamento con $AgNO_3$. Esta demetilase de histonas, a *JMJ30*, promove a formación de calo en *Arabidopsis* trala indución dos xenes *AtLBD16* e máis *AtLBD29* (Lee *et al.*, 2018). Tamén parece xogar un papel na elongación das raíces en resposta ao ácido abscísico (Wu *et al.*, 2019), unha hormona cuxa síntese parece estar promovida pola acción do etileno (Li e Huang, 2011) e que está relacionada coa inhibición do crecemento radicular producida por esta última (Ma *et al.*, 2014). Amais, estudos recentes demostraron que o ácido abscísico é máis activo nos tecidos adultos de castiñeiro (Vielba *et al.*, 2022). O conxunto dos datos permite suxerir que o *CsJMJ30* pode integrar diferentes sinais para influír no comportamento recalcitrante dos tecidos adultos de P2C.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. CONCLUSIÓNS

The results presented in this work provided answers to the objectives formulated at the beginning of this thesis. Thanks to the study carried out, a contribution was made to expanding the knowledge of the mechanisms involved in the acquisition or loss of competence for adventitious rooting and its relationship with phase change. Potential molecular mechanisms that mediate these processes were also identified.

Below are the conclusions drawn after the study of chestnut adventitious rooting:

1. Substituting laboratory agar with locally produced commercial agar and sucrose with common sugar leads to a cost reduction of more than 80% while maintaining shoot proliferation rates and rooting quality.

2. The induction and development of adventitious roots in chestnut are influenced by factors such as oxidative stress or the action of minerals like calcium and can be modulated by using various substances, either synthetic (3,4-MDPU) or natural (Charkor).

3. A decrease in the concentration of IBA in the rooting medium improved the quality of shoots formed in juvenile chestnut material, with reduced callus formation and apical necrosis, without compromising the quality of the roots formed. Additionally, the inhibition of polar auxin transport through NPA reduced root formation in a dose-dependent manner.

4. The wounding effect and rooting treatments trigger a cascade of hormonal signaling primarily related to stress response pathways, notably involving ethylene and lignification.

5. The action of gibberellins reduces root formation in juvenile material primarily at 72 hours, during the root initiation phase, through the auxin signaling pathway and operating on rooting independently of *CsGID2*, in a signaling pathway alternative to the classical pathway in which DELLA proteins are degraded.

6. The action of paclobutrazol was able to induce root formation even in untreated juvenile shoots without auxins - which were previously considered essential for initiating this process - although it requires polar auxin transport to achieve this effect. The inhibition of endogenous gibberellins induces positive feedback mechanisms that promote the expression of GAs receptors *CsGID1b* in an attempt to compensate for the hormone deficiency.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

7. The percentage of rooted shoots and the quality of the root system in adult chestnut were improved by using AgNO3 to inhibit the action of ethylene. Ethylene induces a positive feedback system that increases its own synthesis and reduces the rooting rate and the quality of the roots formed – always in the presence of auxins in the medium – while the use of AgNO3 has the opposite effects, not only at a physiological level but also at a molecular level.
8. Inhibiting ethylene allows for the improvement of the root system through the promotion of auxin transport – via the *CsPIN1* transporter – and epigenetic regulation – via the action of the *CsJMJ30* gene.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Abarca, D., 2021. Identifying Molecular Chechkpoints for Adventitious Root Induction: Are We Ready to Fill the Gaps? Frontiers in Plant Science 12. https://doi.org/10.3389/fpls.2021.621032

Abas, L., Kolb, M., Stadlmann, J., Janacek, D.P., Lukic, K., Schwechheimer, C., Sazanov, L.A., Mach, L., Friml, J., Hammes, U.Z., 2021. Naphthylphthalamic acid associates with and inhibits PIN auxin transporters. Proceedings of the National Academy of Sciences 118. https://doi.org/10.1073/pnas.2020857118

Abdalla, N., El-Ramady, H., Seliem, M.K., El-Mahrouk, M.E., Taha, N., Bayoumi, Y., Shalaby, T.A., Dobránszki, J., 2022. An Academic and Technical Overview on Plant Micropropagation Challenges. Horticulturae 8, 677. https://doi.org/10.3390/horticulturae8080677

Abdouli, D., Soufi, S., Bettaieb, T., Werbrouck, S.P.O., 2023. Effects of Monochromatic Light on Growth and Quality of Pistacia vera L. Plants 12, 1546. https://doi.org/10.3390/plants12071546

Abdullah, A.T.M., Hossain, M.A., Bhuiyan, M.K., 2006. Clonal propagation of guava (Psidium guajava Linn.) by stem cutting from mature stockplants. Journal of Forestry Research 17, 301–304. https://doi.org/10.1007/s11676-006-0069-2

Abousalim, A., Mantell, S.H., 1994. A practical method for alleviating shoot-tip necrosis symptoms in in vitro shoot cultures of Pistacia vera cv. Mateur. Journal of Horticultural Science 69, 357–365. https://doi.org/10.1080/14620316.1994.11516465

Abu-Abied, M., Szwerdszarf, D., Mordehaev, I., Levy, A., Stelmakh, O.R., Belausov, E., Yaniv, Y., Uliel, S., Katzenellenbogen, M., Riov, J., Ophir, R., Sadot, E., 2012. Microarray analysis revealed upregulation of nitrate reductase in juvenile cuttings of Eucalyptus grandis, which correlated with increased nitric oxide production and adventitious root formation. The Plant Journal 71, 787–799. https://doi.org/10.1111/j.1365-313X.2012.05032.x

Abu-Abied, M., Szwerdszarf, D., Mordehaev, I., Yaniv, Y., Levinkron, S., Rubinstein, M., Riov, J., Ophir, R., Sadot, E., 2014. Gene expression profiling in juvenile and mature cuttings of Eucalyptus grandis reveals the importance of microtubule remodeling during adventitious root formation. BMC Genomics 15. https://doi.org/10.1186/1471-2164-15-826

Achard, P., Gusti, A., Cheminant, S., Alioua, M., Dhondt, S., Coppens, F., Beemster, G.T.S., Genschik, P., 2009. Gibberellin Signaling Controls Cell Proliferation Rate in Arabidopsis. Current Biology 19, 1188–1193. https://doi.org/10.1016/j.cub.2009.05.059

